



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL en Pleno o 31 de xullo de 2020

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 31 de xullo de 2020, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

Información e actas

- [1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 6/20 do 26 de xuño](#)
- [2. Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 20 de xuño ata o 24 de xullo de 2020](#)

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

- [3. Aprobación da modificación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a Programación do ano 2020.](#)
- [4. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Mantemento xeral da vivenda tutelada, anualidade 2020, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña \(PRAM\)](#)
- [5. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Mantemento xeral da casa de acollida, anualidade 2020, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña \(PRAM\)](#)

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

- [6. Aprobación dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela en materia de protección civil e emerxencias co fin de colaborar nos gastos da adquisición dun vehículo todo camiño, un todoterreo e un furgón](#)

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

- [7. Aprobación do Plan de Conservación de Vías Provinciais 2020, quinta fase](#)
- [8. Aprobación do Plan de Sendas Peonis 2020, primeira fase](#)
- [9. Aprobación definitiva do proxecto DP 5811 Oleiros a Coruxo de Arriba. Travesía ramal rúa do Souto \(Oleiros\) - Plan de Travesías 2019 3ª Fase](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

10. Aprobación o texto e a formalización do Convenio de Colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e dos Illustres Colexios de avogados e de procuradores de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de práctica xurídica da Universidade de Santiago nos departamento de urbanismo dos concellos da provincia e adquisición de material necesario para a súa execución na anualidade 2020

11. Aprobación da tramitación dun expediente de expropiación forzosa en relación cos bens e dereitos ocupados na finca 15031A025001350000OJ colindante co Monte Costa.

12. Aprobación do cambio de titularidade de treitos do antigo trazado da estrada dp 5401, Narón ao polígono do río do Pozo por castro, a favor do concello de Narón.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

13. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020, para o financiamento de gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles

14. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Primeira milla do Camiño Inglés"

15. Aprobación do convenio de cooperación interadministrativa entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Ares polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do "Proxecto básico e de execución da cuberta da cociña do Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro"

16. Aprobación do convenio de cooperación interadministrativa entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Pontedeume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do "Proxecto de acondicionamento de praza no Camiño Inglés"

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

17. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xuño de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de xuño de 2020.

18. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente ao segundo trimestre de 2020 e proxección a 31/12/2020.

19. Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2019.

20. Dación de conta da tramitación pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) das contas anuais do exercicio 2019.

21. Dación de conta do expediente de modificación de créditos de anulación da incorporación de remanentes núm. 2, de aprobación pola presidencia.

22. Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2019.

23. Dación de conta da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes (Consortio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2020, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información prevista na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

24. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao segundo trimestre de 2020, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

25. Dación de conta da información relativa as Retribucións do Persoal funcionario, eventual e da Corporación Provincial do exercicio 2019, rendida ao Ministerio de Facenda en cumprimento da Orden HAP2015/2012 do 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información establecidas na Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril- programa ISPA 2020

26. Dación de conta da Resolución de Presidencia número 20075 do 30/06/2020

27. Aprobación da proposta da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do oitavo mes de 2020

28. Aprobación definitiva do Regulamento do Parque Móbil e resolución de alegacións contra a aprobación inicial

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

29. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de CERCEDA, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 3-TORDOIA-CERCEDA", cuxa proposta de actuación está incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019

30. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de ORDES, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 2-ORDES", cuxa proposta de

actuación está incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019

31. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de OROSO, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 1-OROSO", cuxa proposta de actuación está incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019

32. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de TORDOIA, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 3-TORDOIA-CERCEDEA", cuxa proposta de actuación está incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019

33. Aprobación dunha modificación do Plan de Emprego Local (2020/2023) consistente na inclusión no programa PEL Concellos dunha nova liña de actuación: "Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños relativa a Concentración contra a lei Montoro e a regra de gasto

Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños relativa a Regata de Traíñeiras Bandeira da Deputación Provincial da Coruña

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, para instar ao Goberno de España a non apropiarse dos recursos das entidades locais

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre centros educativos.

Moción que presentan os grupos provinciais PSdeG-PSOE e BNG para propoñer o inicio dos trámites para transferir á Comunidade Autónoma de Galicia os centros educativos e asistenciais de menores

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre comisións de Abanca

ROGOS E PREGUNTAS

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL en Pleno o 31 de xullo de 2020.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 31 de xullo de 2020, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don José Luis Fernández Mouriño	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Dona Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Dn José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Non asisten:

Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
-------------------------------	------

Actúa como secretario: don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:10 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 6/20 do 26 de xuño

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 6/20, do 26 de xuño

2.- Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 20 de xuño ata o 24 de xullo de 2020

Dáse conta das resolucións da Presidencia desde o 20 de xuño ata o 24 de xullo de 2020

3.- Aprobación da modificación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a Programación do ano 2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a modificación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega, aprobado polo Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 29 de maio de 2020, correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a Programación do ano 2020, no senso de

Substituir a

Actividade 1: XXXIII Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Galego sen fronteiras. Cursos destinados a persoas de fóra de Galicia,

por

Actividade 1: Toponimia da provincia da Coruña.

Engadir a Actividade 4: *Sinalarium. Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*

2.- Aprobar o texto definitivo do convenio de acordo co seguinte:

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega para financiar a *Programación do ano 2020*.

Na Coruña, a

REUNIDOS

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____, en nome e representación da Real Academia Galega.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Real Academia Galega é unha institución científica, con personalidade xurídica propia, que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego, tal e como consta nos estatutos vixentes, aprobados por Real decreto 271/2000, do 25 de febreiro.

2.- De conformidade co artigo 2 dos Estatutos, son finalidades da Real Academia Galega:

- a) Establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua galega, conforme ao disposto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización lingüística en Galicia, do Parlamento de Galicia.
- b) Estudar e propoñer a restauración da onomástica galega.
- c) Velar polos dereitos do idioma galego.
- d) Defender e promover o idioma galego.
- e) Asesorar aos poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social.
- f) Estudar e dar a coñecer o patrimonio literario e documental da institución.
- g) Decidir a personalidade literaria á que cada ano se lle dedica o día das letras galegas.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Real Academia Galega**, con CIF: Q1568003F, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da *Programación do ano 2020*, que se indica deseguido:

Actividade 1: Toponimia da provincia da Coruña.

Actividade 2: Estudo sociolingüístico. “Prácticas lingüísticas na infancia nos principais contextos de socialización. Redacción e difusión de resultados.”

Actividade 3: Primavera das Letras.

Actividade 4: Sinalarium. Casa-Museo Emilia Pardo Bazán

Gastos indirectos.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Actividade 1: Toponimia da provincia da Coruña.

- 1 Técnico en toponimia [xornada completa, 5 meses]: etimoloxías concellos, atención reclamacións concellos toponimia oficial	10.437,25
- 1 Técnico en toponimia [xornada completa, 5 meses]: corrección de bases de datos microtoponimia, atención reclamacións concellos toponimia oficial	10.437,25

Total actividade 1: 20.874,50 €

Actividade 2: Estudo sociolingüístico. “Prácticas lingüísticas na infancia nos principais contextos de socialización. Redacción e difusión de resultados.”

- Técnica en sociolingüística a xornada completa, 8 meses: revisión teórica, análise de datos cuantitativos, análise de datos cualitativos e redacción de informe	14.394,32
- Asesor externo: análise de datos do apartado de educación non formal e familiar, asesoramento na extracción de conclusións finais e revisión do informe definitivo	1.500,00
- Colaborador externo: estudo de diferentes axentes na práctica lingüística na infancia	2.000,00
- Colaborador externo: transcripción de entrevistas do equip	

o directivo dos centros escolares	2.000,00
- Gastos de imprenta	400,00

Total actividade 2: 20.294,32 €

Actividade 3: Primavera das Letras.

- Fichas didácticas	9.801,00
- Material didáctico interactivo	5.203,00
- Organización e dinamización do certame 'Cóntanos o voso Día das Letras'	3.872,00
- Outros gastos (papelería e similares)	100,00

Total actividade 3: 18.976,00 €

Actividade 4: Sinalarium. Casa-Museo Emilia Pardo Bazán

- 1 Técnica en museos [media xornada, 6 meses]: actividades didácticas, expositivas, difusoras e dinamizadoras.	7.156,16
---	----------

Total actividade 4: 7.156,16 €

Gastos indirectos: 7.699,02 €

Total gastos: 75.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Real Academia Galega, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Real Academia Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2020.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2020**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2021**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Real Academia Galega para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Real Academia Galega terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no

cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2021, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da

Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Mantemento xeral da vivenda tutelada, anualidade 2020, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa ao Concello de Culleredo, (CIF P1503100H) para financiar o Mantemento xeral da vivenda tutelada, anualidade 2020, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de

acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM) cunha achega da Deputación por importe de **35.719,10 €**, que representa unha porcentaxe do 36,99 % do total do gasto previsto que é de 96.539,36 €.

2.- Incluir a dita subvención no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo para financiar o *Mantemento xeral da vivenda tutelada, anualidade 2020*, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM).

Na Coruña, o ____ de ____ de ____ na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D/Dña. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dña. _____ en nome e representación do Concello de Culleredo .

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e co Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, no art. 62º establece que “Os concellos poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente” e no art. 63º que “As deputacións provinciais, de conformidade co establecido na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais...”. Estes servizos sociais

comunitarios regúlanse nos art. 9º e seguintes da devandita lei.

Que o Concello de Culleredo no ámbito das súas competencias, ten unha *vivenda tutelada* para mulleres en situación de violencia de xénero, regulada baixo a Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, que no seu conxunto configuran a Rede Galega de Acollemento, como recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero.

A *vivenda tutelada* do Concello de Culleredo forma parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, segundo o Título III, artigo 48 da Lei 11/2007, onde recóllese a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero no que fai referencia a Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero. No art. 48.1 establece que “Os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero”.

Dado o interese coincidente da Deputación Provincial da Coruña e do Concello de Culleredo ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo , P1503100H, para financiar o ***Mantemento xeral da vivenda tutelada, anualidade 2020, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación de A Coruña (PRAM)***, por consideralos recursos especializados de carácter supracomarcal e que dan servizo aos concellos da provincia.

II.- Condicións xerais.

1.- Descrición dos recursos da rede.

A *vivenda tutelada*, é un fogar alternativo que dará acollida preferentemente a mulleres procedentes de casas de acollida, e que serven de ponte até una normalización da súa situación persoal e familiar.

O tempo de permanencia no poderá ser superior a un año.

Este recurso forma parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, regulada pola Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos

tratos, e pola Lei 11/2007, onde se recolle a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero.

2.- Perfil e requisitos das persoas usuarias.

Mulleres e persoas que dela dependa, que acrediten ser vítimas de violencia de xénero, nos termos establecidos no artigo 5 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

3.- Compromisos do Concello de Culleredo.

3.1.- Manter o recurso en funcionamento, valorar a idoneidade das usuarias do recurso e garantir a atención e recuperación ás mulleres en situación de violencia de xénero e ás persoas que dela dependan.

3.2.- Manter adscrito á *vivenda tutelada* ao seguinte persoal:

- 1 educadora-directora: 25 h/semanais
- 1 auxiliar socioeducativa: 37,5 h/semanais
- 1 xefa sección servizos sociais: 7 h/semanais
- 1 auxiliar administrativo servizos sociais: 4 h/semanais
- 1 asesor xurídico: 3 h/semanais
- 1 conserxe: 2 h/semanais

3.3.- Valorar as condicións de ingreso en cada centro, tanto de acceso como de permanencia, ou a necesidade de prórroga de acordo cos seus regulamentos internos e a normativa da Xunta ou lexislación vixente.

3.4.- Cumprir as normas e requisitos que se establecen segundo o tipo de recurso, garantir o cumprimento dos regulamentos de réxime interno, seguir as directrices marcadas pola Xunta así como dispor das autorizacións ou permisos pertinentes.

3.5.- Cumprir co procedemento de actuación, na forma e nos prazos, para a tramitación das prazas segundo as directrices no marco do Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e co establecido no Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña.

3.6.- Informar á Deputación Provincial da Coruña, sobre calquera modificación do Regulamento de réxime interno da vivenda tutelada.

3.7.- Comunicar á deputación Provincial da Coruña calquera tipo de cambio no recurso: ampliación ou redución de equipamentos ou das prazas, peche por obras, outras reformas etc.

3.8.- Remitir á Deputación Provincial da Coruña en prazo e forma, a solicitude de prórroga do convenio, a memoria anual do recurso, a solicitude de novo convenio, e/ou informes de seguimento, de ser o caso, que se recollan no Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña ou sexan solicitadas.

3.9.- Designar a unha persoa responsable do servizo ou sección da que dependa o

recurso e a unha persoa responsable ou directora do recurso para formar parte dunha comisión de seguimento. Esta comisión reunirse anualmente.

3.10.- Asistir ás reunións convocadas pola Deputación Provincial da Coruña.

3.11.- Publicitar no centro de acollida a colaboración da Deputación Provincial da Coruña, o financiamento do recurso a través dunha comunicación escrita colgada no taboleiro ou lugar visible que inclúa os logos da Deputación Provincial da Coruña e de Igualdade.

Así mesmo, estes logos incluíranse nas memorias xustificativas ou en calquera material que se edite.

4.- Obrigas da Deputación Provincial da Coruña.

4.1.- Colaborar no financiamento dos gastos de mantemento da *vivenda tutelada* (gastos de persoal e gastos correntes) do Concello de Culleredo.

4.2.- Cooperar na coordinación das dúas entidades que interveñen no convenio a nivel administrativo e técnico.

4.3.- Realizar, de acordo co PRAM, o seguimento e coordinación correspondentes coa dirección do recurso e cos servizos do Concello de Culleredo, promovendo o desenvolvemento do proxecto de traballo individual de cada muller acollida.

4.4.- Constituír unha comisión de seguimento para a que designará unha persoa responsable do convenio, e convocará as reunións anualmente con alomenos unha semana de antelación.

4.5.- Convocar calquera outra reunión ou solicitar informes técnicos, en caso de considerarse oportuno.

4.6.- Avaliar os resultados e elaborar un informe anual de resultados e outro cuatrianual.

4.7.- Proporcionar formación anual para o persoal dos recursos, en función das necesidades detectadas sobre intervención en materia de violencia de xénero e xestión emocional.

III.- Orzamento de gastos.

O orzamento de gastos de mantemento da *vivenda tutelada* do Concello de Culleredo é o seguinte:

CONCEPTOS DE GASTO	IMPORTE
Gastos de persoal	72.829,36 €
Aluguer vivenda	11.500,00 €
Mantemento maquinaria	600,00 €

CONCEPTOS DE GASTO	IMPORTE
Subministros: combustibles e carburantes, produtos alimenticios e farmacéuticos, ferretería, lencería, etc.	10.000,00 €
Comunicacións	100,00 €
Transporte: bono-bus	100,00 €
Seguros	290,00 €
Gastos diversos	100,00 €
Traballos outras empresas: mantemento extintores, limpeza extra, etc.	300,00 €
Dietas persoal	70,00 €
Locomoción	50,00 €
Subministración eléctrica	600,00 €
TOTAL	96.539,36 €

IV.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación Provincial da Coruña financiará os gastos de mantemento da *vivenda tutelada* incluídos no orzamento que figura na cláusula terceira cunha achega máxima de **35.719,10 €**, o que representa unha porcentaxe do 36,99 %.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 36,99 %, da cantidade efectivamente xustificada.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando o Concello de Culleredo que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

2. Agora ben, aínda que se xustifique gasto suficiente, no caso de que non se mantivese o persoal sinalado no apartado 3.2 da cláusula II, reducirase proporcionalmente a aportación de Deputación Provincial da Coruña, en base ao orzamento achegado polo Concello.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23122/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A achega da Deputación Provincial da Coruña é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Culleredo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da achega provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do

gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

V.- Contratación e execución.

1. Corresponderalle ao Concello de Culleredo o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia necesarios para o mantemento da *vivenda tutelada*.
2. No procedemento de contratación, o Concello de Culleredo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

VI.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Culleredo.

VII.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1 - A achega da Deputación Provincial da Coruña seralle abonada ao Concello de Culleredo unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

***Certificación** do Concello de que o recurso está en funcionamento.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) establecida na cláusula segunda, apartado 3.11.

* **Memoria xustificativa** de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Culleredo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, segundo consta no Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero (PRAM).

* **Certificación** expedida polo Interventor ou polo Secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ao ano a xustificar.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas

ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula novena.

VIII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1. A través do presente convenio fináncianse os gastos de mantemento da *vivenda tutelada* entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020**.

2. Unha vez rematado o ano, o Concello de Culleredo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sétima antes do **31 de marzo de 2021**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello de Culleredo para que a presente no prazo improrrogable de **quince** días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Culleredo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Culleredo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

IX.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Culleredo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación Provincial da Coruña a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial da Coruña determinarase de oficio por esta.

X.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. O Concello de Culleredo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Culleredo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención

XI.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Culleredo poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Culleredo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XII.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XIII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da achega concedida e a identificación do Concello de Culleredo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a achega ao Concello de Culleredo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIV.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2020, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2021**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2. Previa solicitude do Concello de Culleredo, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, por períodos anuais sucesivos, por un máximo de catro anos, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio.

Coa solicitude de prórroga anual o Concello de Culleredo presentará o orzamento previsto.

A prórroga poderá dar lugar a modificacións, tanto da cantidade da achega provincial como da porcentaxe de financiamento, así como do procedemento e protocolo de actuación de ser o caso.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

4. Tanto a solicitude de prórroga, como a de modificación requirirán os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da

Secretaría e da Intervención da Deputación Provincial da Coruña.

XV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

5.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Mantemento xeral da casa de acollida, anualidade 2020, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa ao Concello de Ferrol, para financiar o *Mantemento xeral na casa de acollida, anualidade 2020, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación de A Coruña (PRAM)*, cunha achega da Deputación por importe de **100.891,64 €**, que representa unha porcentaxe do 26,43 % do total do gasto previsto que é de 381.730,97 €.

2.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o *Mantemento xeral da casa de acollida, anualidade 2020*, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM).

Na Coruña, o ____ de _____ de _____ na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación do Concello de Ferrol.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo. polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, no art. 62º establece que “Os concellos poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente” e no art. 63º que “As deputacións provinciais, de conformidade co establecido na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais...”. Estes servizos sociais comunitarios regúlanse nos art. 9º e seguintes da devandita lei.

Que o Concello de Ferrol no ámbito das súas competencias, ten unha *casa de acollida* para mulleres en situación de violencia de xénero, regulada baixo a Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, que no seu conxunto configuran a Rede Galega de Acollemento, como recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren dun espazo de

atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero.

A *casa de acollida* do Concello de Ferrol forma parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, segundo o Título III, artigo 48 da Lei 11/2007, onde recóllese a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero no que fai referencia a Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero. No art. 48.1 establece que “Os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero”.

Dado o interese coincidente da Deputación Provincial da Coruña e do Concello de Ferrol ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol , P1503700E, para financiar o ***Mantemento xeral da casa de acollida, anualidade 2020, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero na Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM)*** por consideralos recursos especializados de carácter supracomarcal e que dan servizo aos concellos da provincia.

II.- Condicións xerais.

1.- Descrición dos recursos da rede.

A *casa de acollida* é un recurso destinado a dar aloxamento de forma temporal e con carácter de urxencia ás mulleres e persoas que delas dependan, que sufran unha problemática de violencia de xénero.

O tempo de permanencia neste centro non será superior a tres meses, podendo establecerse una prórroga por un período igual en circunstancias excepcionais.

Este recurso forma parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, regulada pola Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, e pola Lei 11/2007, onde se recolle a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero.

2.- Perfil e requisitos das persoas usuarias..

Mulleres e persoas que dela dependa, que acrediten ser vítimas de violencia de xénero, nos termos establecidos no artigo 5 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega

para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

3.- Compromisos do Concello de Ferrol.

3.1.- Manter o recurso en funcionamento, valorar a idoneidade das usuarias do recurso e garantir a atención e recuperación ás mulleres en situación de violencia de xénero e ás persoas que dela dependan.

3.2.- Manter adscrito á *casa de acollida* ao seguinte persoal:

- 1 directora
- 1 gobernanta
- 4 auxiliares coidadoras
- 1 xefa servizo igualdade: 10%
- 1 xefa de negociado igualdade: 10%
- 1 oficial administrativa: 10%
- 1 psicóloga: 10%
- 1 asesora xurídica: 10%

3.3.- Iniciar o procedemento de contratación do seguinte persoal especializado e multidisciplinar novo para a *casa de acollida*: 1 traballadora social

- 1 auxiliar coidadora

3.4.- Valorar as condicións de ingreso en cada centro, tanto de acceso como de permanencia, ou a necesidade de prórroga de acordo cos seus regulamentos internos e a normativa da Xunta ou lexislación vixente.

3.5.- Cumprir as normas e requisitos que se establecen segundo o tipo de recurso, garantir o cumprimento dos regulamentos de réxime interno, seguir as directrices marcadas pola Xunta así como dispor das autorizacións ou permisos pertinentes.

3.6.- Cumprir co procedemento de actuación, na forma e nos prazos, para a tramitación das prazas segundo as directrices no marco do Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e co establecido no Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña.

3.7.- Informar á Deputación Provincial da Coruña, sobre calquera modificación do Regulamento de réxime interno da *casa de acollida*.

3.8.- Comunicar á Deputación Provincial da Coruña calquera tipo de cambio no recurso: ampliación ou redución de equipamentos ou das prazas, peche por obras, outras reformas etc.

3.9.- Remitir á Deputación Provincial da Coruña en prazo e forma, a solicitude de prórroga do convenio, a memoria anual do recurso, a solicitude de novo convenio, e/ou informes de seguimento, de ser o caso, que se recollan no Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña ou sexan solicitadas.

3.10.- Designar a unha persoa responsable do servizo ou sección da que dependa o recurso e a unha persoa responsable ou directora do recurso para formar parte dunha

comisión de seguimento. Esta comisión reunirse anualmente.

3.11.- Asistir ás reunións convocados pola Deputación Provincial da Coruña.

3.12.- Publicitar no centro de acollida a colaboración da Deputación Provincial da Coruña, o financiamento do recurso a través dunha comunicación escrita colgada no taboleiro ou lugar visible que inclúa os logos da Deputación Provincial da Coruña e de Igualdade.

Así mesmo, estes logos incluíranse nas memorias xustificativas ou en calquera material que se edite.

4.- Obrigas da Deputación Provincial da Coruña.

4.1.- Colaborar no financiamento dos gastos de mantemento da *casa de acollida* (gastos de persoal e gastos correntes) do Concello de Ferrol.

4.2.- Cooperar na coordinación das dúas entidades que interveñen no convenio a nivel administrativo e técnico.

4.3.- Realizar, de acordo co PRAM, o seguimento e coordinación correspondentes coa dirección do recurso e cos servizos do Concello de Ferrol, promovendo o desenvolvemento do proxecto de traballo individual de cada muller acollida.

4.4.- Constituír unha comisión de seguimento para a que designará unha persoa responsable do convenio, e convocará as reunións anualmente con alomenos unha semana de antelación.

4.5.- Convocar calquera outra reunión ou solicitar informes técnicos, en caso de considerarse oportuno.

4.6.- Avaliar os resultados e elaborar un informe anual de resultados e outro cuatrianual.

4.7.- Proporcionar formación anual para o persoal dos recursos, en función das necesidades detectadas sobre intervención en materia de violencia de xénero e xestión emocional.

III.- Orzamento de gastos.

O orzamento de gastos de mantemento da *casa de acollida* do Concello de Ferrol é o seguinte:

CONCEPTOS DE GASTO			IMPORTE
Gastos de persoal. Nóminas e seguridade social			416.965,57 €
Posto	Nóminas	Seguridade Social	
Persoal propio da casa da acollida			
	1 Directora Casa de Acollida	34.163,31 €	11.391,52 €
	1 Gobernanta	9.508,21 €	28.926,95 €

CONCEPTOS DE GASTO				IMPORTE
	1 Auxiliar cuidadora	26.276,55 €	6.871,56 €	
	1 Auxiliar cuidadora	27.094,72 €	8.754,15 €	
	1 Auxiliar cuidadora	26.530,28 €	9.006,61 €	
	1 Auxiliar cuidadora	27.971,59 €	8.973,57 €	
Persoal propio da casa da acollida con cargo ao convenio				
	1 Traballadora social	34.244,52 €	10.804,20 €	
	1 Auxiliar cuidadora	20.977,92 €	6.545,16 €	
Persoal propio da casa da acollida con cargo ao convenio da mancomunidade *				
	1 Educadora social	29.963,04 €	9.348,48 €	
	1 Auxiliar cuidadora	20.977,92 €	6.545,16 €	
Persoal nova contratación OPE				
	1 Auxiliar cuidadora	20.977,92 €	6.545,16 €	
Persoal departamento de igualdade: impútase á casa de acollida o 10% dos custos salariais				
	1 Xefa de Servizo	5.316,52 €	1.259,49 €	
	1 Xefa de Negociado	3.244,77 €	862,57 €	
	1 Oficial admva.	2.380,80 €	623,47 €	
	1 Psicóloga	3.874,16 €	1.305,65 €	
	1 Asesora xurídica	4.278,79 €	1.420,85 €	
Outros gastos diversos: produtos alimenticios, farmacéuticos, lencería, ferretería, axudas ao transporte /Taxi, tren, autobús), axudas económicas, etc.				15.000,00 €
Gastos de reparación, mantemento e conservacion do edificio				6.000,00 €
Electricidade				2.300,00 €
Gas				2.000,00 €
Limpeza				1.500,00 €
Mantemento caldeiras				2.500,00 €
Telecomunicacións				2.300,00 €
Total				448.565,57 €
*TOTAL EXCLUÍDO PERSOAL FINANCIADO POLA MANCOMUNIDADE				381.730,97 €

IV.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación Provincial da Coruña financiará os gastos de mantemento da *casa de acollida* incluídos no orzamento que figura na cláusula terceira, agás os de persoal financiado pola Mancomunidade, cunha achega máxima de **100.891,64 €**, o que representa unha porcentaxe de 26,43 %.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 26,43 %, da cantidade efectivamente xustificada.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando o Concello de Ferrol que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

2. Agora ben, aínda que se xustifique gasto suficiente, no caso de que non se mantivese o persoal sinalado nos apartados 3.2 e 3.3 da cláusula II, reducirase proporcionalmente a aportación de Deputación Provincial da Coruña, en base ao orzamento achegado polo Concello.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23122/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A achega da Deputación Provincial da Coruña é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da achega provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

V.- Contratación e execución.

1. Corresponderalle ao Concello de Ferrol o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia necesarios para o mantemento da *casa de acollida*.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Ferrol axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

VI.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ferrol.

VII.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1 - A achega da Deputación Provincial da Coruña seralle abonada ao Concello de Ferrol unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

***Certificación** do Concello de que o recurso está en funcionamento.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) establecida na cláusula segunda, apartado 3.12.

* **Memoria xustificativa** de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Ferrol, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, segundo consta no Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero (PRAM).

* **Certificación** expedida polo Interventor ou polo Secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ao ano a xustificar.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula novena.

VIII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1. A través do presente convenio fináncianse os gastos de mantemento da *casa de acollida* entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020**.

2. Unha vez rematado o ano, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sétima, **antes do 31 de marzo de 2021**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quince** días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ferrol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

IX.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social e a súa acreditación.

1. O Concello de Ferrol deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

X.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Ferrol deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención

XI.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro

órgano de control, nacional ou europeo.

XII.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XIII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da achega concedida e a identificación do Concello de Ferrol serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a achega ao Concello de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIV.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2020, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con

anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2021**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2. Previa solicitude do Concello de Ferrol, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, por períodos anuais sucesivos, por un máximo de catro anos, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio.

Coa solicitude de prórroga anual o Concello de Ferrol presentará o orzamento previsto.

A prórroga poderá dar lugar a modificacións, tanto da cantidade da achega provincial como da porcentaxe de financiamento, así como do procedemento e protocolo de actuación de ser o caso.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

4. Tanto a solicitude de prórroga, como a de modificación requirirán os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación Provincial da Coruña.

XV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.- Aprobación dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela en materia de protección civil e emerxencias co fin de colaborar nos gastos da adquisición dun vehículo todo camiño, un todoterreo e un furgón

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público. É preciso destacar que a prestación do servizo da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Santiago de Compostela é realizada con frecuencia fóra do termo municipal de Santiago de Compostela.

Este carácter comarcal da prestación é de especial relevancia na motivación do expediente xa que as accións da Deputación deberán dar preferencia, entre outras as aquelas prestacións e servizos de carácter supramunicipal.

Entre as prestacións cabe sinalar as seguintes:

- Acompañamento nenos ao colexio
- Vixancia dos camiños
- Vixancia en eventos culturais e deportivos
- Recollida de animais
- Reténs por temporal
- Anegamentos
- Acompañamentos nas diversas andainas
- Participación na búsqueda de persoas desaparecidas
- Rescate de persoas.
-

3º.- O modelo de convenio do presente expediente é o solicitado pola Xunta de Galicia e mais concretamente pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que remitiron o texto base do mesmo.

4º.- O presente acordo queda condicionado a que con carácter previo á contratación do contrato de subministro dos vehículos a realizar polo Concello de Santiago, o concello achegue o prego de prescripcións técnicas do subministro no que queden solventadas as obervacións incorporadas no informe de supervisión do servizo de Asistencia Técnica a Concellos.

Esta circunstancia será acreditada polo Presidente da Deputación na oportuna resolución na que quede aprobado o prego de prescripcións técnicas do subministro, resolución da que se dará oportunamente conta ao Pleno da Deputación.

5º.- A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/135/76201, quedando condicionado á entrada en vigor definitiva do expediente de modificación de créditos

EMC 3/2020 no que quedará consignado crédito adecuado e suficiente.

6º.- Segundo o establecido no artigo 23 da Ordenanza Xeral de Subvención deberán estar en posesión no caso de subministracións do albará de entrega e factura. No caso de adquisición de vehículos, igualmente deberá disporse do documento acreditativo da inscrición da titularidade a prol da persoa beneficiaria no rexistro público correspondente.

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS E XUSTIZA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL E EMERXENCIAS CO FIN DE COLABORAR NOS GASTOS DA ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO TODO CAMIÑO, UN TODO TERREO E UN FURGON

REUNIDOS

Pola Xunta de Galicia, D. Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, envirtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Pola Deputación Provincial da Coruña, o seu presidente D. Valentin González Formoso, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local.

Polo Concello de Santiago de Compostela, o seu alcalde, D. Xosé Antonio Sánchez Bugallo, en virtude das atribucións que lle confiren os artigos 21.1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1 a) e o artigo 61_1º.a) da Lei do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscripción de convenios

Así mesmo, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no Decreto 177/2016 do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura

orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, modificado parcialmente polo Decreto 106/2018, do 4 de outubro, e o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Conforme ao disposto no artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, (DOG núm. 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG núm. 108, do 7 de xuño de 2004) a Xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración local de Galicia para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva coma na operativa, colaborando coa dotación de medios e recursos necesarios.

SEGUNDO.- Ás Deputacións Provinciais, como órgano de goberno da provincia, correspóndelle a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos, no territorio da súa competencia, e, en particular, participar na coordinación da administración local coa da Comunidade Autónoma co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal.

Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 5/ 2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, os órganos de goberno provinciais exercerán as súas competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias de acordo co previsto nesta lei, na lexislación galega de réxime local e na normativa estatal aplicable, correspondendo a estes, garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non contan con servizos propios, por non resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.

TERCEIRO_- Que segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía aos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

O Concello de Santiago de Compostela, como meta final do Camiño de Santiago, conta con medios humanos e materiais coa experiencia necesaria, adquirida ao longo destes anos de colaboración coas autoridades de protección civil da Administración Autonómica de Galicia, na prevención, promoción, divulgación, información e socorro no ámbito do Camiño, así como nos actos múltiples de concentración de persoas; tanto en eventos programados dentro da cidade como termos municipais limítrofes.

O Concello de Santiago de Compostela quere reforzar o Servizo de Emerxencias Municipal e Protección Civil existente, para prestar a atención debida ao seu territorio e poboación e precisan dos medios básicos entre os que se atopa a necesidade dun vehículo todo camiño, un todo terreo e un furgón, debidamente equipados para a atención as emerxencias, dado que as funcións de Emerxencias e a Protección Civil

son exercidas de forma exclusiva no concello por esta entidade non son, polo tanto, de aplicación os principios de publicidade e concorrrencia pública, de acordo co establecido no artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na Administración Pública Galega.

Co fin de establecer as condicións de colaboración necesarias, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela.

Por todo isto

ACORDAN

Primeira- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela en materia de protección civil e emerxencias.

A tales efectos colaborarase economicamente na adquisición dun vehículo todo camiño, un todo terreo e un furgón para emprego dos servizos de protección civil dentro do concello ou en concellos limítrofes en materia de protección civil e na atención ás emerxencias, especialmente en materia de prevención, promoción, divulgación, información e socorro dos/as peregrinos/os que camiñan polas diferentes rutas cara a Santiago de Compostela, así como nos actos múltiples de concentración de persoas en eventos programados.

A rotulación do equipamento deberá cumprir co establecido no decreto 123/2014, do 18 de setembro polo que se regula a acreditación, a uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil, a imaxe corporativa destas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e emerxencias e a Orde do 24 de febreiro do 2015 que o desenvolve.

Segunda.- Obrigas da Xunta de Galicia

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza colaborará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio, achegando a cantidade máxima de cincuenta e cinco mil euros, IVE incluído (55.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 2020_05.25.212A.760.0 e código de proxecto 2015 00107 dos orzamentos do ano 2020.

Terceira_- Obrigas da Deputación da Coruña

A Deputación da Coruña colaborará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio con 55.000 € con cargo á partida 0510/135/76201 dos seus orzamentos xerais para o ano 2020.

Cuarta.- Obrigas do Concello de Santiago de Compostela

O Concello de Santiago de Compostela realizará a adquisición dos vehículos

descritos na cláusula primeira debidamente equipados para a atención ás emerxencias, colaborando con unha achega de 10.000 € con cargo aos seus orzamentos para o ano 2020. A inversión máxima a subvencionar será de 120.000,00 € IVE engadido

Serán por conta do concello todos os gastos de matriculación seguros, etc así como o manexo, mantemento e eventuais reparacións dos vehiculos e dos equipos de emerxencia que os equipen da obriga de tomar ao seu cargo unha póliza de seguro que cubra todos os riscos que poidan derivarse da circulación e utilización do mesmo, das súas actuacións e operarios.

Así mesmo o concello aportará a dotación de persoal necesario que será en todo momento o apropiado, tanto en número, como en formación e aptitude, para o manexo do citado remolque e do equipamento de emerxencia que leva, para as intervencións no que fora requirido.

O Concello de Santiago de Compostela colaborará co organismo da Xunta de Galicia con competencia en materia de protección civil, na prevención de riscos, autoprotección e na xestión de emerxencias de ámbito local ou comarcal, dentro das súas posibilidades técnicas e de persoal, cando así fora requirido polas autoridades de protección civil, así como na organización e realización de operativos, exercicios, simulacros e divulgación e no desenvolvemento dos plans territoriais e especiais de protección civil.

Quinta.- Libramento dos fondos

O libramento dos fondos ao Concello de Santiago de Compostela por parte da Vicepresidencia Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, efectuarase ao remate das actividades do convenio, previa remisión por parte concello á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Conta Xustificativa da subvención de acordo ao establecido no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

No caso de subvencións destinadas a financiar investimentos, a conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola secretaria da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/ sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa dasubvenciónna que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.

2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) de este mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- b) Certificado do taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.
- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).
- d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- e) No seu caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f) Declaración de cumprir cos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coas Administracións Públicas.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte do Concello de Santiago de Compostela das obrigas contidas neste convenio

Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 15 de decembro de 2020.

O libramento de fondos ao Concello de Santiago de Compostela por parte da Deputación Provincial da Coruña efectuarase ao remate das actividades do convenio, previa remisión por parte do concello da conta xustificativa de subvención de acordo co establecido no artigo 19 da súa Ordenanza Xeral de Subvencións.

A conta xustificativa deberá incorporar os seguintes apartados:

- a) Unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas, describindo a actuación realizada, con indicación dos resultados obtidos e do número de persoas beneficiarias. Este documento deberá estar asinado pola persoa física que desempeñe a representación legal da persoa beneficiaria.
- b) Unha relación clasificada dos gastos realizados, agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, indicando se é o caso as desviacións acaecidas e detallando a codificación contable que lles resulte aplicable. Nesta relación figurará a identificación da persoa acreedora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e o efectivamente pagado de ser o caso, os posibles descontos fiscais. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; nas restantes entidades deberá asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade respectiva.
- c) Unha relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propiamente ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra,

manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento deberá ter o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; no caso de persoas beneficiarias privada, deberán asinalo as persoas que exerzan a responsabilidade de tesourería e a representación lexa da entidade.

d) Unha certificación (entidades públicas) ou declaración (persoas privadas) dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, segundo o formato esixido en cada convocatoria ou convenio, achegando unha proba documental ao respecto.

e) Certificación acreditativa de ter aprobada a conta xeral do último exercicio cuxo prazo de presentación estea esgotado e de tela presentado diante os órganos de control externo.

Sexta.- Facultades de inspección

O Concello de Santiago de Compostela comprométese a someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o órgano concedente, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que puidesen realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará calquera información que lle sexa requirida no exercicio desas actuacións.

En especial, deberán facilitar a información que lle sexa requirida por esta vicepresidencia e consellería, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ou polo Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Deberá o concello comprometerse a someterse ás actuacións de control financeiro que correspondan aos órganos interventores da Deputación Provincial da Coruña, tal e como dispón o capítulo IV: "O Procedemento de Control Financeiro", da Ordenanza Xeral de Subvención da Deputación Provincial da Coruña aprobada polo Pleno o día 1 de febreiro de 2019 e publicada no BOP núm. 72 de data 15 de abril de 2019.

Sétima.- Compatibilidade da subvención

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Sen embargo, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, de acordo ao establecido no artigo 40.1 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava.- Modificación, revogación e reintegro

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de

subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións..
O concello poderá solicitar a modificación das características do proxecto ou actividade subvencionada, cunha antelación mínima dun mes á data de remate do prazo de realización da actividade, ao abeiro do artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

Novena.- Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décima.- Comisión de seguimento

Para facilitar o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por representantes de cada unha das partes asinantes do presente convenio, que ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de seguimento, polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo así fin á vía administrativa.

Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior: a persoa titular dunha subdirección xeral e un técnico/a dependente da mesma.

Pola Deputación da Coruña: O presidente e/ou secretario da deputación.

Polo Concello de Santiago de Compostela: o alcalde e o/a secretario/a

Décima primeira.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- c) Pola non presentación da documentación a que se refire a cláusula cuarta deste convenio.

Décima segunda. - Natureza administrativa e réxime xurídico do convenio

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro do 2014.

O réxime xurídico deste convenio ven determinado polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de procedente aplicación.

Décima terceira.- Vixencia

A data de efectos do presente convenio é dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, se ben se considera a súa eficacia, respecto dos gastos orixinados por actividades do tipo especificado no convenio, dende o 1 de xaneiro do ano en curso.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio por duplicado.

Santiago de Compostela, de 2020

En proba de conformidade, asínase dixitalmente o presente convenio na data que figura á marxe.

Santiago de Compostela,

Pola Vicepresidencia e Consellería
de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza
O Vicepresidente e Conselleiro
Alfonso Rueda Valenzuela
Polo Concello de Santiago de
Compostela
O Alcalde
Xosé Antonio Sánchez Bugallo
Pola Deputación da Coruña
O presidente
Valentín González Formoso"

Pola Deputación da Coruña
O presidente

Valentín González Formoso

7.- Aprobación do Plan de Conservación de Vías Provinciais 2020, quinta fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar o Plan de Conservación de Vías Provinciais 2020, quinta fase

1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2020, QUINTA FASE cun orzamento total **962.298,39.- euros**, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla.

CÓDIGO DÁ OBRA	DENOMINACION DÁ OBRA	IMPORTE
2020.1100.0038.0	REFORZO DO ASINE NA DP 6602 FONTE DIAZ A SANTA IRENE ENTRE VOS PQ 0+400 AO 2+699 (O Pino e TOURO)	238.231,59
2020.1100.0039.0	REFORZO E MELLORA SUPERFICIAL DO FIRME NA DP 0905 ENTRE VOS PQ 26+000 AO 32+800 (MONFERO)	467.473,26
2020.1100.0040.0	MELLORA DÁ CAPA DE RODAXE CON MBQ NA DP-0513 DÁ ESTRADA DE PONTEMUIÑOS A CAIÓN POR PAIOSACO PQ 1+490 AO 4+740 (ARTEIXO e A Laracha)	256.593,54
TOTAL		962.298,39

2.- Expor ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

8.- Aprobación do Plan de Sendas Peonis 2020, primeira fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar o Plan de Sendas Peonis 2020, primeira fase

1.- Aprobar o Plan de SENLLAS PEONÍS 2020 PRIMEIRA FASE con un orzamento total de 903.018,30.- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900
2020.1170.0001.0	SENDA PEONIL DP 1201 PQ 2+360 AO 3+550 e do PQ 4+500 AO 5+200 (BOQUEIXON)	BOQUEIXÓN	291.198,29
2020.1170.0002.0	MELLORA DÁ SEGURIDADE VIARIA SENDA PEONIL DP 4604 PQ 5+950 A 6+694 E 7+479 A7+585 MD (TOQUES)	TOQUES	117.973,32
2020.1170.0003.0	PROXECTO PARA EXECUCIÓN DE SENLLAS NA ESTRADA DP-1603 AO SEU PASO POR TUFÍONS ENTRE PQ.2+850 E PK. 3+480 (VIMIANZO)	VIMIANZO	493.846,69
TOTAL			903018,30

2.- Expor ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

9.- Aprobación definitiva do proxecto DP 5811 Oleiros a Coruxo de Arriba. Travesía ramal rúa do Souto (Oleiros) - Plan de Travesías 2019 3ª Fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar o proxecto DP 5811 Oleiros a Coruxo de Arriba. Travesía ramal rúa do Souto (Oleiros)

1.- Aprobar provisionalmente o proxecto DP 5811 /R Oleiros a Coruxo de Arriba. Travesía ramal rúa do Souto (Oleiros), CÓDIGO 2019.1130.0003.0 incluído na 3ª Fase do Plan de Travesías 2019, cuxos datos son os seguintes:

DENOMINACIÓN	PRESUPUESTO
DP 5811 /R Oleiros a Coruxo de Arriba. Travesía ramal rúa do Souto (Oleiros), CÓDIGO 2019.1130.0003.0	770.183,68
TOTAL	770.183,68 €

2.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente, e por un prazo de 10 días, para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no el caso de non presentarse reclamacións.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local a os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

10.- Aprobación do texto e a formalización do Convenio de Colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e dos Ilustres Colexios de avogados e de procuradores de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de práctica xurídica da Universidade de Santiago nos departamento de urbanismo dos concellos da provincia e adquisición de material necesario para a súa execución na anualidade 2020

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei Xeral de Subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento.

2º.- Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art.176 do texto refundido da Lei de

Facendas Locais

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e dos Ilustres Colexios de avogados e de procuradores de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de práctica xurídica da Universidade de Santiago nos departamento de urbanismo dos concellos da provincia e adquisición de material necesario para a súa execución na anualidade 2020, cunha achega provincial de 48.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/462/45390, que representa un coeficiente de financiamento do 100,00% do orzamento, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021.

Número / 2020

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA XUNTO COS ILUSTRES COLEXIOS DE AVOGADOS E DE PROCURADORES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR OS GASTOS DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS/AS DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS QUE IMPARTE OU NAS QUE COLABORA A ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E ADQUISICIÓN DO MATERIAL NECESARIO PARA A SÚA EXECUCIÓN. AÑO 2020

Na Coruña, a ___ de ___ de 2020

REÚNENSE

Dunha parte, **D.**_____, en representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, o Excmo. **Sr. D.**_____, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela NIF Q-1518001-A e representante legal desta segundo o establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e no artigo 85.g dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro da Xunta de Galicia);

E doutra parte **D.**_____, en representación do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela,

Ámbolos dous actúan en calidade de Presidentes do Consello Directivo da Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao tenor do disposto na cláusula sexta do convenio de colaboración asinado entre ambas institucións o 29 de novembro de 1.994.

Todas as partes recoñécense capacidade para asinar o presente convenio de colaboración e a tal efecto.

MANIFESTAN:

PRIMEIRO.- A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela foi creada pola Universidade en colaboración cos Ilustres Colexios de Avogados e de procuradores de Santiago de Compostela como o centro de especialización

profesional a través do cal estas institucións ofrecen aos licenciados e graduados en Dereito, a formación práctica necesaria no ámbito do dereito público e do dereito privado, para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral propio das profesións xurídicas e, máis en particular, cara ao exercicio da avogacía e da procuradoría.

A Escola colabora nas labores de actualización de coñecementos dos profesionais en exercicio (formación continua) e dos alumnos da licenciatura e do grao en Dereito (practicum), participando tamén no Máster universitario en avogacía que imparten en Santiago a USC e o ICA de Santiago, e no programa Superior de Excelencia en Práctica Xurídica que imparte o ICA de Santiago, entre outras actividades.

Un xeito de realizar estas prácticas é o coñecemento dos problemas mediante supostos concretos e reais que se poidan prestar na actuación ordinaria das persoas físicas e xurídicas.

SEGUNDO.- A Deputación da Coruña é consciente de que os concellos da provincia, dentro da ampliación dos seus servizos á comunidade e fundamentalmente na área de urbanismo, veñen precisando a colaboración de licenciados e graduados en Dereito que realicen labores de asesoramento en diversas materias relativas ao desenvolvemento da súa actividade ordinaria.

TERCEIRO.- Consideran as partes asinantes de gran importancia, poñer en execución un plan conxunto que permita proporcionar práctica xurídica nas diversas ramas do Dereito ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, ao tempo que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña.

CUARTO.- A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos un modelo de desenvolvemento baseado na colaboración cos municipios, no que as políticas que se van desenvolver han de estar loxicamente ligadas a eles. Deben ser os concellos os que lles ofrezan servizos públicos que proporcionen un maior benestar e unha mellor calidade de vida aos seus veciños.

Son pois, os concellos, a Administración máis próxima ao cidadán, os que han de dar resposta en primeira instancia ás súas necesidades. É por isto que o esforzo da Deputación debe estar destinado a apoiar e colaborar cos concellos, sobre todo nun tema tan importante como é o urbanismo.

Que o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas axeitarán a súa actuación aos seguintes principios: b) A colaboración, a cooperación e o auxilio que puidesen precisar coxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Así mesmo o artigo 195 da mesma Lei 5/1997 sinala que a colaboración e a cooperación poderán realizarse mediante: h) A subscrición de convenios.

QUINTO.- Mediante este Acordo, a Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscrición do correspondente convenio coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, acollan no seu seo aos alumnos das actividades formativas da mesma, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos.

En consecuencia co anteriormente exposto, ambas partes formalizan o presente Convenio de colaboración con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS:

I. **OBJECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes para a execución dun plan conxunto, que permita proporcionar práctica xurídica e especialización profesional en Urbanismo e Administración local, para o ano 2020, ao alumnado das diferentes actividades formativas que imparte ou nas que colabora a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela, á vez que se contribúe ao fortalecemento dos servizos urbanísticos e departamentos relacionados dos concellos da provincia da Coruña, reforzando unha das carencias postas de manifesto polos concellos e colaborando a un cambio cara a un urbanismo e servizos de calidade, no que a formación é prioritaria.

Como regra xeral, o número de alumnos/as que realizarán as ditas prácticas será de 20 alumnos/ mes durante un período ordinario de catro meses ao ano; período que se concretará en cada caso dacordo coas necesidades e as disponibilidades de cada concello. Excepcionalmente, cando o titor designado por un concello e a dirección da Escola consideren máis conveniente para un mellor aproveitamento das prácticas proceder a súa concentración nun período de tempo inferior ó ordinario de catro meses/ano, poderase acordar realizalas nun período mínimo de tres meses. En tal caso, debe garantirse que o número de horas totais a realizar polo alumno/a non será inferior ás que faría de seguirse o sistema ordinario ou xeral.

II. **ORZAMENTO**

A Deputación da Coruña comprométese ao financiamento do orzamento da actividade que ascende a un total de 48.000 euros para o ano 2020, o que representa un coeficiente de financiamento do 100%. Dacordo co seguinte detalle desagregado:

A. **GASTOS DE DESPRAZAMENTOS, MANUTENCIÓN,... DOS ALUMNOS:**

36.000 €, para o ano 2020, e se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2020	NÚMERO ALUMNOS	IMPORTE ALUMNO/MES	IMPORTE max. TOTAL
MES UNO	20	450 €	9.000 €
MES DOS	20	450 €	9.000 €
MES TRES	20	450 €	9.000 €
MES CUATRO	20	450 €	9.000 €
TOTAL			36.000 €

Indemnización de 450 € ao mes, que se poderá distribuír pola dirección da Escola de xeito que cada alumno cobre un mínimo de 400 € ao mes, repartíndose os 50 € restantes entre todos/as alumnos/as , en función da quilometraxe.

B. **GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUCTURA E XESTIÓN:**

4.000 € para o ano 2020, e se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2020	DURACIÓN	IMPORTE /MES	IMPORTE TOTAL
Ano 2020	4 MESES	1.000 €	4.000 €

- c. **GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL: 5.000 €** para o ano 2020, e se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO ANO 2020	MATERIAL	IMPORTE TOTAL
Ano 2020	Material necesario para desenvolver a ctividade, tal como fotocopiado para o alumnado de material didáctico e de material necesario para a realización das prácticas, bibliografía, códigos lexislativos, material informático funxible, papelería, material de escritura, etc.	5.000 €

- d. **COSTES DE FORMACIÓN: 3.000 €** para o ano 2020.

TOTAL GASTOS: 48.000 Euros

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 48.000 euros para o ano 2020, o que representa unha porcentaxe do 100%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/462/453.90 partida na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. Para a anualidade 2020 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial.
5. En ningún caso será posible a concorrencia desta axuda con outras xa que se financia o 100% do custo efectivamente realizado.

IV.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa polos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga por parte da Universidade da Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela e dos ilustres colexios profesionais.

V. DESIGNACIÓN DE ALUMNOS, COORDINACIÓN, DESENVOLVEMENTO E OBRIGA DAS PARTES.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, designará de entre o alumnado das diferentes actividades formativas que imparte e colabora, os alumnos máis idóneos para a realización das prácticas no seo das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos cos que subscriba o correspondente convenio. A designación efectuarase de acordo cos criterios de distribución acordados previamente entre ambas partes, e deberá contar coa conformidade do representante da institución receptora.

O labor realizado polos alumnos non terá en ningún caso carácter vinculante para a institución que os acolle.

Os concellos poderán utilizar todo o material, estudos, análises, etc, que sexan realizados polos alumnos ao longo da experiencia profesional.

VI. COORDINACIÓN.

Para levar adiante a posta en práctica deste convenio, a dirección do traballo, o seguimento e asesoramento do alumnado, a coordinación da distribución do alumnado nas dependencias das Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos e a procura da súa mellor estancia e do correcto aproveitamento deste plan, por parte da Escola de Práctica Xurídica actuarán como coordinadores o seu Director e a profesional colaboradora D^a María Dolores Méndez Torres. Así mesmo, por parte da Deputación actuará como coordinador o xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.

VII. DESENVOLVEMENTO.

O número de alumnos que as Concellarías de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos admitan anualmente para a consecución dos obxectivos previstos neste convenio, así como a duración do período de prácticas a realizar polos alumnos nos correspondentes servizos dependentes dos concellos, o horario no que se efectuarán as mesmas e a labor concreta que desenvolverán, estableceranse de mutuo acordo polas partes asinantes.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, remitirá á Deputación da Coruña, un exemplar dos convenios que, a súa vez asine cos concellos da provincia da Coruña, para a posta en marcha desta actividade.

Rematado o período de prácticas, os concellos expedirán un certificado acreditativo do grao de cumprimento das obrigas e dos traballos encargados aos alumnos. Este certificado será tido en conta nas diferentes actividades formativas que imparte e colabora a Escola.

VIII. COMPROMISO DAS PARTES.

A) GASTOS DE DESPRAZAMENTO, MANUTENCIÓN, DOS ALUMNOS:

A Deputación da Coruña financiará anualmente as prácticas nos servizos de urbanismo e relacionados dos concellos da provincia da Coruña, que previa subscripción do correspondente convenio coa Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica, acollan no seu seo aos alumnos das actividades formativas que imparte ou nas que colabora, encargándolles a realización de estudos, informes, escritos, consultas, xestións de expedientes, etc, en determinadas materias que sirvan, dun lado, para a práctica xurídica dos alumnos e, ao mesmo tempo, resulten de utilidade para os

Departamentos de Urbanismo e servizos relacionados dos concellos, reforzando así unha das carencias nos seus servizos postas de manifesto polos concellos.

A Deputación da Coruña financiará as prácticas nos servizos de urbanismo e servizos relacionados dos concellos da provincia da Coruña ata un máximo de **36.000 €** en concepto de gastos de desprazamentos, manutención..... dos alumnos. Como regra xeral, o número de alumnos que realizarán as ditas prácticas será de 20 alumnos/mes, establecéndose un importe por cada alumno en concepto de indemnización /gastos de desprazamentos e manutención) de 450 € ao mes; indemnización que se poderá distribuír pola dirección da Escola de xeito que cada alumno cobre un mínimo de 400 € ao mes, repartíndose os 50 € restantes entre todos/as alumnos/as , en función do quilometraxe.

Dependendo das ocupacións formativas dos alumnos e da dispoñibilidade dos concellos a cifra de alumnos/mes poderá ser superior ou inferior á de 20, en tal caso a Escola de Práctica Xurídica debe garantir que ao final da anualidade a cifra resultante de alumnos que realizaron as prácticas é equivalente a de 20 alumnos x mes x 4 meses x 450 €/alumno/a, isto é, a 36.000 €. De superarse a dita cantidade en cómputo anual a Deputación non satisfará as cantidades a maiores, e de resultar inferior a Deputación ingresará a Escola a cantidade realmente certificada.

Estas cantidades serán pagadas aos alumnos pola Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica unha vez sexa ingresado o seu importe na conta da Universidade de Santiago- Escola de Práctica Xurídica, sendo necesaria, asemade da xustificación do Director da Escola, unha certificación expedida polo xefe do correspondente servizo da Universidade para acreditar

que as ditas cantidades foron trnsferidas ás contas dos alumnos (detallando cantidades concretas percibidas por cada alumno).

A Deputación abonará anualmente dito importe á Universidade de Santiago - Escola de Práctica Xurídica, previa xustificación da actividade realizada en cada mes. A achega realizarase polo número real de alumnos que realicen as prácticas no periodo correspondente.

Excepcionalmente, cando o titor designado por un concello e a dirección da Escola consideren máis conveniente para un mellor aproveitamento das prácticas proceder a súa concentración nun período de tempo inferior ó ordinario **de catro meses/ano**, poderase acordar realizalas nun período mínimo de tres meses. En tal caso, debe garantirse que o número de horas totais a realizar polo alumno non será inferior ás que faría de seguirse o sistema ordinario. As cantidades establecidas en concepto de indemnización para cobrar polo alumno durante o período ordinario, satisfaranse na súa totalidade ao rematar o período excepcional. Para o ano 2020 as partes acordan que as prácticas dos alumnos se concentren nun período de catro meses, no período establecido durante un mínimo de tres días laborales á semana é un máximo de cinco, a razón dun mínimo de cinco horas ao día e un máximo de sete. O número mínimo de días de prácticas durante o período total de catro meses non poderá ser inferior a 50, nin o número de horas inferior ás 250.

B) GASTOS DE COORDINACIÓN, INFRAESTRUCTURAS E XESTIÓN:

Así mesmo establécese a cantidade de 1.000 € ao mes, durante un período de catro meses, como contribución aos gastos de coordinación, apoio a administración e material funxible (4.000 €) que xerará a posta en funcionamento e mantemento da actividade obxecto do convenio. O dito importe abonarase pola Deputación á Universidade de Santiago- Escola de

Práctica Xurídica, tras xustificación da actividade realizada.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo Director da Escola de Práctica Xurídica, xunto os correspondentes documentos acreditativos dos gastos realizados de xeito que poidan comprobarse os gastos directamente relacionados coas prácticas, que se distribuirán da seguinte maneira:

- a) Compensación económica aos coordinadores do convenio por parte da Escola, polas horas investidas nas tarefas específicas de publicidade do convenio, selección do alumnado, reunións co alumnado seleccionado, acompañamento do alumnado á presentación das prácticas, seguimento da opinión dos titores e dos alumnos, resolución de posibles incidencias, lectura diaria dos informes dos alumnos e mensual dos informes dos titores, organización e seguimento das actividades de formación específica, etc.
- b) Compensación económica ao persoal administrativo, encargado de recoller diariamente os informes dos alumnos relativos á asistencia e contidos das prácticas, comunicar incidencias á coordinación, elaborar (baixo a dirección da coordinación) e enviar diferentes documentos a titores e alumnos, control da formación.
- c) Uso de instalacións e servizos correntes, na proporción correspondente.

C) GASTOS DE ADQUISICIÓN DE MATERIAL:

A Deputación financiará cunha cantidade anual (2020) de 5.000 €, a adquisición do material necesario para desenvolver a actividade, tal como gasto de fotocopiado e as prácticas do alumnado, adquisición de bibliografía de consulta e de coleccións de códigos normativos tanto para uso colectivo como individual do alumnado, material informático funxible como discos duros, memorias USB, fundas e cableado de alimentación de ordenadores portátiles e outro para uso do alumnado, papelería, axendas e material de escritura, e outro material específico destinado a ser utilizado polo alumnado nas prácticas que redunden no seu beneficio; **o material terá obrigatoriamente carácter funxible, non inventariable.**

No suposto de que os gastos xustificadas foran superiores, a Deputación aportará ata a cantidade máxima de 5.000 € para o ano 2020.

A xustificación destes gastos farase mediante copia compulsada das facturas e informe do Director da Escola de Práctica Xurídica.

D) GASTOS DE FORMACIÓN:

A Deputación financiará cunha cantidade de 3.000 € unha parte dos custos da formación dos alumnos na materia urbanística que levará a cabo a Escola.

A xustificación destes gastos farase mediante certificación expedida polo Director da Escola de Práctica Xurídica, que poderá ser ratificada, no seu caso, polos órganos competentes da Universidade e coa ahega dos correspondentes documentos acreditativos dos gastos realizados, de xeito que poida comprobarse que se trata de gastos relacionados coas prácticas.

Acreditarase, asemade do anterior, que os gastos son específicos para a realización das prácticas en virtude deste convenio e que non se trata de formación incluída no mestrado de avogacía do que proceden os alumno que se seleccionan para as prácticas e polo que xa aboaron o prezo correspondente. Para os criterios de selección e as condicións de formación rexerán os apartados que seguen:

- a) Que os alumnos poder ser seleccionados do mestrado oficial en avogacía no que participa a

Escola ou de calquera outra formación que imparta ou na que colabore a Escola, dependendo das circunstancias de cada momento, conforme permite o convenio.

b) Que os alumnos seleccionados reciben unha formación específica para afrontar nas mellores condicións posibles as tarefas que se indican na manifestación quinta do convenio.

c) Que esta formación específica é impartida por profesionais de prestixio e ampla experiencia profesional, en aulas e con medios materiais e informáticos destinados especificamente para a formación destes alumnos.

d) Que esta formación é independente da que reciben nas ensinanzas das que proceden e de onde son seleccionados.

e) A xustificación farase por medio de certificación do director onde se indiquen os contidos impartido, os docentes que os impartiron, os alumnos asistentes, e o pagamento realizado aos docentes; así como unha xustificación efectuado polo xefe do servizo correspondente da universidade das transferencias realizadas a cada docente en compensación da docencia impartida.

Os alumnos terán un seguro médico e de accidentes que será a cargo da Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica e que cubrirá estas contingencias.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de práctica xurídica comprométese, de ser necesario, a designar a profesionais ou colaboradores da mesma para as labores de dirección, seguimento e asesoramento do alumnado, co obxecto de facer posible o correcto desenvolvemento das tarefas adscritas a este convenio.

O nomeamento do alumno en prácticas non establece ningunha relación laboral ou funcional coa Universidade de Santiago, co Colexio de Avogados de Santiago nin coa Deputación de Coruña ou cos concellos, e non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación dos seus beneficiarios ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela, do Colexio de Avogados de Santiago, nin dos concellos e a Deputación da Coruña.

A Universidade de Santiago de Compostela a través da Escola de Práctica Xurídica comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

IX. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Crearase unha comisión mixta con funcións de seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, que asumirá, ademais, as funcións de coordinación entre as administracións e institucións asinantes, así como a función interpretadora do citado convenio para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

Esta Comisión estará integrada por parte da Deputación da Coruña polo supervisor nomeado para o seguimento das actuacións; por parte dos concellos, polo representante que, no seu caso designen, e por parte da Escola de Práctica Xurídica de Santiago polo seu director e mais polo profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

X. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas en cada anualidade

alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia a efectos de imputación de gastos do presente convenio establecido no seguinte párrafo e na cláusula DÉCIMOCTAVA.

Polo que se refire a anualidade correspondente ao ano 2020 o convenio terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de marzo de 2021**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, nin posteriores ao 31 de decembro de 2020, debendo estar xustificadas antes do 28 de febreiro de 2021.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Escola de Práctica Xurídica, a través da Universidade de Santiago, deberá **presentar a xustificación** documental á que se refire a cláusula OCTAVA antes do **28 de febreiro de 2021**.

A xustificación poderá tamén facerse fraccionada en dous períodos, un antes do 15 de decembro de 2020 e outro antes do 28 de febreiro de 2021; en tal caso, a Deputación realizará o aboamento da subvención conforme as cantidades xustificadas en cada período.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo sinalado sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade de Santiago para que a presente no prazo improrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6 das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade de Santiago de Compostela na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se cobrase o importe que lle corresponda, a Universidade de Santiago terá dereito ó aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

XI. RESPONSABILIDADE.

O alumnado non asumirá nunca directamente a responsabilidade das labores que realice, senón que deberá actuar sempre baixo a supervisión do persoal designado polo Concello e de ser preciso, polos profesionais colaboradores da Escola de Práctica Xurídica que esta designe.

O feito de que o alumnado realice a súa labor nos concellos, non suporá ningún tipo de responsabilidade para os concellos, nin para a Deputación da Coruña, Universidade de Santiago, Colexio de Avogados de Santiago, Escola de Práctica Xurídica, Director da mesma e profesional designado polo centro para colaborar na coordinación da actividade.

Así mesmo, as partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideren xurdir a través desta comisión de seguimento.

A título enunciativo, esta Comisión terá como funcións facer o seguimento e avaliación do desenvolvemento do convenio, exercitando as funcións de

coordinación entre as administracións e institucións, así coma interpretar o convenio e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

XII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A Universidade de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

XIII. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A Universidade de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento das bolsas e dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago deberá contar, cando menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XIV. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consorte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a aplicación efectiva dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de ser o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XV. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día

no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de apliación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 de data Luns, 22 de xuño de 2015)
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 1116 de data Luns, 22 de xuño de 2015).

XVI. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de xuño, de Subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XVII. NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención

provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

XVIII. VIXENCIA

O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, nin os posteriores ao 31 de decembro de 2020, debendo estar xustificadas antes do día 28 de febreiro de 2021 e conservando a súa vixencia ata o 31 de marzo de 2021.

Tamén se poderá extinguir a vixencia do convenio polo mutuo acordo das Administracións intervintes, así como por decisión unilateral dalgunha delas cando se produza pola outra un incumprimento grave acreditado das obrigacións asumidas.

Por acordo expreso da ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes preceptivos do Servizo de patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIX. CUMPRIMENTO DO CONVENIO.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a resolución do mesmo.

Este convenio ten carácter administrativo, e as cuestións que poidan xurdir en relación con el serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data ___de de_____.

En proba de conformidade, ambas partes asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data sinalados ao inicio.

EN REPRESENTACIÓN DA EXCMA.
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O REITOR MAGNIFICO DA ILUSTRE
UNIVERSIDADE DE
COMPOSTELA

EN REPRESENTACIÓN DO
COLEXIO DE AVOGADOS
DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA"

11.- Aprobación da tramitación dun expediente de expropiación forzosa en relación cos bens e dereitos ocupados na finca 15031A025001350000OJ colindante co Monte Costa.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Aprobar a tramitación dun expediente de expropiación forzosa en relación cos bens e dereitos ocupados na finca 15031A025001350000OJ colindante co Monte Costa, en Culleredo (A Coruña), para deste xeito dar cumprimento ao dictame do Consello Consultivo de Galicia número 257/2019, e concretar a indemnización correspondente á parte interesada e a correlativa transferencia de titularidade dos terreos á Administración provincial.

SEGUNDO: Para estes efectos, declarar que a utilidade pública da presente actuación fundaméntase nas obras da Entidade Pública Empresarial Aeropuertos Españoles e Navegación Aérea (AENA) "Aeroporto da Coruña. Expropiación de terreos necesarios para o desenvolvemento do Plan Director 2ª fase e ampliación do campo de voos. (Expediente Número 99- AENA/10)" (BOE 05/08/2010), como consecuencia da aprobación do Plan Director (BOE13/09/2001), sendo de aplicación os preceptos contidos no artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa e artigos concordantes do seu regulamento (urxente ocupación). A existencia desta actuación fundamentou que o Pleno da Deputación de 22/03/2013 aprobase o prego de condicións para a contratación da venda de materiais no Monte Costa con destino ás obras de ampliación do aeroporto de Alvedro.

TERCEIRO: Declarar a necesidade de ocupación dunha parte da finca con referencia catastral 15031A025001350000OJ, cuxos antecedentes constan no expediente, e concretar como indemnización o prezo xusto de expropiación segundo o seguinte detalle Finca: Superficie expropiada: Valoración m2 Importe: 15031A025001350000OJ
3579 m2 solo rústico 3,916 € 14.015,36 €
3579 m2 arboreda 1,54 € 5.511,66 €
Suma: 19.527,02 €
5% premio de afección: 976,35 €
Total: 20.503,37 €

CUARTO: Someter o presente expediente a exposición pública por un período de 30 días, contados dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que as persoas interesadas poidan formular as reclamacións que estimen oportunas.

QUINTO: Trasladar o presente acordo á Presidencia para que a través dos servizos competentes da deputación se instrúa o oportuno expediente administrativo nas súas

diferentes fases ata o pagamento e toma de posesión do ben expropiado, segundo o disposto na Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa."

12.- Aprobación do cambio de titularidade de treitos do antigo trazado da estrada dp 5401, Narón ao polígono do río do Pozo por Castro, a favor do concello de Narón.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o cambio de titularidade a prol do Concello de Narón de treitos do antigo trazado da estrada DP 5401, Narón ao Polígono do Río do Pozo por Castro (tramo que vai dende a AC 566 á nova DP 5401), na aldea de Borreiros por mutación demanial, dando traslado á Xunta de Galicia para a súa correspondente aprobación aos efectos de dar cumprimento ao prevenido no artigo 9 da Lei de Carreteras de Galicia.

2.- Facultar ao Presidente para a formalización das correspondentes actas de entrega e recepción, unha vez aprobado polo órgano competente da Xunta de Galicia dito cambio de titularidade.

3.- Dar de baixa os referidos treitos do Inventario de bens da Deputación Provincial así coma do Catálogo da Rede de Estradas Provinciais."

13.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020, para o financiamento de gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases modificadas do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020, aprobadas mediante acordo plenario do 30 de abril de 2020 e publicadas no BOP nº 66 de 5 de maio de 2020, que foron modificadas para engadir a Base 12 para regular o

POS+Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e a Base 13 para regular o POS+Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, partindo das Bases iniciais reguladoras do POS+ 2020, que foran aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 25 de outubro de 2019 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 208 do 31 de outubro de 2019

Logo de ver a Base 13 das ditas Bases modificadas do POS+2020, que regula a elaboración e aprobación do POS+Adicional 2/2020, para a aplicación de Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio 2019 da Deputación Provincial da Coruña, destinado ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2020 ou de investimentos financeiramente sostibles dos concellos, como medida extraordinaria adoptada para apoiar aos concellos a facer fronte á crise socioeconómica derivada do COVID-19.

Logo de ver as solicitudes presentadas telematicamente polos 93 concellos da provincia de acordo coas Bases reguladoras do Plan, partindo das achegas provinciais que lles foron asignadas de forma obxectiva

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2020 destinado ao financiamento de gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, no marco do establecido na Base 13 das Bases reguladoras modificadas do POS+ 2020, aprobadas mediante acordo plenario do 30 de abril de 2020 e publicadas no BOP nº 66 de 5 de maio de 2020.

O resumo dos datos de financiamento deste Plan é o que a continuación se indica, e o seu detalle por concello figura nos Anexos I ao III a este acordo, segundo se detalla a continuación:

POS+ ADICIONAL 2/ 2020				
RESUMO XERAL : OBXECTOS E FINANCIAMENTO DESAGREGADO				
OBXECTO	PARTIDA	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
Gasto corrente	0430/4592/4 6201	6.853.998,25	0,00	6.853.998,25
Investimentos	0430/4592/7 6201	8.138.396,22	2.216.607,11	10.355.003,33
TOTAL		14.992.394,47	2.216.607,11	7.209.001,58

ÍNDICE DE ANEXOS A ESTE EXPEDIENTE	
Anexo I	Resumo xeral por concello e obxecto
Anexo II	Gasto corrente
Anexo III	Investimentos financeiramente sostibles

A aprobación definitiva deste Plan POS+Adicional 2/2020 queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 3/2020, no que se consigna crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento nas partidas orzamentarias indicadas.

2.- Aprobar os proxectos das obras e os pregos de prescricións técnicas das subministracións presentados polos concellos que se detallan no Anexo III a este acordo. Non obstante, a aprobación definitiva dos investimentos que neste Anexo teñen indicadas condicións suspensivas, queda condicionada ao seu cumprimento.

3.- A contratación das obras e subministracións incluídas neste Plan realizarase polos respectivos concellos segundo o disposto na Base 13.5, que establece que a contratación e a execución dos investimentos financeiramente sostibles realizarase segundo o disposto nas Bases 7, 8 e 9, aínda que o prazo previsto para a contratación rematará o 30 de novembro de 2021 e o prazo para a execución o 30 de novembro de 2022, e de acordo coas circulares que para tal fin se lles envíen aos concellos.

4.- Dispor o pago, con carácter de prepagable, aos concellos que destinan a achega provincial asignada ao financiamento dos seus gastos correntes, de acordo co detalle que figura no Anexo II a este acordo. O dito pago realizarase con cargo á partida indicada, e segundo os datos contables do informe da Intervención desta deputación.

5.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

6.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais para os efectos previstos no artigo 32 do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril.

7.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

8.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións."

POS+ ADICIONAL 2/2020
ANEXO I: RESUMO XERAL POR CONCELLO E OBXECTO

CONCELLO	ASIGNADO	GASTOS CORRENTES	INVESTIMENTOS			TOTAL DEPUTACIÓN	ECONOMÍA
			DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL		
ABEGONDO	161.241,38		161.241,38	6.010,74	167.252,12	161.241,38	0,00
AMES	324.558,72	47.981,97	276.576,75	0,00	276.576,75	324.558,72	0,00
ARANGA	129.910,66	129.910,66				129.910,66	0,00
ARES	85.827,46		85.827,46	17.492,79	103.320,25	85.827,46	0,00
ARTEIXO	350.827,66		350.827,66	374.145,80	724.973,46	350.827,66	0,00
ARZÚA	222.860,09	95.360,09		127.500,00	127.500,00	222.860,09	0,00
A BAÑA	147.315,97	42.395,59	104.920,38	0,00	104.920,38	147.315,97	0,00
BERGONDO	116.427,62		116.427,62	722.818,15	839.245,77	116.427,62	0,00
BETANZOS	146.772,40	11.767,45	135.004,95	0,00	135.004,95	146.772,40	0,00
BOIRO	233.960,90	69.886,52	164.074,38	0,00	164.074,38	233.960,90	0,00
BOIMORTO	122.114,95	77.114,95	45.000,00	0,00	45.000,00	122.114,95	0,00
BOQUEIXÓN	134.416,35	134.416,35				134.416,35	0,00
BRIÓN	149.146,74	2.371,84	146.774,90	0,00	146.774,90	149.146,74	0,00
CABANA DE BERGANTIÑOS	143.131,75	35.749,69	107.382,06	0,00	107.382,06	143.131,75	0,00
CABANAS	86.027,34		86.027,34	158.938,71	244.966,05	86.027,34	0,00
CAMARIÑAS	107.169,90	107.169,90				107.169,90	0,00
CAMBRE	253.770,13	125.474,64	128.295,29	0,00	128.295,29	253.770,13	0,00
A CAPELA	76.320,23	16.720,23	59.600,00	0,00	59.600,00	76.320,23	0,00
CARBALLO	413.323,59	138.322,27	275.001,32	0,00	275.001,32	413.323,59	0,00
CARNOTA	110.730,42	56.983,27	53.747,15	0,00	53.747,15	110.730,42	0,00
CARRAL	119.549,02	119.549,02				119.549,02	0,00
CEDEIRA	146.179,06	146.179,06				146.179,06	0,00
CEE	129.716,05	129.716,05				129.716,05	45,00
CERCEDA	159.647,18	159.647,18				159.647,18	0,00
CERDIDO	71.791,17	41.689,08	30.102,09	0,00	30.102,09	71.791,17	0,00
COIRÓS	72.875,96		72.875,96	1.053,34	73.929,30	72.875,96	0,00
CORCUBIÓN	43.627,45		43.627,45	0,00	43.627,45	43.627,45	0,00
CORISTANCO	195.716,38		195.716,38	18.071,06	211.787,44	195.716,38	0,00
A CORUÑA	103.146,25		103.146,25	41.154,50	144.300,75	103.146,25	0,00
CULLEREDO	306.643,49	306.643,49				306.643,49	0,00
CURTIS	138.038,33		138.038,33	0,01	138.038,34	138.038,33	0,00
DODRO	70.453,40		70.453,40	6.362,68	76.816,08	70.453,40	0,00
DUMBRIA	147.286,40	2.168,59	145.117,81	0,00	145.117,81	147.286,40	0,00
FENE	155.079,13		155.079,13	36.909,31	191.988,44	155.079,13	0,00
FERROL	169.971,98		169.971,98	193.268,32	363.240,30	169.971,98	0,00
FISTERRA	83.087,03	83.087,03				83.087,03	0,00
FRADES	121.107,86	121.107,86				121.107,86	0,00
IRIXOA	93.207,82	20.234,66	72.973,16	0,00	72.973,16	93.207,82	0,00
LAXE	83.089,63	52.325,25	30.764,38	0,00	30.764,38	83.089,63	0,00
A LARACHA	217.108,88	217.108,88				217.108,88	0,00
LOUSAME	122.824,28	55.968,71	66.855,57	0,00	66.855,57	122.824,28	0,00

CONCELLO	ASIGNADO	GASTOS CORRENTES	INVERSIONES			TOTAL DEPUTACIÓN	ECONOMÍA
			DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL		
MALPICA	122.417,40	6.648,78	115.768,64	526,05	116.294,69	122.417,40	0,00
MAÑÓN	102.527,23	71.047,81	31.479,42	0,00	31.479,42	102.527,23	0,00
MAZARICOS	204.865,84	204.865,84				204.865,84	0,00
MELIDE	208.732,88		208.732,88	41.703,82	250.436,68	208.732,88	0,00
MESÍA	138.684,80		138.684,80	4.714,74	143.399,54	138.684,80	0,00
MIÑO	110.350,37	110.350,37				110.350,37	0,00
MOECHE	75.487,78	37.716,20	37.771,58	0,00	37.771,58	75.487,78	0,00
MONFERO	167.481,82		167.481,82	5.489,63	172.971,45	167.481,82	0,00
MUGARDOS	88.429,79		80.869,28	0,00	80.869,28	80.869,28	7.560,53
MUXÍA	169.169,36	8.727,61	160.441,75	0,00	160.441,75	169.169,36	0,00
MUROS	151.192,08	151.192,08				151.192,08	0,00
NARÓN	364.904,16	27.439,48	337.464,68	0,00	337.464,68	364.904,16	0,00
NEDA	85.542,58	85.542,58				85.542,58	0,00
NEGREIRA	188.909,55	188.909,55				188.909,55	0,00
NOIA	160.859,81	160.859,81				160.859,81	0,00
OLEIROS	327.783,57	89.137,62	238.645,65	59.661,41	298.307,06	327.783,57	0,00
ORDES	248.456,23	248.456,23				248.456,23	0,00
OROSO	151.787,47	151.787,47				151.787,47	0,00
ORTIGUEIRA	259.420,79	65.952,49	193.468,30	0,00	193.468,30	259.420,79	0,00
OUTES	157.997,55	31.966,20	126.031,35	0,00	126.031,35	157.997,55	0,00
PADERNE	85.575,99	85.575,99				85.575,99	0,00
PADRÓN	128.468,40	6.298,56	122.171,84	0,00	122.171,84	128.468,40	0,00
O PINO	176.062,97	71.088,74	104.974,23	0,00	104.974,23	176.062,97	0,00
POBRA DO CARAMIÑAL	122.434,73	122.434,73				122.434,73	0,00
PONTECESO	157.022,90	157.022,90				157.022,90	0,00
PONTEDEUME	119.193,77	119.193,77				119.193,77	0,00
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	313.359,49	313.359,49				313.359,49	0,00
PORTO DO SON	174.993,46		174.993,46	4.292,82	179.286,28	174.993,46	0,00
RIANXO	154.362,77	154.362,77				154.362,77	0,00
RIBEIRA	282.309,62	60.649,18	221.660,44	0,00	221.660,44	282.309,62	0,00
ROIS	144.313,88	74.463,53	69.850,35	0,00	69.850,35	144.313,88	0,00
SADA	172.351,08		172.351,08	416.088,53	588.439,61	172.351,08	0,00
SAN SADURNIÑO	125.033,55	366,89	124.666,66	0,00	124.666,66	125.033,55	0,00
SANTA COMBA	268.031,03		268.031,03	83.205,33	351.236,36	268.031,03	0,00
SANTIAGO DE COMPOSTELA	344.787,90		344.787,90	0,00	344.787,90	344.787,90	0,00
SANTISO	118.364,73	118.364,73				118.364,73	0,00
SOBRADO	139.740,77	139.740,77				139.740,77	0,00
AS SOMOZAS	101.881,63	101.881,63				101.881,63	0,00
TEO	239.454,48		239.454,48	16.788,54	256.243,02	239.454,48	0,00
TOQUES	105.136,58	27.063,51	78.073,07	0,00	78.073,07	105.136,58	0,00
TORDOIA	151.808,84	151.808,84				151.808,84	0,00
TOURO	168.769,17		168.769,17	8.166,83	176.936,00	168.769,17	0,00
TRAZO	136.618,29	136.618,29				136.618,29	0,00
VALDOVIÑO	146.913,51	146.913,51				146.913,51	0,00
VAL DO DUBRA	149.106,96	149.106,96				149.106,96	0,00

CONCELLO	ASIGNADO	GASTOS CORRENTES	INVERSIONES			TOTAL DEPUTACIÓN	ECONOMÍA
			DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL		
VEDRA	123.220,79	123.220,79				123.220,79	0,00
VILASANTAR	92.163,40	19.988,40	72.185,00	0,00	72.185,00	92.163,40	0,00
VILARMAIOR	63.765,34		63.765,34	1.744,00	65.509,34	63.765,34	0,00
VIMIANZO	231.897,11	22.086,74	209.831,37	0,00	209.831,37	231.897,11	0,00
ZAS	182.916,71	35.686,55	147.230,16	0,00	147.230,16	182.916,71	0,00
CARIÑO	94.411,85	94.411,85				94.411,85	0,00
OZA CESURAS	234.522,45	234.522,45				234.522,45	0,00
TOTAL	15.000.000,00	6.853.998,25	8.138.396,22	2.216.607,11	10.355.003,33	14.992.394,47	7.605,53
Total concellos	93	69			58		

POS+ AD 2 /2020
ANEXO II: GASTOS CORRENTES

CONCELLO	GASTOS CORRENTES
AMES	47.981,97
ARANGA	129.910,66
ARZUA	95.360,09
A BANA	42.395,59
BETANZOS	11.787,45
BOIRO	69.886,52
BOIMORTO	77.114,85
BOQUEIXON	134.416,35
BRION	2.371,84
CABANA DE B.	35.749,69
CAMARIÑAS	107.169,90
CAMBRE	125.474,84
A CAPELA	16.720,23
CARBALLO	138.322,27
CARNOTA	56.983,27
CARRAL	119.549,02
CEDEIRA	146.179,06
CEE	129.716,05
CERCEDA	159.847,18
CERDIDO	41.689,08
CULLEREDO	306.643,49
DUMBRIA	2.168,59
FISTERRA	83.087,03
FRADES	121.107,86
IRIXOA	20.234,66
LAXE	52.325,25
A LARACHA	217.108,88
LOUSAME	55.968,71
MALPICA DE B.	6.648,76
MANON	71.047,81
MAZARICOS	204.865,84
MINO	110.350,37
MOECHÉ	37.716,20
MUXIA	8.727,61
MUROS	151.192,08

CONCELLO	GASTOS CORRENTES
NARON	27.439,48
NEDA	85.542,58
NEGREIRA	188.969,55
NOIA	160.859,81
OLEIROS	89.137,92
ORDES	248.455,23
OROSO	151.787,47
ORTIGUEIRA	65.952,49
OUTES	31.968,20
PADERNE	85.575,99
PADRON	6.296,56
O PINO	71.088,74
A POBRA DO C.	122.434,73
PONTECESO	157.022,90
PONTEDEUME	119.193,77
AS PONTES DE G.R.	313.359,49
RIANXO	154.362,77
RIBEIRA	60.849,18
ROIS	74.463,53
SAN SADURNINO	366,89
SANTISO	118.364,73
SOBRADO	139.740,77
AS SOMOZAS	101.881,63
TOQUES	27.063,51
TORDOIA	151.808,84
TRAZO	136.818,29
VALDOVINO	146.913,51
VAL DO DUBRA	149.106,96
VEDRA	123.220,79
VILASANTAR	19.868,40
VIMIANZO	22.065,74
ZAS	35.686,55
CARINO	94.411,65
OZA - CESURAS	234.522,45
TOTAL	6.853.998,25
NÚMERO CONCELLOS	69

POS+ ADICIONAL 2/2020
ANEXO III: INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

CONCELLO	CODIGO DE OBRA	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN
ABEGONDO	2020.2102.0301.0	Repar. camiños prrgs. de Presedo, Vios e Vilacoba	48.429,58	0,00	48.429,58	
	2020.2102.0302.0	Rede de saneamento en Ardexurxo-Abegondo	112.811,80	6.010,74	118.822,54	
		TOTAL	161.241,38	6.010,74	167.252,12	
AMES	2020.2102.0303.0	Interiores de Rúa Piñeiro	276.576,75	0,00	276.576,75	Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio
		TOTAL	276.576,75	0,00	276.576,75	
ARES	2020.2102.0304.0	Mellora rede de abastecemento rúas María e Real	85.827,46	17.492,79	103.320,25	
		TOTAL	85.827,46	17.492,79	103.320,25	
ARTEIXO	2020.2102.0305.0	Senda peonil na AC-552 entre Quinto Pino e A Maceira	136.436,05	145.504,43	281.940,48	
	2020.2102.0306.0	Senda peonil en Laxobre, 1ª Fase	104.379,67	111.317,35	215.697,02	
	2020.2102.0307.0	Mellora firmes parroquias de Barrañán e Armentón	110.011,94	117.324,02	227.335,96	
		TOTAL	350.827,66	374.145,80	724.973,46	
ARZUA	2020.2102.0308.0	Camiño de Viñós a Tronceda a Nova por Carballeira	30.000,00	0,00	30.000,00	
	2020.2102.0309.0	Humanización rúa do Carne de Dores a Neira Vilas	97.500,00	0,00	97.500,00	Autorización da D. X. de Patrimonio Cultural
		TOTAL	127.500,00	0,00	127.500,00	Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas
A BAÑA	2020.2102.0310.0	Pav. V. P. Señor e Buchain (A Baña)	31.895,19	0,00	31.895,19	
	2020.2102.0311.0	Pav. V. P. Failde-Suevos-Faxín	36.244,38	0,00	36.244,38	
	2020.2102.0312.0	Pav. V.P. Gosende-Estrada A Carballeira	36.780,81	0,00	36.780,81	
		TOTAL	104.920,38	0,00	104.920,38	
BERGONDO	2020.2102.0313.0	Mell. camiños prrgs. de Cortiñán, Vixoi, Guisamo e ou.	116.427,62	722.818,15	839.245,77	Autorización de ADIF
		TOTAL	116.427,62	722.818,15	839.245,77	Autorización S. Urbanismo - Costas (Xunta) Autorización de Augas de Galicia
BETANZOS	2020.2102.0314.0	Mellora pavim. e seguridade r/ Requián e Piadela	135.004,95	0,00	135.004,95	
		TOTAL	135.004,95	0,00	135.004,95	
BOIMORTO	2020.2102.0315.0	Camiño de Aldrá-Rozadas (Rodieiros) e outro	45.000,00	0,00	45.000,00	Autorización da D. X. de Patrimonio Cultural
		TOTAL	45.000,00	0,00	45.000,00	
BOIRO	2020.2102.0316.0	Repar.beirarrúas Rúa Nova, Coido Chanquiña e out.	164.074,38	0,00	164.074,38	Autorización de Augas de Galicia
		TOTAL	164.074,38	0,00	164.074,38	
BRION	2020.2102.0317.0	Mell.abast. e saneam.Chave de Ponte, r.Gondar e o.	146.774,90	0,00	146.774,90	
		TOTAL	146.774,90	0,00	146.774,90	
CABANA DE B.	2020.2102.0318.0	Reparac. estradas Seixoso-Ternande,Pedracuca e ou.	107.382,06	0,00	107.382,06	
		TOTAL	107.382,06	0,00	107.382,06	

CONCELLO	CODIGO DE OBRA	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN
CABANAS	2020.2102.0319.0	Saneam. e pluviais contorna parque do Areal e. ou.	86.027,34	158.938,71	244.966,05	Autorización da D. X. de Patrimonio Cultural Autorización da Demarcación de Estradas do Estado Autorización de ADIF Autorización S. Urbanismo - Costas (Xunta) Autorización da Demarcación de Costas do Estado Autorización S. Vías e Obras Deputación Autorización de Augas de Galicia Present. proxecto corrixido e aprobado e superv. fav.
		TOTAL	86.027,34	158.938,71	244.966,05	
CAMBRE	2020.2102.0320.0	Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis	61.766,19	0,00	61.766,19	
	2020.2102.0321.0	Mell.pav. r/Miguel González Garoés e Gamelas	66.529,10	0,00	66.529,10	
		TOTAL	128.295,29	0,00	128.295,29	
A CAPELA	2020.2102.0322.0	Mellora de camiños Ponte de Porcar-Os Calzados	59.600,00	0,00	59.600,00	
		TOTAL	59.600,00	0,00	59.600,00	
CARBALLO	2020.2102.0323.0	Saneam.e abast.en Berdillo: O Curro, Aseñado e ou.	275.001,32	0,00	275.001,32	
		TOTAL	275.001,32	0,00	275.001,32	
CARNOTA	2020.2102.0324.0	Adecuación parque infantil Praza de San Gregorio	53.747,15	0,00	53.747,15	
		TOTAL	53.747,15	0,00	53.747,15	
CERDIDO	2020.2102.0325.0	Mellora rede abastecemento na Camperia	30.102,09	0,00	30.102,09	
		TOTAL	30.102,09	0,00	30.102,09	
COIROS	2020.2102.0326.0	Mellora da rede viaria en Ferrollo e outros	30.284,65	0,00	30.284,65	Autorización da Demarcación de Estradas do Estado
	2020.2102.0327.0	Praza pública inmediata á casa do concello. Coirós	42.591,31	1.053,34	43.644,65	Autorización da Demarcación de Estradas do Estado
		TOTAL	72.875,96	1.053,34	73.929,30	
CORCUBIÓN	2020.2102.0328.0	Mell.saneam.e paviment. Casco Histórico e Aldeas	43.627,45	0,00	43.627,45	
		TOTAL	43.627,45	0,00	43.627,45	
CORISTANCO	2020.2102.0329.0	Mellora rede de saneamento no lugar de Rabadeira	99.056,27	0,00	99.056,27	Autorización de Augas de Galicia
	2020.2102.0330.0	Mellora da rede de saneamento no lugar de Sorribas	80.825,28	0,00	80.825,28	Autorización de Augas de Galicia
	2020.2102.0331.0	Mellora rede de saneamento no lugar da Rabuxenta	15.834,83	16.071,06	31.905,89	Autorización de Augas de Galicia
		TOTAL	195.716,38	16.071,06	211.787,44	
A CORUÑA	2020.2102.0332.0	Saneamento separativo na rúa Helsinki	103.146,25	41.154,50	144.300,75	Ratificación acordo de aprobación
		TOTAL	103.146,25	41.154,50	144.300,75	
CURTIS	2020.2102.0333.0	Mellora rede auga potable Pereiras e Carballeira	53.400,00	0,00	53.400,00	Autorización de Augas de Galicia
	2020.2102.0334.0	Mellora seguridade viaria en rúas de Teixeira e Curtis	30.000,00	0,00	30.000,00	
	2020.2102.0335.0	Pavim.camiños Cheira-Boedo, AC 840-Alvite e EDAR	54.638,33	0,01	54.638,34	
		TOTAL	138.038,33	0,01	138.038,34	

CONCELLO	CODIGO DE OBRA	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN
DODRO	2020.2102.0336.0	Reparacións na sede do CRA de Dodro en Imo	33.402,84	3.181,34	36.584,18	
	2020.2102.0337.0	Mell. segur. viaria acceso CPI E. Lorenzo Baleirón	37.050,66	3.181,34	40.231,00	
	TOTAL		70.453,40	6.362,68	76.816,08	
DUMBRIA	2020.2102.0338.0	Acceso ao colexio de Bustelo	48.374,66	0,00	48.374,66	
	2020.2102.0339.0	Acceso a Prado e Altalamaña	48.378,01	0,00	48.378,01	
	2020.2102.0340.0	Mellora do viario de Vilar a Oliveira por Rebouta	48.365,14	0,00	48.365,14	
	TOTAL		145.117,81	0,00	145.117,81	
FENE	2020.2102.0341.0	Pavimentación rúa Muíños e Doutor Francisco Malvar	106.028,14	25.234,89	131.263,03	
	2020.2102.0342.0	Área recreativa en San Valentín (1ª Fase)	49.050,99	11.674,42	60.725,41	Autorización da Demarcación de Costas do Estado
	TOTAL		155.079,13	36.909,31	191.988,44	Acreditación da dispoñibilidade dos terreos
FERROL	2020.2102.0343.0	Aglomerado na Avenida de Esteiro	100.000,00	143.982,16	243.982,16	
	2020.2102.0344.0	Aglomerado na estrada da Coba	69.971,98	49.286,16	119.258,14	Autorización S. Urbanismo - Costas (Xunta)
	TOTAL		169.971,98	193.268,32	363.240,30	Autorización do Servizo de Conservación da Natureza Autorización da Demarcación de Costas do Estado
IRIXOA	2020.2102.0345.0	Mellora firme no Penedo, Fieital, Casanova e ou.	72.973,16	0,00	72.973,16	
	TOTAL		72.973,16	0,00	72.973,16	
LAXE	2020.2102.0346.0	Repar. cuberta patio P. de Atención Infantil. Laxe	30.764,38	0,00	30.764,38	
	TOTAL		30.764,38	0,00	30.764,38	
LOUSAME	2020.2102.0347.0	Camiño de Bargo a Fontefría	66.855,57	0,00	66.855,57	
	TOTAL		66.855,57	0,00	66.855,57	
MALPICA DE B.	2020.2102.0348.0	Construcción vestiarios no campo de fútbol de Buño	115.768,64	526,05	116.294,69	Ratificación acordo aprobación
	TOTAL		115.768,64	526,05	116.294,69	
MAÑÓN	2020.2102.0349.0	Pavimentación en Castiñeiras e outros	31.479,42	0,00	31.479,42	
	TOTAL		31.479,42	0,00	31.479,42	
MELIDE	2020.2102.0350.0	Mell. pavime. e segur. pistas Orois a Maoeda e ou.	208.732,86	41.703,82	250.436,68	
	TOTAL		208.732,86	41.703,82	250.436,68	
MESIA	2020.2102.0351.0	Camiño de Soutelo a Mesía (Olas)	138.684,80	4.714,74	143.399,54	
	TOTAL		138.684,80	4.714,74	143.399,54	
MOECHE	2020.2102.0352.0	Mellora iluminación estrada da Feira	37.771,58	0,00	37.771,58	
	TOTAL		37.771,58	0,00	37.771,58	
MONFERO	2020.2102.0353.0	Pavim. prrqs. de S.Fiz, Val Xestoso, Vilachá e ou.	167.481,82	5.489,63	172.971,45	
	TOTAL		167.481,82	5.489,63	172.971,45	

CONCELLO	CODIGO DE OBRA	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN
MUGARDOS	2020.2102.0354.0	Acondic. vias e camiños do Concello de Mugardos	80.869,26	0,00	80.869,26	Present. proxecto corrixido e aprobado e superv. fav. Ratificación acordo de aprobación Autorización S. Urbanismo - Costas (Xunta) Autorización da D. X. de Patrimonio Cultural Autorización de Augas de Galicia Autorización do Instituto de Estudos do Territorio Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas
		TOTAL	80.869,26	0,00	80.869,26	
MUXIA	2020.2102.0355.0	Sinaliz. e ilum. cont. santuario Nosa Sra.da Barca	160.441,75	0,00	160.441,75	Autorización Demarcación de Costas do Estado Autorización S. Urbanismo - Costas (Xunta)
		TOTAL	160.441,75	0,00	160.441,75	
NARÓN	2020.2102.0356.0	Ampliación rede saneamento no Couto - Narón	249.146,79	0,00	249.146,79	Autorización S. Urbanismo - Costas (Xunta) Autorización da D. X. de Patrimonio Cultural Autorización da Demarcación de Estradas do Estado
	2020.2102.0357.0	Ampliación do local social de San Mateo	88.317,89	0,00	88.317,89	Present. proxecto corrixido e aprobado e superv. fav.
		TOTAL	337.464,68	0,00	337.464,68	
OLEIROS	2020.2102.0358.0	Pavim. e sinalización vial urbanización As Galeras	238.645,65	59.661,41	298.307,06	
		TOTAL	238.645,65	59.661,41	298.307,06	
ORTIGUEIRA	2020.2102.0359.0	Remodelación da Alameda da Vila de Santa Marta	59.591,23	0,00	59.591,23	
	2020.2102.0360.0	Remodelación espazos exter. Mirador de Espasante	133.877,07	0,00	133.877,07	Autorización da Demarcación de Costas do Estado Autorización S. Urbanismo - Costas (Xunta)
		TOTAL	193.468,30	0,00	193.468,30	
OUTES	2020.2102.0361.0	Aceso a Mosteiro (Sabardes) e outro	70.918,87	0,00	70.918,87	Autorización da Demarcación de Costas do Estado Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas
	2020.2102.0362.0	Acondic. cmño. Ousesende a Diz (S.Ourense) e out.	55.112,48	0,00	55.112,48	
		TOTAL	126.031,35	0,00	126.031,35	
PADRON	2020.2102.0363.0	Saneamento en Vigo	122.171,84	0,00	122.171,84	Autorización de Augas de Galicia Acreditación da dispoñibilidade dos terreos
		TOTAL	122.171,84	0,00	122.171,84	
PINO	2020.2102.0364.0	Estrada local de Marquiño-Escola Lardeiros	104.974,23	0,00	104.974,23	
		TOTAL	104.974,23	0,00	104.974,23	
PORTO DO SON	2020.2102.0365.0	Humanización da Rúa Santa Irene	174.993,46	4.292,82	179.286,28	
		TOTAL	174.993,46	4.292,82	179.286,28	
RIBEIRA	2020.2102.0366.0	Pavimentación da rúa Romero Ortiz (Ribeira)	164.161,24	0,00	164.161,24	
	2020.2102.0367.0	Renovación do alumeadado público na Rúa de Galicia	39.204,00	0,00	39.204,00	
	2020.2102.0368.0	Renov. alumeadado públ. r/Lugo e r/Rosalía de Castro	18.295,20	0,00	18.295,20	
		TOTAL	221.660,44	0,00	221.660,44	

CONCELLO	CODIGO DE OBRA	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN
ROIS	2020.2102.0369.0	Afirmado e acondicion. de pistas en Xiaxe e Moares	69.850,35	0,00	69.850,35	
		TOTAL	69.850,35	0,00	69.850,35	
SADA	2020.2102.0370.0	Renovación da Avda. Pároco Villanueva, Sada	17.956,00	268.076,70	286.032,70	
	2020.2102.0371.0	Servizo de distribución de auga parroquia de Osedo	136.439,98	0,00	136.439,98	
	2020.2102.0372.0	Substitución redes principais Praciña Marina e ou.	17.955,10	148.011,83	165.966,93	
		TOTAL	172.351,08	416.088,53	588.439,61	
SAN SADURNIÑO	2020.2102.0373.0	Pavimentación do camiño do Eirexado a Lourido	57.666,53	0,00	57.666,53	
	2020.2102.0374.0	Iluminación en Marqués de Figueroa, Outeiro e ou.	67.000,13	0,00	67.000,13	
		TOTAL	124.666,66	0,00	124.666,66	
SANTA COMBA	2020.2102.0375.0	Reurbaniz. tramo Avda. Santiago-concello (AC-406)	268.031,03	83.205,33	351.236,36	
		TOTAL	268.031,03	83.205,33	351.236,36	
SANTIAGO DE C.	2020.2102.0376.0	Mell.contorna N-550 en Barciela a Casas de Arriba	260.000,00	0,00	260.000,00	
	2020.2102.0377.0	Ampl.rede abastecemento en Piñeiro de Enfesta e o.	84.787,90	0,00	84.787,90	Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas
		TOTAL	344.787,90	0,00	344.787,90	
TEO	2020.2102.0378.0	Reforma e ampliación da Casa Común de Oza	239.454,48	16.788,54	256.243,02	
		TOTAL	239.454,48	16.788,54	256.243,02	
TOQUES	2020.2102.0379.0	Camiño de Vilares a Baamonde	78.073,07	0,00	78.073,07	
		TOTAL	78.073,07	0,00	78.073,07	
TOURO	2020.2102.0380.0	Mellora da seguridade viaria en Tribás (Loxo)	39.455,05	1.909,25	41.364,30	
	2020.2102.0381.0	Mellora pista de Bugalleira a AC-240 (Vilar) e ou.	61.076,30	2.955,52	64.031,82	
	2020.2102.0382.0	Mellora da pista de Foxás de Abaixo a Grixó e ou.	68.237,82	3.302,06	71.539,88	
		TOTAL	168.769,17	8.166,83	176.936,00	
VILASANTAR	2020.2102.0383.0	Rehab. firme accesos a Liñares, Fortaleza e Vento	72.195,00	0,00	72.195,00	
		TOTAL	72.195,00	0,00	72.195,00	
VILARMAIOR	2020.2102.0384.0	Rede saneam. Vilaboa e mell. firme vial en Cepeira	63.765,34	1.744,00	65.509,34	
		TOTAL	63.765,34	1.744,00	65.509,34	
VIMIANZO	2020.2102.0385.0	Arranxo pavimentación no lugar de Novelle	95.714,27	0,00	95.714,27	
	2020.2102.0386.0	Arranxo pavimentación no lugar da Carballa	113.917,10	0,00	113.917,10	Autorización de Augas de Galicia
		TOTAL	209.631,37	0,00	209.631,37	
ZAS	2020.2102.0387.0	Acond. estacionam.e accesos c. fútbol de Zas e ou.	92.498,96	0,00	92.498,96	
	2020.2102.0388.0	Mello.pav.Fornelos (Baio), O Couto (Muíño) e ou.	54.731,20	0,00	54.731,20	Autorización de Augas de Galicia
		TOTAL	147.230,16	0,00	147.230,16	

TOTAL	8.138.396,22	2.216.607,11	10.355.003,33
TOTAL CONCELLOS			58
TOTAL OBRAS			88

14.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Primeira milla do Camiño Inglés"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da esta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. A intervención no barrio de Ferrol Vello é unha necesidade urxente dado o seu estado de abandono e deterioración. Trátase da fachada marítima da cidade, de primeira vista para os turistas que chegan á mesma.

O obxecto deste proxecto consiste en enmascarar a súa decadencia baixo unha intervención artística que cree un atractivo estético, alterar os espazos degradados pero sen alterar a morfoloxía propia do barrio con vistas a impulsar a recuperación dun lugar histórico e emblemático para a cidade O impulso público, axuda a conseguir lugares e espazos públicos onde esta manifestación artística poida expresar ideas, e do mesmo xeito, loitar contra o feísmo urbanístico; a arte urbana en sí, convértese nun innegable reclamo turístico, contribuíndo a mellorar a imaxe de espazos degradados, creando un diálogo social e dotando ao pobo de cor e vida.

3º Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO con CIF G15876659, para financiar o "Primeira milla do Camiño Inglés" cun orzamento total de 38.000,00 €

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 30.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 78,94 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo con as previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/481

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Primeira milla do Camiño Inglés"

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte,, en representación do AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO consideran de gran interese para a provincia a mellora do patrimonio cultural e turístico da provincia mediante unha serie de actuacións en materia de arte urbano na cidade de Ferrol.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO**, CIF G15876659, , polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Primeira milla do Camiño Inglés" "tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

PINTURA ACRÍLICA EXTERIOR DIVERSAS CORES	2.300,00 €
SPRAYS GRAFFITI DIVERSAS CORES MONTANA HARDCORE	1.400,00 €
PINTURA ESMALTES FORXA PARA METAL	2.450,00 €
BROCHAS, PALENTIAS, RODILLOS, EXTENSORES	1.500,00 €
MATERIAL GRÁFICO, COPIAS GRAN FORMATO, LONAS VINÍLICAS	3.020,00 €
ESTRUCTURAS DE MADEIRA E ENGANCHES PANEIS MURALÍSTICOS	5.000,00 €
MANO DE OBRA FORJA Y CARPINTERÍA, CONTRATACIÓN PERSONAL	3.100,00 €
DIRECCIÓN E EXECUCIÓN DO PROXECTO	7.000,00 €
ALUGUER DE MATERIAL AUDIOVISUAL	1.200,00 €
SUBCONTRATACIÓN ARTISAS COLABORADORES, HOTELES, DIETAS, ETC	9.000,00 €
ALUGUER DE GRÚAS E ANDAMIOS	2.030,00 €
TOTAL	38.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 78,94%. No caso de que o gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,94% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/481.00, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificando.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificando, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de

17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de outubro de 2020.

2. Unha vez rematadas as actividades, o AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo periodo que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de outubro de 2020, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro do 2020, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO non poida ter presentada a xustificación **antes do día 30 de novembro de 2020**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención

concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación,

O Representante da ASOCIACION

O Secretario Provincial"

15.- Aprobación do convenio de cooperación interadministrativa entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Ares polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do "Proxecto básico e de execución da cuberta da cociña do Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a

existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da esta subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a cooperación e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. As actuacións consisten fundamentalmente en levar a cabo a rehabilitación da cociña do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro, edificio singular dentro do concello,.

Os usos actuais do Mosteiro son a celebración de actos culturais, as visitas públicas cando o permiten os horarios de apertura promovidos pola "Asociación amigos do Mosteiro de Montefaro" que foi constituída para o sostemento, divulgación, promoción e estudo do legado do Mosteiro, sendo o Concello de Ares o encargado de levar a cabo o mantemento de dita infraestrutura. O proxecto ven a actuar sobre o volumen anexo ao corpo principal do mosteiro, conformado polos dous patios, as antigas cociñas do cenobio reutilizadas eu que hoxe mantén, en moi precarias condicións, un uso semellante. O seu estado actual, con apeos en varias das vigas estruturais, pingueiras en moitas partes da cuberta, oxidación, fisuras e desprendimentos importantes, fan necesario unha solución rehabilitadora.

3º Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE ARES con CIF P1500400E para financiar o "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA CUBERTA DA COCIÑA DO MOSTEIRO DE SANTA CATARINA DE MONTEFARO " cun orzamento total de 131.000,02 €

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 128.855,41 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 98,362 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo con as previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3339/76201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA CUBERTA DA COCIÑA DO MOSTEIRO DE SANTA CATARINA DE MONTEFARO "

Na Coruña, a __ de _____ de 202__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, en representación da Deputación da Coruña,

E doutra parte D. _____ en representación do **Concello de ARES**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de ARES considera de primeira necesidade as actuacións relativas ao **PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA CUBERTA DA COCIÑA DO MOSTEIRO DE SANTA CATARINA DE MONTEFARO**, xa que o Concello de ARES considera de primeira necesidade as actuacións sobre o a cociña do Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro, dado o seu deterioro, e por tratarse dun notable exemplo de arquitectura relixiosa no concello. O mosteiro conforma un notable atractivo como destino turístico que, por capacidade de atracción, resulta estrutural de cara ao interese provincial

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar o **PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA CUBERTA DA COCIÑA DO MOSTEIRO DE SANTA CATARINA DE MONTEFARO**, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de ARES ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente **CONVENIO DE COOPERACIÓN** conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación interadministrativa ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de ARES, con CIF **P1500400E**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras da "**PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA CUBERTA DA COCIÑA DO MOSTEIRO DE SANTA CATARINA DE MONTEFARO**", tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola entidade CRECENTE ASOCIADOS

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

Actuacións previas	13.354,50 €
Acondicionamento do terreo	906,85 €
Estructura	12.186,86 €
Cuberta	25.707,77 €
Fábricas e albanelería	3.298,77 €
Carpinterías	4.137,00 €
Revestimentos	10.357,54 €
Instalacións	14.220,16 €
Control de calidade	606,00 €
Xestión residuos	2.157,52 €
Seguridade e saúde	2.556,17 €
Control arqueolóxico	1.489,42 €
TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL	90.978,56 €
13,00 % Gastos xerais	11.827,21 €
6,00 % Beneficio industrial	5.458,71 €
TOTAL EXECUCIÓN POR CONTRATA	108.264,48 €
21,00 % IVA	22.735,54 €

TOTAL ORZAMENTO	131.000,02 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **128.855,41 euros** o que representa unha porcentaxe de **98,362%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **98,362 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4 O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3339/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Base 53 das de execución do Orzamento para o ano 2020, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de reformulo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social,

segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboadado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboadado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas

no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola

Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de

axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de MAIO do 2021**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 31 de MARZO de 2021**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____**

**O ALCALDE -PRESIDENTE DO
CONCELLO DE ARES**

Asdo.: _____

Asdo. _____

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. _____ "

16.- Aprobación do convenio de cooperación interadministrativa entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Pontedeume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do "Proxecto de acondicionamento de praza no Camiño Inglés"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da esta subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a cooperación e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. O Camiño Inglés é unha das rutas históricas recoñecidas como Camiño de Santiago. As peregrinacións históricas que elixían este itinerario chegaban á costa galega a través de Ferrol e A Coruña, sendo o punto de partida das dúas alternativas desta ruta terrestre.

O ámbito de actuación sitúase no final da segunda etapa do tramo do Camiño Inglés que parte de Ferrol, na súa chegada á vila Pontedeume, ao final da Ponte pétreo sobre o río Eume construída no século XIX (1867 -1870). Esta ponte substituíu a outra levantada por Fernán Pérez de Andrade no século XIV.

Trátase dunha das actuacións que intenta pór en valor a única ruta xacobeo que transcorre íntegramente pola provincia, que provocou profundas transformacións como o impulso entre os portos comerciais da Coruña e Ferrol e as Illas Británicas.

O proxecto ten por obxecto o acondicionamento dun tramo do Camiño Inglés na entrada ao núcleo de Pontedeume, dándolle un tratamento adecuado a súa significación

3º Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE PONTEDEUME con CIF P1507000F para financiar o "**PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE PRAZA NO CAMIÑO INGLÉS**" cun orzamento total de 95.492,18 €

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 76.393,74 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo con as previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4322/76201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO "PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE PRAZA NO CAMIÑO INGLÉS"

Na Coruña, a ___ de _____ de 202_

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Excm. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de PONTEDEUME**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de PONTEDEUME considera de primeira necesidade as actuacións sobre, o "**PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE PRAZA NO CAMIÑO INGLÉS**".

O Camiño Inglés é unha das rutas históricas recoñecidas como Camiño de Santiago. As peregrinacións históricas que elixían este itinerario chegaban á costa galega a través de Ferrol e A Coruña, sendo o punto de partida das dúas alternativas desta ruta terrestre.

O ámbito de actuación sitúase no final da segunda etapa do tramo do Camiño Inglés

que parte de Ferrol, na súa chegada á vila Pontedeume, ao final da Ponte pétreá sobre o río Eume construída no século XIX (1867 -1870). Esta ponte substituíu a outra levantada por Fernán Pérez de Andrade no século XIV.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar a PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE PRAZA NO CAMIÑO INGLÉS , motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de PONTEDEUME ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de PONTEDEUME, con CIF P1507000F, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras do "PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE PRAZA NO CAMIÑO INGLÉS" tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Servizo de Asistencia técnica a Concellos da Deputación da Coruña.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi elaborado polos Servizos Técnicos da Deputación.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución das obras.

1 DEMOLICIÓN E ACTUACIÓN PREVIAS	5.359,38 €
2 MOVEMENTO DE TERRAS	1.809,35 €
3 FIRMES E PAVIMENTOS	49.051,68 €
4 XARDIÑARÍA	1.945,98 €

5 INSTALACIÓNS	2.818,82 €
6 VARIOS	3.417,29 €
7 SEGURIDADE E SAÚDE	1.004,25 €
8 CONTROL E CALIDADE	107,12 €
9 XESTIÓN DE RESIDUOS	804,75 €
13% Gastos xerais	8.621,42 €
6% Beneficio industrial	3.979,12 €
21% IVE	16.573,02 €
TOTAL	95.492,18 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **76.393,74 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,0000%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,000 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/4322/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario

para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**
- 3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Base 53 das de execución do Orzamento para o ano 2020, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

Acta de reformulo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación.**

Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.

Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.

Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustifico do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña

recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro

órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto. e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación interadministrativa producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 31 de agosto do 2021. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de xullo de 2021**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____

**O ALCALDE -PRESIDENTE DO
CONCELLO DE PONTEDEUME**

Asdo.: _____

Asdo. _____

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. _____ "

17.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xuño de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de xuño de 2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de xuño de 2020.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de xuño de 2020.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

18.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente ao segundo trimestre de 2020 e proxección a 31/12/2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de xuño de 2020, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2020 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

19.- Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2019.

Dáse conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2019.

20.- Dación de conta da tramitación pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) das contas anuais do exercicio 2019.

Dáse conta da tramitación pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) das contas anuais do exercicio 2019.

21.- Dación de conta do expediente de modificación de créditos de anulación da incorporación de remanentes núm. 2, de aprobación pola presidencia.

Dáse de conta do contido do expediente de modificación de créditos de anulación da incorporación de remanentes número 2, de aprobación pola Presidencia.

22.- Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2019.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica, 1 de Alternativa dos Veciños e 1 do PP).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Alternativa dos Veciños e 1 voto do PP, e a abstención de 13 deputados do PP, acorda:

"1.- Aprobar definitivamente a Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2019.

2.- Remitila ao Tribunal de Contas e o Consello de Contas, conforme co establecido no artigo 212.5 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e na regra 51 da ICL, así como ás demais entidades que proceda a súa remisión, segundo a normativa vixente e tamén proceder á súa publicación na web institucional."

23.- Dación de conta da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes (Consortio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2020, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información prevista na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

Dáse conta da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus Entes dependentes (Consortio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña), correspondente ao primer trimestre de 2020, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

24.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao segundo trimestre de 2020, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao segundo trimestre de 2020, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

2. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.

3. Envíar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma."

25.- Dación de conta da información relativa as Retribucións do Persoal funcionario, eventual e da Corporación Provincial do exercicio 2019, rendida ao Ministerio de Facenda en cumprimento da Orden HAP2015/2012 do 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información establecidas na Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril- programa ISPA 2020

Tomar coñecemento da información remitida o Ministerio de facenda en cumprimento do disposto na Orde HAP/2015/2012 do 7 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información establecidas na Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril- programa ISPA 2020

26.- Dación de conta da Resolución de Presidencia número 20075 do 30/06/2020

O Presidente da conta da Resolución número 20075 do 30/06/2020 pola que se

nomea persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

27.- Aprobación da proposta da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do oitavo mes de 2020

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que o mes de agosto coincide coas vacacións da maioría dos deputados e funcionarios e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada do día 28 de agosto, o que aconsella retrasar esa data,

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 23 de xullo de 2019,

PROPÓN AO PLENO, previo ditame da Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior, a adopción do seguinte acordo:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao oitavo mes de 2020 celebrarase o día 11 de setembro, venres, a partir das doce horas".

28.- Aprobación definitiva do Regulamento do Parque Móbil e resolución de alegacións contra a aprobación inicial

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"Vistos os informes obrantes no expediente.

Considerando o establecido no artigo 37 do R.D. Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público:

"Serán objeto de negociación, en su ámbito respectivo y en relación con las competencias de cada Administración Pública y con el alcance que legalmente proceda en cada caso, las materias siguientes:

m) Las referidas a calendario laboral, horarios, jornadas..."

.../...

"Quedan excluidas de la obligatoriedad de la negociación, las materias siguientes:

a) Las decisiones de las Administraciones Públicas que afecten a sus potestades de organización"

Considerando asimesmo que, como xa se dicía na proposta de aprobación inicial, e como se desprende do Preámbulo, o Regulamento do Parque Móbil da Deputación ten o carácter de norma organizativa e por outra banda que salvo o establecido no artigo 22 do Regulamento obxecto de alegación, o resto do articulado non modifica os acordos adoptados na Mesa de Negociación que afectan ao persoal condutor.

O Pleno, ACORDA:

1º.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas por D. Alberto Cadaveira Mahía contra o acordo plenario de dous de febreiro de 2020 polo que se aproba inicialmente o Regulamento do Parque Móbil da Deputación Provincial da Coruña.

Desestimar a solicitude de suspender a publicación da aprobación inicial de Regulamento do Parque Móbil e de anular calquera intento de aplicación efectiva do contido do dito Regulamento

2º.- En virtude do anterior, modificar a redacción do artigo 22 cuxa redacción queda do seguinte teor:

Artigo 22. Xornada regulamentaria dos condutores

A xornada regulamentaria dos condutores adscritos ao Parque Móbil da Deputación Provincial da Coruña será a que resulte da correspondente negociación colectiva dacordo co establecido no capítulo IV do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, e lexislación concordante.

3º.- Corrixir o erros materiais de numeración padecidos na redacción inicial.

4º.- Aprobar definitivamente o Regulamento do Parque Móbil da Deputación Provincial da Coruña, que se transcribe a continuación do punto quinto.

5º.- Publicar o contido íntegro do Regulamento no Boletín oficial da provincia da Coruña, como requisito para a súa entrada en vigor, unha vez cumpridos os trámites esixidos polo artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

REGULAMENTO DO PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

PREÁMBULO

Mediante o presente regulamento preténdese dar cumprimento á necesidade existente de contar con criterios reguladores do réxime de utilización dos vehículos, así como do réxime de funcionamento dos servizos de automóbiles da Deputación da Coruña.

Con este instrumento establécense os criterios que permitan axustar os servizos que presta o Parque Móbil ao nivel de demanda dos usuarios e usuarias compaxinando isto co horario laboral do persoal, maximizando a satisfacción da demanda así como a satisfacción dos condutores, cumprindo o principio de eficacia necesario no exercicio da potestade regulamentaria.

Do mesmo xeito cúmprese o principio de proporcionalidade xa que contén a regulación imprescindible para atender os obxectivos previstos.

Doutra banda establece un marco normativo claro e estable que garante aos afectados a certeza necesaria no exercicio da actividade que presta o Parque Móbil. Ademais é coherente co resto do ordenamento xurídico respectando a xerarquía normativa.

CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

O obxecto deste regulamento é establecer o réxime aplicable ao conxunto de recursos materiais que integran o parque móbil da Deputación da Coruña, respecto do seu uso, administración, conservación e defensa, e aos recursos persoais vinculados directa ou indirectamente á xestión do parque móbil, de acordo cos principios de eficiencia, coordinación e control.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

O Parque Móbil da Deputación da Coruña está integrado polo conxunto de vehículos adquiridos ou utilizados pola Deputación da Coruña por calquera título, destinados ao seu propio uso ou servizo público, segundo a clasificación contida no artigo 3.

Artigo 3. Clasificación e características dos vehículos do parque móbil

1. Os vehículos do Parque Móbil da Deputación da Coruña clasifícanse e adscriben do seguinte modo:

Grupo A) Vehículos ao servizo da Presidencia, de adscrición permanente

Grupo B) Vehículos que presten servizo indistintamente aos señores e señoras deputados e deputadas ou persoal ao servizo da corporación, de adscrición ocasional

a requirimento do usuario.

Grupo C) Vehículos destinados ao uso de determinado persoal por razón da súa función, de adscrición continuada ao servizo ao que estean destinados.

Grupo D) Vehículos destinados a portes e carrexo, de adscrición ocasional para prestar os servizos que requiran os distintos Servizos.

2. Os desprazamentos dos vehículos do Grupo A non estarán sometidos ao procedemento establecido no artigo 12.

3. Por Resolución do Presidente determinarase cales de entre os vehículos pertencentes aos Grupos C e D deberán estar rotulados conforme a imaxe corporativa vixente.

4. Os vehículos do Parque Móbil contan cun localizador GPS a fin de xestionar adecuadamente os recursos utilizados, ademais de servir á seguridade do propio vehículo e os seus ocupantes.

Artigo 4. Adscrición orgánica

1. Para os efectos deste regulamento, o Parque Móbil da Deputación da Coruña adscríbese organicamente á Oficialía Maior, á cal lle corresponden as facultades de dirección, coordinación e control, así como as facultades de xestión expresamente previstas neste regulamento.

2. Non obstante o anterior, ao xefe do Parque Móbil, correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A xestión e administración dos vehículos adscritos ao Parque, así como a xestión dos recursos humanos do Parque Móbil Provincial.

b) A coordinación de todos os servizos automobilísticos da Deputación provincial.

c) O seguimento e control do mantemento, conservación e reparación dos vehículos propiedade da Deputación.

Artigo 5. Servizos prestados polo parque móbil

O Parque Móbil da Deputación da Coruña prestará os servizos seguintes:

a) Vehículos de representación do señor Presidente e os señores e señoras deputados e deputadas.

b) Vehículos con condutor para persoal ao servizo da corporación no exercicio das súas funcións (tanto vehículos propios da Deputación como vehículos de servizo público).

c) Vehículos sen condutor adscritos a persoal ao servizo da corporación para o exercicio das súas funcións.

CAPÍTULO II RÉXIME DE UTILIZACIÓN E RESPONSABILIDADE SOBRE OS VEHÍCULOS

Artigo 6. Usuarios do parque móbil

Son usuarios do Parque Móbil, os señores e señoras deputados e deputadas, o persoal ao servizo da corporación no exercicio das súas funcións, e o persoal alleo á Deputación ao que por razóns de representación e para funcións relacionadas coa actividade provincial se lle facilite un vehículo que forme parte do Parque Móbil da Deputación da Coruña.

Artigo 7. Servizos dispoñibles

Servizo diario a petición previa: O Parque Móbil, facilitarlles aos usuarios/as solicitantes un vehículo para desprazarse conforme o establecido no capítulo III deste regulamento.

Servizo diario de oficio: O Parque Móbil, disporá dun servizo diario para transporte dentro do termo municipal para xestións entre os distintos edificios de servizos provinciais e outras administracións públicas.

Para estes casos, o Parque Móbil poñerá, de oficio, cada día polo menos un vehículo do Grupo B con condutor, para a súa disposición durante toda a xornada normal de traballo e así cubrir as necesidades non previstas na planificación. A petición de servizo realizarase necesariamente a través do Parque Móbil, sen cuxa autorización inmediata por calquera medio, non poderá efectuarse o servizo.

Servizo de garda: O Parque Móbil, disporá dun servizo de garda en días non laborables.

Artigo 8. Criterios de asignación de vehículos

Para a asignación de vehículos con condutor utilizarase como criterio a orde xerárquica e cronolóxica de petición.

Artigo 9. Conservación, mantemento e reparación de vehículos en propiedade

1. A reparación, conservación e mantemento de todos os vehículos propiedade da Deputación, poderá ser contratada centralizadamente, previa declaración de uniformidade e adquisición centralizada polo órgano competente.

2. Esta contratación, comprenderá o servizo integral de mantemento, conservación e reparación que inclúa o mantemento rutineiro do vehículo, cambio de pneumáticos e as reparacións que sexan consecuencia do desgaste derivado do uso normal, non accidental, do vehículo.

3. En calquera caso, correspóndelle ao Parque Móbil o mantemento, conservación e reparación dos vehículos que o integran.

Artigo 10. Uso adecuado e eficiente dos vehículos oficiais

1. Os usuarios e usuarias unicamente poderán utilizar vehículos oficiais para actividades relacionadas directamente co seu labor na Deputación.

2. Cando unha actividade requira a presenza de representantes de varias áreas da Deputación, os usuarios e usuarias deberán, na medida do posible, xustificar a imposibilidade de compartir vehículo.

Artigo 11. Responsabilidade por danos

Os usuarios e usuarias dos vehículos que integran o Parque Móbil da Deputación da Coruña responden dos danos derivados da súa utilización, ocasionados ao propio vehículo ou a outros bens ou persoas, cando concorra dolo, culpa ou negligencia graves. Nestes supostos repercutirá sobre a persoa usuaria a responsabilidade civil ou administrativa que se derive.

CAPÍTULO III RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

Artigo 12. Solicitude dos servizos

1. Os usuarios e usuarias de vehículos dos Grupos B e E a que se refire o artigo 3 tramitarán o expediente de solicitude a través de plataforma electrónica habilitada

para o efecto de acordo coas seguintes regras:

- a) O persoal poderá facer uso do servizo de vehículos naqueles casos en que este sexa autorizado previamente pola Xefatura do Servizo de que se trate, utilizando a plataforma electrónica tanto para a solicitude de utilización do servizo como para a súa aprobación por parte dos responsables. No caso dos señores e señoras deputados e deputadas establecerá o Presidente o sistema de tramitación da solicitude.*
- b) Con carácter xeral a solicitude de servizo realizarase antes das 12:00 horas do día laborable inmediatamente anterior ao servizo solicitado. No caso de que non houbese vehículo de servizo dispoñible, o Parque Móbil tramitará servizo de taxi.*
- c) Cando o servizo solicitado comporte facer noite o vehículo e, no seu caso, o condutor fóra das dependencias do Parque Móbil, debe indicarse na solicitude correspondente, debendo neste caso realizar a petición cunha antelación mínima de 48 horas para facilitar as xestións de aloxamento e aparcadoiro que se ha realizar no seu caso.*
- d) Os desprazamentos que non obedezan ao traballo habitual do usuario e deban ser considerados como comisión de servizo, tramitaranse a través do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. Neste suposto, para utilizar un vehículo do Parque Móbil presentarse a orde de comisión de servizos.*
- e) Non poderá ser solicitado ningún tipo de servizo que non leve especificado a orixe e destino ou destinos do servizo.*

2. Os usuarios e usuarias dos vehículos do Grupo C tramitarán os desprazamentos a través da plataforma electrónica habilitada para o efecto, cos fins do artigo 17.

Artigo 13. Confirmación dos servizos

- 1. A acreditación da recepción efectiva das peticións no Parque Móbil non comporta a conformación da realización do servizo.*
- 2. Os peticionarios poderán confirmar a través da plataforma a realización do servizo solicitado, con carácter xeral a partir das 14:00 horas do día laborable inmediatamente anterior ao do servizo solicitado, podendo coñecer os detalles respecto diso: vehículo, no seu caso condutor asignado e o seu teléfono móbil, ou calquera outro que se considere necesario.*
- 3. Cando nun momento dado os recursos dispoñibles impidan realizar a totalidade dos servizos solicitados, o Parque Móbil propondrá aos peticionarios cambios nos servizos para facer viable a súa materialización, a súa substitución polo servizo de taxi, o aprazamento ou a anulación de servizo de acordo con criterios de urxencia e interese para a Corporación. En todo caso teñen prioridade na asignación de recursos os servizos de representación, entendendo como tal os desprazamentos dos señores e señoras deputados e deputadas en actos en que deba estar representada a Deputación.*

Artigo 14. Desenvolvemento dos servizos

- 1. Unha vez confirmado un servizo, este axustarase ao horario e lugar de recollida establecidos na solicitude.*
- 2. Os condutores son os responsables persoais das posibles infraccións de tráfico e as correspondentes sancións económicas ou doutro tipo (perda de puntos, suspensión de permiso de condución, etc...) Os ocupantes do vehículo evitarán calquera comportamento que poida incidir nesta materia, en particular en relación ao uso do cinto de seguridade, así como na programación do horario que permita axustar*

a duración do desprazamento coa velocidade permitida.

3. Cando o servizo solicitado comporte facer noite no destino do vehículo e do condutor, terase en conta o previsto no Real decreto 462/2002, do 24 de marzo, sobre indemnizacións por razón do servizo. Sen prexuízo de variacións ocasionais con obxecto de optimizar a organización e xestión nestes casos, como poida ser a inclusión de condutores en comidas de delegacións oficiais, nese caso comunicarase ao Parque Móbil para evitar a súa repercusión como axuda de custo.

4. Os condutores non poderán inxerir ningún tipo de substancia que poida afectar á súa capacidade de conducir, alcol, estupefacientes ou calquera tipo de medicamento contraindicado. Para tal fin poderanse realizar probas aleatoriamente de acordo cos estándares recollidos polo Regulamento xeral de circulación.

5. Os condutores do Parque Móbil son responsables de comunicarlles aos seus superiores calquera circunstancia (saúde, medicación, legal, dietética, etc...) que limite a súa capacidade de conducir vehículos e a súa duración, xa sexa temporal ou definitiva.

Artigo 15. Finalización do servizo

1. Os lugares de desprazamento e a hora de finalización dun servizo de vehículo con condutor axustaranse ás necesidades do usuario.

2. Por Resolución do Presidente regularase a tramitación dos partes de servizo para efectos de duración

CAPÍTULO IV DO CONTROL

Artigo 16. Rexistro de condutores

1. O rexistro de condutores da Deputación Provincial da Coruña será levado no Parque Móbil da Deputación sen prexuízo das competencias respecto do Rexistro de Persoal que lle corresponden ao Servizo de Xestión e Planificación de Recursos Humanos, quen enviará ao Parque Móbil os datos correspondentes.

2. Anotarase no citado rexistro o persoal cuxo traballo consista en conducir vehículos para o transporte de persoas e cousas, así como os que necesiten desprazarse por razón das súas funcións. En ambos os casos será necesaria a autorización para conducir vehículos, xa sexa con carácter indefinido ou con carácter temporal.

Artigo 17. Rexistro de servizos

1. No Parque Móbil dispórase dun rexistro de servizos, onde se anotarán os realizados por condutor e vehículo. Recollerase información sobre percorridos, consumos e demais datos necesarios para elaborar unha memoria anual, salvo o que estableza o Presidente respecto dos vehículos do Grupo A.

Para a prestación dos servizos non se utilizará ningún vehículo que non estivese previamente establecido no cuadrante previsto diariamente e o condutor asignado a un servizo non permitirá conducir o vehículo ao seu cargo a persoa ningunha, salvo situacións de emerxencia.

2. Para materializar a xestión da información esixida por este regulamento, o Servizo de Informática implementará, cos requirimentos que defina a dirección do Parque Móbil, unha aplicación informática que permita atender con axilidade as potenciais necesidades de información respecto diso.

Artigo 18. Partes de servizo

Mediante Resolución do Presidente establecerase o procedemento de tramitación dos partes de servizo onde figure toda a información relativa a este necesaria para a tramitación de pagamento de axudas de custo e indemnizacións de condutores e/ou usuario, así como de tramitación de danos e outras posibles incidencias.

CAPÍTULO V PERSOAL CONDUTOR

Artigo 19. Clases de condutores autorizados para conducir vehículos do Parque Móbil:

Condutor: *Persoal cuxa tarefa habitual e normal consiste no transporte en vehículos oficiais dos señores e señoras deputados e deputadas, o persoal funcionario no exercicio das súas funcións, e o persoal alleo á Deputación ao que por razóns de representación e para funcións relacionadas coa actividade provincial se lle facilite o servizo.*

Ademais de desenvolver transporte de persoas, levarán a cabo tarefas de transporte de maletas, paquetes, documentación, etc., así como outras tarefas auxiliares, cando así o permita a situación de espera ou presenza.

Persoal condutor autorizado: *Aquel que para o desempeño das súas funcións precisa desprazarse en vehículo automóbil, tanto ocasional como permanentemente, xa sexa persoal ao servizo da corporación ou deputado.*

Artigo 20. Deberes dos condutores

Os condutores do Parque Móbil terán os seguintes deberes:

- a) Cumprir as ordes e servizos que lle sexan encomendados.*
- b) Gardar a máis absoluta reserva na prestación dos servizos, sen prexuízo do informe que lles poida ser solicitado polo seu xefe para facilitar a súa misión inspectora*
- c) Seguir as ordes de servizos dos usuarios e usuarias do vehículo, no seu caso, sempre que non impliquen prexuízo grave para o material nese caso, de maneira correcta, deberán poñelo en coñecemento do usuario/a quen poderá decidir baixo a súa responsabilidade, de maneira irrefutable, sen prexuízo de que o condutor dea conta aos seus xefes das ordes que entenda improcedentes.*
- d) Gardar as disposicións vixentes en materia de circulación de vehículos.*
- e) Dar conta ao xefe do Parque Móbil das deficiencias observadas no funcionamento dos vehículos, absténdose de realizar en por si reparación algunha, excepto en plena estrada no caso de que a urxencia e a nimiedade das reparacións así o aconsellen. Noutro caso, realizar a petición de auxilio correspondente.*
- f) Responsabilizarse da conservación do material ao seu cargo.*
- g) Cubrir os partes correspondentes e asegurarse de que o usuario asina a conformidade.*
- h) Vestir o uniforme regulamentario, para o persoal condutor de vehículos dos grupos A, B e D.*
- i) Transporte de persoas e cousas. Facilitar a entrada e saída aos pasaxeiros desde fóra do vehículo, e recoller na dependencia de orixe o material que se transporte no vehículo para a súa entrega posterior ao destinatario.*

O persoal condutor autorizado está obrigado a:

- a) Gardar as disposicións vixentes en materia de circulación de vehículos.*

- b) *Dar conta ao xefe do Parque Móbil das deficiencias observadas no funcionamento dos vehículos, absténdose de realizar en por si reparación algunha. En caso de avaría na estrada, realizar a petición de auxilio correspondente.*
- c) *Responsabilizarse da conservación do material ao seu cargo.*

Artigo 21. Uniforme regulamentario

1. *A Deputación dotará os condutores da uniformidade que se describe nos apartados seguintes, con cargo ao seu orzamento:*

- a) *Traxe completo, sen chaleco, en cor lisa azul mariño, chaqueta cunha fila de botóns e pantalón recto sen volta.*
- b) *Tres camisas en cor lisa, azul claro ou branco.*
- c) *Gravata en cor lisa azul mariño.*
- d) *Calcetíns negros*
- e) *Zapatos negros lisos.*
- f) *Peza de abrigo de pano de cor azul mariño liso.*
- g) *Gabardina ou peza para choiva de cor azul mariño liso.*

2. *Os uniformes fornecerase dúas veces ao ano, unha no inverno e outra no verán, con adaptación dos materiais a cada estación. As pezas de abrigo reparanse cada dous anos.*

Artigo 22. Xornada regulamentaria dos condutores

A xornada regulamentaria dos condutores adscritos ao Parque Móbil da Deputación Provincial da Coruña será a que resulte da correspondente negociación colectiva dacordo co establecido no capítulo IV do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, e lexislación concordante.

CAPÍTULO VI NORMAS DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS E ACCESO ÁS INSTALACIÓNS

Artigo 23. Estacionamento de vehículos

1. *O lugar de estacionamento e depósito de todos os vehículos do Parque Móbil cando estivesen fóra de servizo, será o garaxe das instalacións do Parque Móbil, salvo que, en consideración ao lugar de prestación dos servizos, por Resolución do Presidente se conceda autorización para estacionar o vehículo fóra do termo municipal da Coruña.*

2. *No caso de que haxa prazas vacantes de estacionamento poderase autorizar temporalmente por resolución da Presidencia o estacionamento doutros vehículos de servizos públicos. Igualmente é necesaria autorización para o estacionamento de vehículos privados.*

Artigo 24. Acceso ás instalacións

Para o debido control e seguridade das dependencias do Parque Móbil e dos vehículos alí depositados, facilitarase unha tarxeta de identificación e acceso que deberá ser exhibida no interior do parabrisas para acceder ao recinto e durante o espazo de tempo que permaneza nel.

Disposición derogatoria única

Derróganse as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste regulamento, e en particular a seguinte:

- Regulamento do parque de automóbiles e maquinaria da Excm. Deputación provincial

Disposición final primeira. Desenvolvemento

Facúltase o Presidente da Deputación da Coruña, para a adopción de todos os acordos que en desenvolvemento deste regulamento se poidan adoptar.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, unha vez cumpridos os trámites esixidos polo artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local."

29.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de CERCEDA, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 3-TORDOIA-CERCEDA", cuxa proposta de actuación está incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aprobar a formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de CERCEDA, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 3-TORDOIA-CERCEDA", proposta de actuación está incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019, segundo se indica:

TÍTULO PROXECTO	CUSTO ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80%)	ACHEGA DEPUTACIÓN (20%)
PROXECTO VÍA VERDE TRAMO 3	998.980,00 €	799.184,00 €	199.796,00 €

2. Condicionar a contratación e execución das obras obxecto da encomenda á efectiva disposición dos fondos necesarios para o seu financiamento e á aprobación do citado proxecto de obra.

3. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERCEDA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO DE "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 3 - TORDOIA-CERCEDA"

A Coruña, de do 2020

REUNIDOS

Dunha parte, D. na súa condición de da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 34.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra parte D. Juan Manuel Rodríguez García, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Cerceda, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21,1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

EXPOÑEN

1. Desde 1993, antigos trazados ferroviarios en desuso están a ser acondicionados para ser percorridos por viaxeiros diferentes aos que os transitaron en tren: cicloturistas, camiñantes e persoas con mobilidade reducida. Estas actuacións encádranse no chamado “Programa Vías Verdes”, desenvolvido no seu inicio polo Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente e actualmente promovido por moitas entidades locais. As actuacións incluídas nas Vías Verdes constitúen un instrumento ideal para promover na nosa sociedade unha cultura nova do lecer e do deporte ao aire libre, da mobilidade non motorizada. Representan un claro apoio á cultura da bicicleta, ao xeneralizar o seu uso entre todos os cidadáns, desempeñando un importante papel educativo, en especial para os máis novos.

2. O Pleno da Deputación provincial da Coruña en sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de outubro de dous mil dezasete tomou coñecemento e ratificou a Resolución da súa Presidencia núm. 32005/2017, do 16 de outubro, en cuxa virtude se aprobaba o Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña, e acordaba solicitar financiamento FEDER no marco da convocatoria aprobada por Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (BOE núm. 144, do 17.06.2017), pola que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do Programa Operativo de Crecemento Sustentable 2014-2020, para as propostas de actuación que nesta resolución se detallan, entre as que se atopa a de:

TÍTULO PROXECTO	CUSTO ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80%)	ACHEGA DEPUTACIÓN (20%)
PROXECTO VÍA VERDE TRAMO 3	998.980,00 €	799.184,00 €	199.796,00 €

3. Por Resolución do Director Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) de 13/06/2019 acordouse conceder á Deputación Provincial da Coruña unha axuda por importe máximo de 799.184,00 € ao amparo e de conformidade co establecido no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (B.O.E. nº 144, do 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro e o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, para levar a cabo o proxecto coas actuacións descritas anteriormente, nos seguintes termos e condicións aplicables:

PROXECTO	CONCELLO	OBXECTIVO ESPECÍFICO / MEDIDA	INVERSIÓN ELIXIBLE ADMITIDA	AXUDA A OUTORGAR (cofinanciación FEDER)
VÍA VERDE TRAMO 3	CERCEDA	OE 451 Medida 08	998.980,00 €	799.184,00 €

4. O Concello de Cerceda aprobou o proxecto "Vía Verde Tramo 3", redactado pola Fundación de Ferrocarriles Españoles, por un importe de 744.803,58 €, o cal recolle o detalle das obras necesarias para realizar o dito proxecto, aprobado por Resolución da Alcaldía do Concello de Cerceda.

Visto o anterior considérase procedente a subscripción dun convenio de colaboración Concello de Cerceda e a Deputación da Coruña cuxo obxecto é a "encomenda de xestión" para a execución das obras do proxecto construtivo da "Vía Verde Tramo 3", que afectan ao termo municipal de Cerceda.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración entre ambas as dúas administracións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerceda con suxeición as seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

1. O obxecto do presente convenio é regular a encomenda de xestión por parte do Concello de Cerceda a favor da Deputación da Coruña para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 3-TORDOIA-CERCEDA" (proxecto IDAE FEDER-EELL núm. 2019-000717) e que afectan a esta área municipal, documento que contén de xeito fidedigno as propostas técnicas e orzamentarias correspondentes para a súa realización práctica.
2. O orzamento de execución das obras que recolle o proxecto estímase nuns SETE

CENTOS CORENTA E CATRO MIL OITO CENTOS TRES CON CINCOENTA E OITO EUROS (744.803,58 €) IVE incluído, e que corresponden ao Tramo 3 no cal se inclúen as actuacións a realizar no Concello de Cerceda.

3. O prazo de execución dos traballos é de doce (12) meses para o tramo que recolle as obras previstas no proxecto de referencia e que afectan ao termo municipal de Cerceda, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE CERCEDA

En virtude da sinatura do presente convenio o Concello de Cerceda, obrígase dentro do seu termo municipal a:

1. Como trámite previo á licitación das obras, presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións descritas no proxecto construtivo “Vía Verde Tramo 3” e que afectan a esta área municipal, así como a reposición de servizos e servidumes afectados. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, dentro do seu termo municipal, cando así sexa requirida pola Deputación da Coruña.

2. Facilitar a realización das obras correspondentes ao proxecto Vía Verde Tramo 3.

3. Unha vez realizadas as obras pola Deputación Provincial da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo Concello de Cerceda, procederase a formalizar a acta de entrega á entidade municipal da obra realizada, asumindo ésta a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do Concello de Cerceda.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1. O proxecto construtivo “Vía Verde Tramo 3”, contempla as obras previstas no proxecto de obra ao que se refire o presente convenio, que recolle de xeito fidedigno as directrices técnicas establecidas no Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña.

2. Imputar o financiamento das obras recollidas no proxecto construtivo referido no apartado anterior, que se executarán no termo municipal de Cerceda, conforme aos planos e resto de documentación técnica do mesmo, á aplicación orzamentaria provincial 0520/4545/650, unha vez formalizada a necesaria dotación orzamentaria.

3. Aprobar o proxecto construtivo, unha vez comprobado o cumprimento de todas as esixencias legais que fosen requiridas para a súa execución, e levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción das mesmas.

4. Comunicar ao Concello de Cerceda a data e hora para o acto de recepción das obras pola Deputación Provincial da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo Concello de Cerceda, xunto co técnico competente que determine.

Unha vez formalizada a recepción, procederase a continuación a facer a acta de entrega das obras realizadas ao Concello de Cerceda, ou se fora o caso a aqueles entes titulares afectados no ámbito territorial municipal, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante do Concello de Cerceda e outro representante da Deputación Provincial da Coruña. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

2. Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

QUINTA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entres de dereito público, rixindo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rixiranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

SEXTA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias serán resoltas polo Presidente da Deputación da Coruña, visto o informe da Comisión de Seguimento, poñendo así fin á vía administrativa.

2. No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, que non puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán da competencia da xurisdición contencioso-administrativa a súa resolución.

3. Serán causas de extinción deste convenio;

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade na realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en

maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.

- Denuncia por causas de interese público ou a instancia de calquera das partes.

4. Cada unha das situación descritas no apartado anterior, por sí soa, será causa suficiente de rescisión do convenio.

SÉTIMA. PUBLICIDADE

O convenio de Encomenda de Xestión será obxecto de publicidade de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo Goberno, e no artigo 11.3 b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Neste senso, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A súa vixencia manterase ata a entrega das obras ou no que, por motivos debidamente xustificadas, poidan acordar as administracións afectadas. Inicialmente establécese un prazo de vixencia de 12 meses. A ampliación dos prazos realizarase previa a correspondente solicitude a través da Comisión de Seguimento citada na cláusula cuarta.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar."

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN,
D.

O REPRESENTANTE DO CONCELLO,
D. JUAN MANUEL RODRÍGUEZ GARCÍA"

30.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de ORDES, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 2-ORDES", cuxa proposta de actuación está incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aprobar a formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de ORDES, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 2-ORDES", proposta de actuación incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019, segundo se indica:

TÍTULO PROXECTO	CUSTO ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80%)	ACHEGA DEPUTACIÓN (20%)
PROXECTO VÍA VERDE TRAMO 2	706.977,30 €	565.581,84 €	141.395,46 €

2. Condicionar a contratación e execución das obras obxecto da encomenda á efectiva disposición dos fondos necesarios para o seu financiamento e á aprobación do citado proxecto de obra.

3. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ORDES PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO DE "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 2 - ORDES"

A Coruña, ... de do 2020

REUNIDOS

Dunha parte, D. na súa condición de da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 34.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra parte D. José Luis Martínez Sanjurjo, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Ordes, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21,1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

EXPOÑEN

1. Desde 1993, antigos trazados ferroviarios en desuso están a ser acondicionados para ser percorridos por viaxeiros diferentes aos que os transitaron en tren: cicloturistas, camiñantes e persoas con mobilidade reducida. Estas actuacións encádranse no chamado “Programa Vías Verdes”, desenvolvido no seu inicio polo Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente e actualmente promovido por moitas entidades locais. As actuacións incluídas nas Vías Verdes constitúen un

instrumento ideal para promover na nosa sociedade unha cultura nova do lecer e do deporte ao aire libre, da mobilidade non motorizada. Representan un claro apoio á cultura da bicicleta, ao xeneralizar o seu uso entre todos os cidadáns, desempeñando un importante papel educativo, en especial para os máis novos.

2. O Pleno da Deputación provincial da Coruña en sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de outubro de dous mil dezasete tomou coñecemento e ratificou a Resolución da súa Presidencia núm. 32005/2017, do 16 de outubro, en cuxa virtude se aprobaba o Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña, e acordaba solicitar financiamento FEDER no marco da convocatoria aprobada por Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (BOE núm. 144, do 17.06.2017), pola que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do Programa Operativo de Crecemento Sustentable 2014-2020, para as propostas de actuación que nesta resolución se detallan, entre as que se atopa a de:

TÍTULO PROXECTO	CUSTE ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80%)	ACHEGA DEPUTACIÓN (20%)
PROXECTO VÍA VERDE TRAMO 2	706.977,30 €	565.581,84 €	141.395,46 €

3. Por Resolución do Director Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) de 13/06/2019 acordouse conceder á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA unha axuda por importe máximo de 565.581,84 € ao amparo e de conformidade co establecido no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (B.O.E. nº 144, do 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro e o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, para levar a cabo o proxecto coas actuacións descritas anteriormente, nos seguintes termos e condicións aplicables:

PROXECTO	CONCELLO	OBXECTIVO ESPECÍFICO / MEDIDA	INVERSIÓN ELIXIBLE ADMITIDA	AXUDA A OUTORGAR (cofinanciación FEDER)
VÍA VERDE TRAMO 2	ORDES	OE 451 Medida 08	706.977,30€	565.581,84€

4. Tanto o Concello de Ordes como a Deputación da Coruña aprobaron o proxecto "Vía Verde Tramo 2", redactado pola Fundación de Ferrocarriles Españoles, por un importe de 557.065,83 €, o cal recolle o detalle das obras necesarias para realizar o citado proxecto, aprobado por Resolución da Alcaldía do Concello de Ordes.

Visto o anterior considérase procedente a subscripción dun convenio de colaboración para a "encomenda de xestión" entre o Concello de Ordes e a Deputación da Coruña para a execución das obras do proxecto construtivo da "Vía Verde Tramo 2", que afectan ao término municipal do concello de Ordes.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración entre ambas as dúas administracións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ordes con suxeición as seguintes cláusulas.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

1. O obxecto do presente convenio é regular a encomenda de xestión por parte do Concello de Ordes a favor da Deputación da coruña para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 2-ORDES" (proxecto IDAE FEDER-EELL núm. 2019-000713) e que afectan a esta área municipal, documento que contén de xeito fidedigno as propostas técnicas e orzamentarias correspondentes para a súa realización práctica.

2. O orzamento de execución das obras que recolle o proxecto estímase nuns QUINIENTOS CINCOENTA E SETE MIL SESENTA E CINCO CON OITENTA E TRES EUROS (557.065,83 €) I.V.E. INCLUÍDO, e que corresponden ao Tramo 2 no cal se inclúen as actuacións a realizar no Concello de Ordes.

3. O prazo de execución dos traballos é de diez (12) meses para o tramo que recolle as obras previstas no proxecto de referencia e que afectan ao termo municipal de Ordes, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE ORDES

En virtude da sinatura do presente convenio o Concello de Ordes, obrígase dentro do seu termo municipal a:

1. Como trámite previo á licitación das obras, presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións descritas no proxecto construtivo "Vía Verde Tramo 2" e que afectan a esta área municipal, así como a reposición de servizos e servidumes afectados. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, dentro do seu termo municipal, cando así sexa requirida pola Deputación da Coruña.

2. Facilitar a realización das obras correspondentes ao proxecto Vía Verde Tramo 2.

3. Unha vez realizadas as obras pola Deputación Provincial da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo Concello de Ordes, procederase a formalizar a acta de entrega á entidade municipal da obra realizada, asumindo ésta a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do Concello de Ordes.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1. O proxecto construtivo “Vía Verde Tramo 2”, contempla as obras previstas no proxecto de obra ao que se refire o presente convenio, que recolle de xeito fidedigno as directrices técnicas establecidas no Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña.
2. Aplicar o financiamento das obras recollidas no proxecto construtivo referido no apartado anterior, que se executarán no termo municipal de Ordes, conforme aos planos e resto de documentación técnica do mesmo, á aplicación orzamentaria provincial 0520/4545/650, unha vez formalizada a necesaria dotación orzamentaria.
3. Aprobar o proxecto construtivo, unha vez comprobado o cumprimento de todas as esixencias legais que fosen requiridas para a súa execución, e levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción das mesmas.
4. Comunicar ao Concello de Ordes a data e hora para o acto de recepción das obras pola Deputación Provincial da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo Concello de Ordes, xunto co técnico competente que determine. Unha vez formalizada a recepción, procederase a continuación a facer a acta de entrega das obras realizadas ao Concello de Ordes, ou se fora o caso a aqueles entes titulares afectados no ámbito territorial municipal, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante do Concello de Ordes e outro representante da Deputación Provincial da Coruña. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:
 - Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
 - Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
 - Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.
2. Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

QUINTA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entres de dereito público, rixindo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rixiranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

SEXTA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias serán resoltas polo Presidente da Deputación da Coruña, visto o informe da Comisión de Seguimento, poñendo así fin á vía administrativa.

2. No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, que non puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán da competencia da xurisdición contencioso-administrativa a súa resolución.

3. Serán causas de extinción deste convenio;

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade na realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público ou a instancia de calquera das partes.

4. Cada unha das situación descritas no apartado anterior, por sí soa, será causa suficiente de rescisión do convenio.

SÉTIMA. PUBLICIDADE

O convenio de Encomenda de Xestión será obxecto de publicidade de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo Goberno, e no artigo 11.3 b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Neste senso, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A vixencia manterase ata a entrega das obras no prazo sinalado no documento técnico ou no que, por motivos debidamente xustificados, poidan acordar as administracións afectadas. A ampliación dos prazos realizarase previa a correspondente solicitude a través da Comisión de Seguimento citada na cláusula cuarta.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.”

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN,
D.

O REPRESENTANTE DO CONCELLO,
D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO"

31.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de OROSO, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 1-OROSO", cuxa proposta de actuación está incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aprobar a formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de OROSO, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 1-OROSO", proposta de actuación está incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019, segundo se indica:

TÍTULO PROXECTO	CUSTO ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80%)	ACHEGA DEPUTACIÓN (20%)
PROXECTO VÍA VERDE TRAMO 1	619.669,91 €	495.735,93 €	123.933,98 €

2. Condicionar a contratación e execución das obras obxecto da encomenda á efectiva disposición dos fondos necesarios para o seu financiamento e á aprobación do citado proxecto de obra.

3. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OROSO PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO DE "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 1- OROSO"

REUNIDOS

Dunha parte, D., na súa condición de da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 34.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra parte D. Manuel Mirás Franqueira, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Oroso, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21,1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

EXPOÑEN

1. Desde 1993, antigos trazados ferroviarios en desuso están a ser acondicionados para ser percorridos por viaxeiros diferentes aos que os transitaron en tren: cicloturistas, camiñantes e persoas con mobilidade reducida. Estas actuacións encádranse no chamado “Programa Vías Verdes”, desenvolvido no seu inicio polo Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente e actualmente promovido por moitas entidades locais. As actuacións incluídas nas Vías Verdes constitúen un instrumento ideal para promover na nosa sociedade unha cultura nova do lecer e do deporte ao aire libre, da mobilidade non motorizada. Representan un claro apoio á cultura da bicicleta, ao xeneralizar o seu uso entre todos os cidadáns, desempeñando un importante papel educativo, en especial para os máis novos.

2. O Pleno da Deputación provincial da Coruña en sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de outubro de dous mil dezasete tomou coñecemento e ratificou a Resolución da súa Presidencia núm. 32005/2017, do 16 de outubro, en cuxa virtude se aprobaba o Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña, e acordaba solicitar financiamento FEDER no marco da convocatoria aprobada por Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (BOE núm. 144, do 17.06.2017), pola que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do Programa Operativo de Crecemento Sustentable 2014-2020, para as propostas de actuación que nesta resolución se detallan, entre as que se atopa a de:

TÍTULO PROXECTO	CUSTE ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80%)	ACHEGA DEPUTACIÓN (20%)
PROXECTO VÍA VERDE TRAMO 1	619.669,91 €	495.735,93 €	123.933,98 €

3. Por Resolución do Director Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) de 13/06/2019 acordouse conceder á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA unha axuda por importe máximo de 495.735,92 € ao amparo e de conformidade co establecido no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa

Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (B.O.E. nº 144, do 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro e o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, para levar a cabo o proxecto coas actuacións descritas anteriormente, nos seguintes termos e condicións aplicables:

PROXECTO	CONCELLO	OBXECTIVO ESPECÍFICO / MEDIDA	INVERSIÓN ELIXIBLE ADMITIDA	AXUDA A OUTORGAR (cofinanciación FEDER)
VÍA VERDE TRAMO 1	OROSO	OE 451 Medida 08	619.669,90€	495.735,92€

4. Tanto o Concello de Oroso como a Deputación da Coruña aprobaron o proxecto "Vía Verde Tramo 1", redactado pola Fundación de Ferrocarriles Españoles, por un importe de 792.942,39 €, o cal recolle o detalle das obras necesarias para realizar o citado proxecto, aprobado por Resolución da Alcaldía do Concello de Oroso.

Visto o anterior considérase procedente a subscripción dun convenio de colaboración para a "encomenda de xestión" entre o Concello de Oroso e a Deputación da Coruña para a execución das obras do proxecto construtivo da "Vía Verde Tramo 1", que afectan ao término municipal do concello de Oroso.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración entre ambas as dúas administracións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oroso con suxeición as seguintes cláusulas.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

1. O obxecto do presente convenio é regular a encomenda de xestión por parte do Concello de Oroso a favor da Deputación da coruña para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 1-OROSO" (proxecto IDAE FEDER-EELL núm. 2019-000712) e que afectan a esta área municipal, documento que contén de xeito fidedigno as propostas técnicas e orzamentarias correspondentes para a súa realización práctica.

2. O orzamento de execución das obras que recolle o proxecto estímase nuns SETECENTOS NOVENTA E DOUS MIL NOVE CENTOS CORENTA E DOUS CON TRINTA E NOVE EUROS (792.942,39 €) I.V.E. INCLUÍDO, e que corresponden ao Tramo 1 no cal se inclúen as actuacións a realizar no Concellos de Oroso.

3. O prazo de execución dos traballos é de diez (12) meses para o tramo que recolle as obras previstas no proxecto de referencia e que afectan ao termo municipal de Oroso, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE OROSO

En virtude da sinatura do presente convenio o Concello de Oroso, obrígase dentro do

seu termo municipal a:

1. Como trámite previo á licitación das obras, presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións descritas no proxecto construtivo “Vía Verde Tramo 1” e que afectan a esta área municipal, así como a reposición de servizos e servidumes afectados. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, dentro do seu termo municipal, cando así sexa requirida pola Deputación da Coruña.
2. Facilitar a realización das obras correspondentes ao proxecto Vía Verde Tramo 1.
3. Unha vez realizadas as obras pola Deputación Provincial da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo Concello de Oroso, procederáse a formalizar a acta de entrega á entidade municipal da obra realizada, asumindo ésta a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do Concello de Oroso.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1. O proxecto construtivo “Vía Verde Tramo 1”, contempla as obras previstas no proxecto de obra ao que se refire o presente convenio, que recolle de xeito fidedigno as directrices técnicas establecidas no Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña.
2. Aplicar o financiamento das obras recollidas no proxecto construtivo referido no apartado anterior, que se executarán no termo municipal de Oroso, conforme aos planos e resto de documentación técnica do mesmo, á aplicación orzamentaria provincial 0520/4545/650, unha vez formalizada a necesaria dotación orzamentaria.
3. Aprobar o proxecto construtivo, unha vez comprobado o cumprimento de todas as esixencias legais que fosen requiridas para a súa execución, e levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción das mesmas.
4. Comunicar ao Concello de Oroso a data e hora para o acto de recepción das obras pola Deputación Provincial da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo Concello de Oroso, xunto co técnico competente que determine. Unha vez formalizada a recepción, procederáse a continuación a facer a acta de entrega das obras realizadas ao Concello de Oroso, ou se fora o caso a aqueles entes titulares afectados no ámbito territorial municipal, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante do Concello de Oroso e outro representante da Deputación Provincial da Coruña. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles

aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.

- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

2. Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

QUINTA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entres de dereito público, rixindo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rixiranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

SEXTA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias serán resoltas polo Presidente da Deputación da Coruña, visto o informe da Comisión de Seguimento, poñendo así fin á vía administrativa.

2. No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, que non puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán da competencia da xurisdición contencioso-administrativa a súa resolución.

3. Serán causas de extinción deste convenio;

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade na realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público ou a instancia de calquera das partes.

4. Cada unha das situación descritas no apartado anterior, por sí soa, será causa suficiente de rescisión do convenio.

SÉTIMA. PUBLICIDADE

O convenio de Encomenda de Xestión será obxecto de publicidade de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e

bo Goberno, e no artigo 11.3 b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Neste senso, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A vixencia manterase ata a entrega das obras no prazo sinalado no documento técnico ou no que, por motivos debidamente xustificados, poidan acordar as administracións afectadas. A ampliación dos prazos realizarase previa a correspondente solicitude a través da Comisión de Seguimento citada na cláusula cuarta.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.”

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN,
D.

O REPRESENTANTE DO CONCELLO,
D. MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA"

32.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de TORDOIA, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 3-TORDOIA-CERCEDA", cuxa proposta de actuación está incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aprobar a formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de TORDOIA, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 3-TORDOIA-CERCEDA", proposta de actuación está incluída no Plan Director de Mobilidade Ciclista da Deputación da Coruña 2017/2019, segundo se indica:

TÍTULO PROXECTO	CUSTO ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80%)	ACHEGA DEPUTACIÓN (20%)
PROXECTO VÍA VERDE TRAMO 3	998.980,00 €	799.184,00 €	199.796,00 €

2. Condicionar a contratación e execución das obras obxecto da encomenda á efectiva disposición dos fondos necesarios para o seu financiamento e á aprobación do citado proxecto de obra.

3. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TORDOIA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO DE "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 3 - TORDOIA-CERCEDA"

A Coruña, ... de do 2020

REUNIDOS

Dunha parte, D., na súa condición de da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 34.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra parte D. Eduardo Antonio Pereiro Liñares, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Tordoia, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21,1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

EXPOÑEN

1. Desde 1993, antigos trazados ferroviarios en desuso están a ser acondicionados para ser percorridos por viaxeiros diferentes aos que os transitaron en tren: cicloturistas, camiñantes e persoas con mobilidade reducida. Estas actuacións encádranse no chamado "Programa Vías Verdes", desenvolvido no seu inicio polo Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente e actualmente promovido por moitas entidades locais. As actuacións incluídas nas Vías Verdes constitúen un instrumento ideal para promover na nosa sociedade unha cultura nova do lecer e do deporte ao aire libre, da mobilidade non motorizada. Representan un claro apoio á cultura da bicicleta, ao xeneralizar o seu uso entre todos os cidadáns, desempeñando un importante papel educativo, en especial para os máis novos.

2. O Pleno da Deputación provincial da Coruña en sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de outubro de dous mil dezasete tomou coñecemento e ratificou a Resolución da súa Presidencia núm. 32005/2017, do 16 de outubro, en cuxa virtude se aprobaba o Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña, e acordaba solicitar

financiamento FEDER no marco da convocatoria aprobada por Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (BOE núm. 144, do 17.06.2017), pola que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do Programa Operativo de Crecemento Sustentable 2014-2020, para as propostas de actuación que nesta resolución se detallan, entre as que se atopa a de:

TÍTULO PROXECTO	CUSTE ELIXIBLE	ACHEGA FEDER (80%)	ACHEGA DEPUTACIÓN (20%)
PROXECTO VÍA VERDE TRAMO 3	998.980,00 €	799.184,00 €	199.796,00 €

3. Por Resolución do Director Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) de 13/06/2019 acordouse conceder á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA unha axuda por importe máximo de 799.184,00 € ao amparo e de conformidade co establecido no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (B.O.E. nº 144, do 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro e o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, para levar a cabo o proxecto coas actuacións descritas anteriormente, nos seguintes termos e condicións aplicables:

PROXECTO	CONCELLO	OBXECTIVO ESPECÍFICO / MEDIDA	INVERSIÓN ELIXIBLE ADMITIDA	AXUDA A OUTORGAR (cofinanciación FEDER)
VÍA VERDE TRAMO 3	TORDOIA	OE 451 Medida 08	998.980,00€	799.184,00€

4. Tanto o Concello de Tordoia como a Deputación da Coruña aprobaron o proxecto "Vía Verde Tramo 3", redactado pola Fundación de Ferrocarriles Españoles, por un importe de 744.803,58 €, o cal recolle o detalle das obras necesarias para realizar o citado proxecto, aprobado por Resolución da Alcaldía do Concello de Tordoia.

Visto o anterior considérase procedente a subscripción dun convenio de colaboración para a "encomenda de xestión" entre o Concello de Tordoia e a Deputación da Coruña para a execución das obras do proxecto construtivo da "Vía Verde Tramo 3", que afectan ao término municipal do concello de Tordoia.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración entre ambas as dúas administracións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Tordoia con suxeición as seguintes cláusulas.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

1. O obxecto do presente convenio é regular a encomenda de xestión por parte do Concello de Tordoia a favor da Deputación da Coruña para a realización das obras recollidas no proxecto "VÍA VERDE DE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE, TRAMO 3-TORDOIA-CERCEDA" (proxecto IDAE FEDER-EELL núm. 2019-000717) e que afectan a esta área municipal, documento que contén de xeito fidedigno as propostas técnicas e orzamentarias correspondentes para a súa realización práctica.

2. O orzamento de execución das obras que recolle o proxecto estímase nuns SETE CENTOS CORENTA E CATRO MIL OITO CENTOS TRES CON CINCOENTA E OITO EUROS (744.803,58 €) I.V.E. INCLUÍDO, e que corresponden ao Tramo 3 no cal se inclúen as actuacións a realizar no Concellos de Tordoia.

3. O prazo de execución dos traballos é de diez (12) meses para o tramo que recolle as obras previstas no proxecto de referencia e que afectan ao termo municipal de Tordoia, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE TORDOIA

En virtude da sinatura do presente convenio o Concello de Tordoia, obrígase dentro do seu termo municipal a:

1. Como trámite previo á licitación das obras, presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións descritas no proxecto construtivo "Vía Verde Tramo 3" e que afectan a esta área municipal, así como a reposición de servizos e servidumes afectados. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, dentro do seu termo municipal, cando así sexa requirida pola Deputación da Coruña.

2. Facilitar a realización das obras correspondentes ao proxecto Vía Verde Tramo 3.

3. Unha vez realizadas as obras pola Deputación Provincial da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo Concello de Tordoia, procederase a formalizar a acta de entrega á entidade municipal da obra realizada, asumindo ésta a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do Concello de Tordoia.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1. O proxecto construtivo "Vía Verde Tramo 3", contempla as obras previstas no proxecto de obra ao que se refire o presente convenio, que recolle de xeito fidedigno as directrices técnicas establecidas no Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña.

2. Aplicar o financiamento das obras recollidas no proxecto construtivo referido no apartado anterior, que se executarán no termo municipal de Tordoia, conforme aos

planos e resto de documentación técnica do mesmo, á aplicación orzamentaria provincial 0520/4545/650, unha vez formalizada a necesaria dotación orzamentaria.

3. Aprobar o proxecto construtivo, unha vez comprobado o cumprimento de todas as esixencias legais que fosen requiridas para a súa execución, e levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción das mesmas.

4. Comunicar ao Concello de Tordoia a data e hora para o acto de recepción das obras pola Deputación Provincial da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo Concello de Tordoia, xunto co técnico competente que determine. Unha vez formalizada a recepción, procederase a continuación a facer a acta de entrega das obras realizadas ao Concello de Tordoia, ou se fora o caso a aqueles entes titulares afectados no ámbito territorial municipal, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante do Concello de Tordoia e outro representante da Deputación Provincial da Coruña. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

2. Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

QUINTA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entres de dereito público, rixindo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rixiranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

SEXTA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias serán resoltas polo Presidente da Deputación da Coruña, visto o informe da Comisión de Seguimento, poñendo así fin á vía administrativa.

2. No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, que

non puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán da competencia da xurisdición contencioso-administrativa a súa resolución.

3. Serán causas de extinción deste convenio;

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade na realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público ou a instancia de calquera das partes.

4. Cada unha das situación descritas no apartado anterior, por sí soa, será causa suficiente de rescisión do convenio.

SÉTIMA. PUBLICIDADE

O convenio de Encomenda de Xestión será obxecto de publicidade de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo Goberno, e no artigo 11.3 b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Neste senso, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A vixencia manterase ata a entrega das obras no prazo sinalado no documento técnico ou no que, por motivos debidamente xustificadas, poidan acordar as administracións afectadas. A ampliación dos prazos realizarase previa a correspondente solicitude a través da Comisión de Seguimento citada na cláusula cuarta.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar”

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN,
D.

O REPRESENTANTE DO CONCELLO,
D. EDUARDO ANTONIO PEREIRO
LIÑARES”

33.- Aprobación dunha modificación do Plan de Emprego Local (2020/2023) consistente na inclusión no programa PEL Concellos dunha nova liña de actuación: "Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña"

INTERVENCIÓNS

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas, brevemente. Comentar que con esta modificación que traemos hoxe a Pleno adaptamos un instrumento que se amosou útil, como é o Plan de emprego local ao longo destes últimos anos para a xeración do emprego na nosa provincia, cuns datos que superan os 3.000 empregos xerados grazas a este Plan e máis de 2.000 subvencións que foron parar ás distintas empresas do tecido empresarial, valla a redundancia, desta provincia da Coruña. Neste caso ampliamos ese Plan de emprego local, mellorámolo e adaptámolo ás circunstancias actuais para facer fronte á situación económica derivada da crise sanitaria da Covid-19, neste caso cunha achega de dez millóns de euros para axudas a autónomos e empresas que serán xestionados a través dos concellos da provincia, froito do convencemento que ten este Goberno provincial de que temos que reforzar cada vez máis os concellos e que deben de ser eles os que xestionen os fondos que a Deputación lles transfere, neste caso cunhas axudas, como digo, que van encamiñadas a paliar, dentro da medida do posible, a situación económica pola que están a atravesar moitas empresas desta provincia e a colaborar con aqueles concellos que non sacaron liñas de axuda propia, na posta en marcha deste tipo de instrumentos. A Deputación financiará a través desta modificación do Plan de emprego o 80% dos fondos necesarios e os concellos, aqueles concellos que non tiveran ningún tipo de axuda, terán que achegar o 20%, os concellos que xa tiveran aprobada algún tipo de axuda cos recursos propios poderían computar esa mesma dentro dese 20% que terían que achegar.

Polo tanto, entendemos que é un día importante para o conxunto do tecido empresarial da provincia e para os concellos, con esta modificación que, como digo, achega dez millóns de euros para a reconstrución, se se pode dicir así, económica do tecido empresarial da provincia, e desde aquí recoñecer o traballo do persoal da área de transición ecolóxica, emprego e de territorio sostible, do seu deputado, que me consta que traballaron moi arreo para poder sacar adiante estas bases. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Bos días, moitas grazas. Setenta millóns de remanente, vinte de superávit, e somos os últimos en aprobar estas axudas específicas que, ademais, non van directamente a autónomos e a PEMES, senón que van a través dos concellos. Mañá é 1 de agosto, os concellos terán que facer modificativos, ou sexa, terán que cambiar o seu orzamento para poder aprobar ese 20%, e eu creo que imos bastante tarde, logo as xustificacións e as trabas burocráticas.

Chegan tarde e mal porque a min gustaríame salientar os datos da EPA do

segundo trimestre, que son demolidores, España, a taxa de desemprego máis alta de Europa, por enriba de Grecia, incluso, o 15,3%, o resto dos países tamén sufriron a Covid-19. Un millón de españois perderon o emprego neste trimestre, sen contar os ERTES, que non computan neste caso, pero do que se trata é que ao final evitemos que estes ERTES se convertan en ERES, e que a xente que está cobrando agora mesmo os ERTES, deixe de traballar definitivamente.

A provincia da Coruña concentra case a metade da destrución de emprego rexistrada en Galicia, 13.300 emprego, desde logo parécenos moi preocupante, a economía española hoxe vemos que entra en recesión, tras un derrube histórico do PIB no segundo trimestre, máis dun 18%. Por suposto, votaremos a favor, aínda que, como xa dixemos, chega tarde e chega mal.

Sr. Lema Suárez

Bo día. Nós como comentamos tamén na Comisión informativa deste asunto, pensamos que se podería, sen que fose isto unha carga para as arcas da Deputación, e tamén sen que dalgunha maneira supoña que perda ese carácter que ten de equilibrio territorial, é dicir, nunha situación que atende preferiblemente, ou preferentemente as necesidades dos concellos con menos capacidade de financiamento, pensamos que habería a posibilidade de no futuro abrir unha liña da que puideran participar tamén os concellos de máis de 50.000 habitantes, aínda que sexa cunhas ratios de financiamento inversas a esta, aquí estase financiando un 80-20, pois podería ser que se financiase á inversa, un 20-80, por exemplo. Diríao por dous motivos, unha, é evidente que non ten problemas de liquidez agora mesmo a Deputación da Coruña, creo que polo tanto pode incluír perfectamente aos tres concellos da Coruña que superan os 50.000 habitantes, e en segundo lugar diría que son tamén os concellos onde se acumulan as máis altas cuantitativamente as máis altas bolsas de desemprego, que creo que finalmente a finalidade que ten ese tipo de axudas é o combate do desemprego. Insisto, dándolle unha orientación distinta, eu creo que non se trata de que se financie aquí o gasto destes concellos, do mesmo xeito, dun 80-20, pero si dun 20-80, para que estes concellos por exemplo poidan tamén acollerse a este tipo de programas sen que supoñan para eles, ou para as arcas da Deputación provincial un gasto a maiores. Nada máis, grazas.

Sr. Presidente

Eu quería simplemente apuntar un detalle respecto ao que comentabades tanto Rosa coma ti, Alberto, dicirlle a Rosa, primeiro agradecerlle ao Partido Popular o sentido do seu voto, non só neste caso, senón tamén no modificativo de crédito que posibilita que estes dez millóns de euros se habiliten para axudar aos autónomos e microempresas da provincia da Coruña. Os últimos, é certo que somos os últimos, pero eu creo que neste caso, por dous motivos principalmente. O primeiro é que solicitamos á Xunta de Galicia, ao presidente da Xunta de Galicia, somos os únicos a nivel galego, a única institución que lle solicitou coordinar as súas axudas, porque aquí o risco era que un mesmo autónomo recibira para o mesmo obxecto de axuda, a mesma actividade, unha tripla axuda por parte de distintas administracións, o seu concello, a Deputación, a Xunta e incluso o Estado, co cal, fraco favor lle facíamos a quen xa estaba francamente danado na súa economía. Buscamos esa coordinación, non foi posible, en calquera caso este atraso débese principalmente a ese motivo, e o

outro, loxicamente, interno, outro que ten que ver con que o noso orzamento estaba deseñado para un orzamento dun exercicio sen pandemia e, polo tanto, como ben sabedes, onde participastes todos os Grupos, e hai que agradecerlo, tivemos que afrontar unha reestruturación que fixo Antonio Leira cos departamentos e con Intervención, con Orzamentos, un traballo inconmensurable, do que se logrou rascar de distintas partidas ata dez millóns de euros, co cal nos gustaría utilizar os remanentes que temos na Deputación, e superávit que temos na Deputación, para o que consideramos máis prioritario agora mesmo, que é a reactivación económica da provincia, polo tanto, o que tivemos que facer é tirar do noso propio orzamento, e aí está tamén a dificultade.

Por outra parte, ser os últimos tamén nos permite habilitar unhas axudas que o resto non habilita. O Estado favorece a 70.000 autónomos e autónomas desta provincia, nesta provincia, a data de hoxe, por primeira vez na historia son acollidos a un ERTE, poden ser acollidos a un ERTE. Por outra parte a Xunta de Galicia habilita unhas axudas distintas, e que van máis encamiñadas á habilitación de orzamentos ou partidas para compra de equipamentos en empresas, en comercios, que son custosos e que son obrigatorios por normativa sanitaria, para volver á nova normalidade. E por último, nós, que decidimos inxectar liquidez nos autónomos e microempresas da provincia. Polo tanto, aínda sendo os últimos, sendo unha afirmación certa, probablemente, o importante é que estamos, e que estamos ademais creo que cunha axuda intelixente, que non implica seguramente todo o orzamento que nos gustaría a nós, pero en calquera caso neste orzamento 2020, nesta Corporación 2020, co apoio unánime de todos e todas vós, levamos xa aprobados vinte millóns de euros ao sector do emprendemento, ao sector dos autónomos, ao sector das microempresas, co cal creo que é unha moi boa noticia.

E o que di Alberto, compártoo plenamente, eu creo que hai que avanzar na incorporación das grandes vilas, é dicir, neste Plan que hoxe aprobamos xa damos un paso moi importante. Como ben sabes, Alberto, e ti participaches, e agradecercho, este Plan a diferenza do PEL convencional, supón a incorporación de vilas de ata 50.000 habitantes, cando o PEL convencional son as de 25.000. Polo tanto, imos nese camiño, e creo, coincido plenamente contigo que se deixamos fóra as cidades, basicamente é polo concepto actual de que son as administracións que menos necesidade teñen dun microapoio da Deputación, porque ao final somos unha institución orzamentariamente máis modesta do que pode ser unha gran cidade, pero en calquera caso creo que aí é onde se concentra o maior nivel de desemprego, e polo tanto calquera grao de area que se poida achegar seguramente sexa benvido, creo que excluílos ou excluílas non é a mellor das decisións. Polo tanto, terémolo en conta nos próximos plans de emprego. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aprobar a inclusión no programa PEL CONCELLOS do Plan de Emprego Local da Deputación Provincial da Coruña 2020-2023, dunha nova liña actuación, a 1.3., denominada "Liña 1.3. PEL-REACTIVA - FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA", cunha dotación orzamentaria de 10.000.000,00 €, incluída no Expediente Provincial de Modificación de Créditos nº 3/2020, na aplicación 0520/24100/46201.

2. Facultar á Presidencia da Deputación para a realización de cantas accións sexan necesarias para o desenvolvemento de liñas de actuacións do Plan de Emprego Local 2020/2023.

3. Condicionar a execución da actuación PEL-REACTIVA á aprobación definitiva do Expediente Provincial de Modificación de Créditos nº 3/2020 e á disposición da correspondente autorización competencial da Xunta de Galicia.

4. Incorporar a nova liña de actuación do Plan de Emprego Local, unha vez aprobada, ao Plan estratéxico provincial de subvencións 2020/2022."

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS

1.Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños relativa a Concentración contra a lei Montoro e a regra de gasto

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno celebrado o pasado 26 de xuño, realicei un rogo respecto á situación que veñen vivindo os concellos de toda España, que lles impide a utilización de fondos incluídos como remanentes e que se foron orixinando polos superávits desde a coñecida lei Montoro do 2012, na que se fixaba unha regra de gasto que limitaba o gasto anual de cada municipio.

Esta lei, amplamente criticada por todos os partidos políticos do estado, comprometéndose case todos eles a eliminala se gobernasen ou cogobernasen; non só non se eliminou, senón que agora preténdese baleirar as arcas a todos aqueles concellos que temos acumulado o remanente desde a entrada en vigor da citada lei. No caso do concello que presido, 14 millóns de euros, na Deputación Provincial da A Coruña, 70 millóns de euros, e o superávit do pasado exercicio de máis de 20 millóns de euros. O anuncio do que vai vir, vén da man do presidente da FEMP, o señor Caballero, por certo un dos máis intransixentes, cando gobernaba o Partido Popular. Non quero pensar nos investimentos en infraestruturas que podería levar o municipio de Vigo polos servizos prestados, no caso de que a FEMP pacte co goberno o que pretenden.

Os cartos das administracións locais non son do Estado. O Goberno da Nación non pode usurpalos, para supostamente, devolvérolos en dádivas ao longo de 10 anos.

Estamos a asistir a un xogo de "trileiros", no que o gancho é o presidente da FEMP e Alcalde de Vigo.

ACORDO

Por todo iso propoño ao pleno da Deputación Provincial da Coruña, que desde a Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, se convoque a todas as Corporacións da provincia para manifestarse ante as portas dos concellos ás 12:00 da mañá do próximo 7 de agosto, para reclamar a eliminación da lei Montoro e da regra de gasto.

2. Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, para instar ao Goberno de España a non apropiarse dos recursos das entidades locais

Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas -adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas polo goberno central- para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en poñer en marcha medidas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

A única medida que tomou o goberno central é permitir que as EE.LL. poidan gastar unha pequena parte do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas así como para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CEO ou ECO.

Unha medida que é unha medida trampa e insuficiente. Trampa porque non supón un financiamento adicional senón que as entidades locais fan uso dos seus "aforros", porque non suprimiu a obrigatoriedade de cumprir todos os requisitos establecidos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) e polo tanto impide a moitas entidades locais facer uso do superávit ou lles obriga a amortizar débeda, detraendo recursos na loita contra a pandemia e os efectos da mesma- e porque ademais o goberno establece en que poden gastar ou non o seu diñeiro, o diñeiro de todos os veciños, as entidades locais.

É insuficiente porque a porcentaxe aprobada é ridícula para atender non só as actuacións urxentes, senón todas as medidas que as entidades locais puxeron en marcha, e deberán seguir poñendo en marcha nos próximos meses, para garantir a saúde e o benestar dos seus veciños.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

1. Flexibilizar a Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que todas a EE.LL. poidan dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus "aforros", os "aforros dos veciños"- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC. AA. e o Estado, de forma que a súa utilización para os fins descritos non compute no exercicio 2020 para o cálculo da Regra de Gasto e a Estabilidade Orzamentaria.

2. Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.

3. Prorrogar os prazos para que as entidades locais poidan executar os Investimentos Financeiramente Sostibles, financiadas con cargo ao superávit de 2018 ou 2019, dado que a suspensión de prazos administrativos como consecuencia do estado de alarma provocou que moitas delas non finalicen en 2020.

4. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar "confiscar" o superávit xerado en 2019 polas EE.LL. así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

O goberno pretende que os concellos e gobernos provinciais prestémoslle "a totalidade" dos aforros acumulados durante os últimos 8 anos e, a cambio, soamente permitirállelos gastar, durante os próximos dous anos, unha terceira parte dun diñeiro que é dos nosos veciños e exclusivamente naquelas actuacións que previamente definiu o goberno.

O resto do diñeiro prestado será devolto polo goberno ao longo dos próximos 10 anos, aínda que a proposta exclúe o calendario de pagos, o que supón que as EE.LL. non poderán utilizar a totalidade dos seus aforros durante a próxima década e por tanto, a asfixia financeira dos mesmos.

Ademais, na proposta que coñecemos inclúense varias das medidas solicitadas polas EE.LL. nestes meses que só se poñerán en marcha se previamente acéptase prestar a totalidade dos aforros do municipio ou provincia ao goberno.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais, así como varios preceptos da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar os seguintes:

ACORDOS

Manifestar:

1. O compromiso da Deputación de A Coruña coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.
2. O profundo rexeitamento desta deputación a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscrición de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

Instar o goberno de España a:

3. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.
4. Atender as demandas das EE.LL., especialmente a referida á flexibilización da Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.
5. Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP, lexítimos representantes das EE.LL. e dos españois.
6. Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e das Cortes e á Xunta de Goberno da FEMP.

Sr. presidente

Hai unha primeira moción do Grupo provincial Alternativa dos Veciños, relativa á concentración contra a Lei Montoro e a regra de gasto, e relacionada con esta moción hai unha emenda tamén presentada polo Partido Popular. Aceptas Gelo a emenda?

Sr. García Seoane

Si, si, na Comisión de Portavoces xa dixen que aceptaba modificar en vez de Lei Montoro, o nome da lei, e logo o tema era cambiar unha frase tamén, polo tanto no hai ningún problema nese aspecto.

No pleno celebrado o pasado 26 de xuño, realicei un rogo respecto á situación que veñen vivindo os concellos de toda España, que lles impide a utilización de fondos incluídos como remanentes e que se foron orixinando polos superávits desde a coñecida Lei Montoro de 2012, na que se fixaba unha regra de gasto que limitaba o gasto anual de cada municipio.

Esta lei, amplamente criticada por todos os partidos políticos do estado, comprometéndose case todos eles a eliminala se gobernasen ou cogobernasen; non só non se eliminou, senón que agora preténdese baleirar as arcas a todos aqueles concellos que temos acumulado o remanente desde a entrada en vigor da citada lei. No caso do concello que presido, 14 millóns de euros, -que por certo, imos espabilar dentro duns días, por se acaso vén algunha lei modificativa, nós imos xa investir nove millóns de inmediato, si, porque hai vías para facelo,- no caso do concello, 14 millóns de euros e a Deputación Provincial da Coruña, 70 millóns de euros máis o superávit do pasado exercicio de máis de 20 millóns de euros. O anuncio do que vai vir, vén da man do presidente da FEMP, eu estiven na asemblea da FEMP, oín as declaracións do Sr. presidente da Federación, que tiraba raios e centellas contra a citada lei, e resulta que agora o señor Caballero, por certo un dos máis intransixentes, cando gobernaba o Partido Popular, non quero pensar nos investimentos en infraestruturas que podería levar o municipio de Vigo polos servizos prestados, no caso de que a FEMP pacte co goberno o que pretenden. Hoxe, por certo, había unha reunión, espero que quede en nada.

Os cartos das administracións locais non son do Estado. O Goberno da Nación non pode usurpalos, para supostamente, devolvérolos en dádivas e dicíndonos en que temos que investilos ao longo de 10 anos, ata aí podíamos chegar, onde está a autonomía dos concellos de España?. Os cartos das administracións non son do Estado, o Goberno da nación non pode usurpalos, como digo, para devolve-lo en dez anos. Estamos a asistir, e a alguén poderalle parecer mal, pero é certo, eu que andei polas festas por aí adiante, e en case todas as festas aparecían os trileiros, aqueles que montan unha mesa no campo da festa e chaman á xente porque van gañar cartos, todo o mundo vai saír bárbaro, pero resulta que todos estes que están xogando cos cubiletos teñen sempre un gancho, neste caso un xogo de "trileiros", cun gancho clarísimo, que neste caso está a ser o presidente da FEMP e alcalde de Vigo.

Por todo iso propoño ao pleno da Deputación Provincial da Coruña, que desde a Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, se convoque a todas as Corporacións da provincia para manifestarse ante as portas dos concellos ás 12:00 da mañá do próximo 7 de agosto, para reclamar a eliminación da Lei Montoro e da regra de gasto.

Esta é a proposta que fago, podíase variar a data se é que o estima o presidente,

pero o que pido é que se faga esa convocatoria, dicíase-me onte que a Deputación non é quen ten que facer isto, que é a FEGAMP, a FEGAMP eu non a vexo por ningún sitio, nin a vin ata agora, non lle vin ningunha declaración á FEGAMP sobre o tema que estamos a falar, creo que o presidente da Deputación preside a casa dos alcaldes de toda a provincia, e que ten competencias para un tema tan grave coma este que estamos falando para levalo adiante. Polo tanto, esa é a nosa proposta.

Sr. Lema Suárez

Van debaterse hoxe dúas mocións nun sentido moi semellante, nós anticipamos o noso apoio ás dúas. Dicía o compañeiro alcalde de Oleiros que se bota en falta unha actitude da FEMP ee defensa dos intereses que lle corresponde defender, que sería o da autonomía local e, polo tanto, a non incautación que parece que é do que estamos falando agora, deses remanentes, ou dese crédito non executado, froito derivado da aprobación da Lei Montoro no ano 2012.

Hai que dicir dúas cousas, unha que a derogación, ou a modificación da Lei Montoro formaba parte dos compromisos adquiridos cando se conformou o Goberno, formaba parte dese programa en común, e dúas que semella que a Covid ou a crise da Covid, está digamos sendo aproveitada para iniciar unha nova vaga recentralizadora. Sucedeu en 2010, coa anterior crise que o Estado ao mesmo tempo que cede soberanía cara arriba, cara a instancias europeas, que basicamente lle ditan cal debe ser a política económica que se debe facer no Estado español baixo os principios de austeridade, e outros que se axustan a un ideario liberal, pois esa cesión de dereitos que fai o Estado español cara arriba, cara a Bruxelas, opera ao mesmo tempo cara abaixo, é dicir, é unha cesión, dalgunha maneira réstalle soberanía ás entidades locais. En 2010, mediante aquela Lei Montoro, que non só impuña regras de gastos e regras tamén que tiñan que ver coa contratación de persoal e coa taxa de reposición, senón tamén cuestión máis relevante ou igual de relevante como a posibilidade de incluír ou de acrecentar as súas competencias. Polo tanto, non é só unha cuestión de financiamento, é tamén unha cuestión de competencias que creo que tamén cómpre reclamar. Entón, vemos esa dinámica, unha cesión do Estado cara arriba, cara a Bruxelas, e ao mesmo tempo unha limitación á cesión das administracións locais, que hai que lembrar que a Deputación da Coruña entra dentro desa categoría, de administración local.

Entón, por suposto nós compartimos sempre como un principio, con independencia de cal sexa o Partido que estea no Goberno, esa reclamación, a reclamación de que a autonomía local sexa un principio, eu creo que podemos debater nun debate máis amplo de por que se supón que as administracións máis próximas á poboación deben ser as que teñen esa maior autonomía, creo que non é un debate para agora mesmo, pero sen dúbida nós confiamos, ou nós acreditamos nese principio, e defendémola en calquera situación. Nós compartimos a análise que fai o compañeiro Gelo sobre a distinta actuación que ten o presidente da Federación Española de Municipios e Provincias, con dependencia de cal sexa a cor do goberno en Madrid. Entón, creo que o que se está propoñendo é iso, coa motivación, non dicimos escusa, da crise sen dúbida importantísima que vai xerar a Covid, unha incautación de parte dos fondos non executados dos concellos, e despois unha estrañísima devolución, vía subvencións finalistas, de aproximadamente o 40% diso que se incauta. A verdade é que non entendemos a operación, cremos que vai en

contra dos principios da autonomía local que, insistimos, son a administración que está máis próxima á cidadanía, que coñece mellor as súas necesidades e que, por tanto, ao contrario, deberían ser aquelas que se dotasen agora mesmo de maiores recursos porque vemos que, porén, a administración xeral do Estado non ten para si mesma a mesma lóxica de aplicar a austeridade empezando pola casa e, polo tanto, nós anunciamos o noso apoio a esta moción presentada polo Grupo de Alternativa dos Veciños, como outra semellante a esta, nun sentido semellante, do Partido Popular, que tal vez sexa axeitado debater conxuntamente para non prolongar demasiado o debate hoxe.

Sr. Presidente

Así se fará, Alberto.

Sra. Muíño Filgueira

En relación co contido da presente moción, que é a que acaba de expoñer agora Gelo e en relación a que nos imos expresar, efectivamente, nós compartimos o sentido de que os remanentes son froito, non tanto dos aforros senón de todos aqueles condicionantes que limitaron e condicionaron o gasto dos concellos, froito da Lei Montoro, e que efectivamente son fondos públicos que pertencen aos veciños e veciñas de cada concello e que corresponde a cada concello decidir como investilos para dar resposta ás necesidades e urxencias que se presenten en cada concello.

Por outra banda, é certo que estamos nunha situación excepcional, hai pouco se relataba a alerta que nos espertan todos os datos económicos e ao redor do emprego, o que fai intuír que os concellos imos ter que facer fronte a un maior esforzo, tanto para a dinamización da economía local, pero tamén para prestar servizos e atención ás necesidades máis urxentes da cidadanía, e para iso hai uns fondos que na súa totalidade deberían poder empregar, pero para isto tamén é certo que o camiño é a derogación da dita Lei Montoro. Neste sentido, como xa non é o primeiro Pleno no que abordamos este tema, e ademais o contexto é diferente, neste momento hai un proceso de negociación no seo da FEMP, cunha proposta concreta, parece acaído que a achega desta moción na que propón unha acción que, desde logo, cando menos, é distinta, e que nos leva a que deamos un paso ao fronte desde os concellos e poñamos cara a ese rexeitamento que se traslada de xeito bastante xeneralizado.

Sra. Gallego Neira

Eu non sei se estamos debatendo as dúas conxuntas, porque agora mesmo María só se referiu á de Alternativa dos Veciños, é que son temas, aínda que é o mesmo tema, os contidos son totalmente diferentes. Obviamente imos votar a favor das dúas, pero entendo que son debates distintos e ademais non se dixo nada na Xunta de portavoces, co cal eu non sei se imos aforrar moito tempo porque vou facer unha intervención un pouco ampla, se é así.

Imos ver, hoxe, quince minutos antes da celebración da Xunta de Goberno da FEMP o Sr. Caballero suspendeuna, ou sexa, que aínda estamos a tempo de reaccionar porque está claro que tampouco deben de estar moi de acordo todos os

alcaldes socialistas. O que se pretende coa Lei Montero, porque supoño que a aprobarán a través dunha lei, é o maior ataque á autonomía financeira das entidades locais da democracia. Como di a moción de Alternativa dos Veciños na súa exposición de motivos, a chamada Lei Montoro serviu para que os concellos acumulasen remanente, aprobouse en 2012 cando España estaba ao borde do rescate, cun escenario económico extremadamente delicado. Grazas a esta lei, os concellos pasaron de ter débeda, moitos deles totalmente desorbitada, e estaban practicamente tamén en quebra, a ter remanentes e superávit. O fin da lei, e así o di o seu nome é a estabilidade orzamentaria e a sostibilidade financeira, tal e como demanda Europa e a Constitución. Nunca, xamais, a ningún Goberno se lle ocorreu apropiarse dos aforros destes concellos, soamente agora ao Goberno de Sánchez coa complicidade de Podemos, porque poderían dicir algo, e menos nun momento de crise como a actual, que aínda nos parece máis grave, cando os concellos, as entidades locais, son o salvavidas dos veciños, dos cidadáns, son a administración máis próxima a eles. Por suposto que imos votar a favor da moción, da de Alternativa dos Veciños.

En canto á nosa, a nosa, dicíase o outro día na Xunta de portavoces, presentamos unha moi similar, non tan contundente ao mellor, nin tan extensa, pero similar, no Pleno de maio, do 2 de maio, creo que foi, e se aprobou coa abstención do Partido Socialista e do BNG, eu creo que agora mesmo, e algún Grupo máis, agora é moi urxente aprobala, e manifestarse claramente, eu creo que agora non nos podemos poñer de perfil, eu creo que ou estamos a favor, ou estamos en contra, non creo que haxa ningún punto dos que se inclúen na moción que lles impida votala se están de acordo con que son as entidades locais as que teñen que gastar eses aforros que lexitimamente pertencen aos cidadáns de cada concello e de cada entidade local, porque son quen pagaron os impostos e son as entidades locais as máis próximas a quen lle están prestando os servizos neste momento tan duro. Durante os meses, precisamente, durante os meses máis duros da pandemia no estado de alarma, e coa paralización da economía española, o Goberno de España ofreceu ás entidades locais a xenerosa cifra de 0 euros en axudas. Cero euros para unhas administracións que foron as primeiras en tomar medidas fronte á crise. A única medida que adoptou o Goberno foi autorizar ás entidades locais a gastar os seus propios aforros, o aforro dos seus veciños, pero soamente nunha mínima parte. 20% do superávit para gasto social e gastos urxentes, e o 7% do superávit xerado en 2017 para gastos de investimento en vehículos eléctricos con etiqueta medioambiental cero eco. Non todos os concellos obedeceron, porque por exemplo o outro día dicíallo, o Sr. Lage na Coruña gastouno cen por cento, remanente e superávit, verdade que si?, axudando aos veciños, iso é verdade, co apoio de todos os Grupos municipais.

Esta medida aprobada polo Goberno do Estado durante a pandemia, é unha medida trampa e ademais é insuficiente. Trampa porque non supón un financiamento adicional, senón que é simplemente permitir que unha parte deses aforros os invistan, pero son aforros dos concellos, e é insuficiente porque simplemente a porcentaxe do 27% é ridículo. As entidades locais españolas aprobaron por unanimidade no seo da FEMP o documento denominado piares locais para a reactivación económica e social da administración local o 22 de maio de 2020 que recollía as peticións que fan as entidades locais e ás que o Goberno do Estado fixo cero caso, ningún caso.

Vou recordar algunhas destas peticións que son flexibilizar a regra de gasto e o resto de regras contidas na Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade

financeira para que todas as entidades locais poidan dispoñer do cen por cento dos remanentes de tesourería xerados durante os últimos anos, para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar, primeiro contra a pandemia e despois contra a crise sanitaria, social e económica derivada desta. Unha transferencia dunha parte proporcional de fondos europeos para a reconstrución que reciba España para as entidades locais, prorrogar os prazos para que as entidades locais poidan executar os investimentos financeiramente sostibles, os prazos foron atrasándose pola Covid loxicamente, e vai ser máis difícil que se vaia xustificar en prazo. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas incondicionadas ás entidades locais, e de fondos específicos para compensar o déficit en servizos de transportes públicos, así como para cubrir o custo da colaboración co ingreso mínimo vital. Medidas que os alcaldes no seo da FEMP aprobaron, que todos os concellos e todas as entidades locais incluso nesta propia Deputación solicitouse unha e outra vez, e que entendemos que deberían ser tidas en conta.

O Goberno de España nunca respondeu a estas peticións e agora o único que quere é chantaxear as entidades locais, posto que a cambio de atender ás peticións da administración local van apropiarse da práctica totalidade dos seus aforros de todos os veciños durante dez anos, para financiar a axenda do Goberno, non as necesidades reais dos veciños, e facer campaña desde a Moncloa como xa ocorreu cos venres sociais.

Di a ministra Montero que non hai alternativa, pois si hai alternativa, claro que hai alternativa, que é modificar a lei e a regra de gasto, é tan sinxelo como iso. Un acordo que ademais vulnera a autonomía local consagrada na Constitución. Desde logo, o noso Partido o que si vai facer, en caso de que isto se chegue a aprobar, é presentar recurso ante o Tribunal Constitucional, por suposto no Congreso dos Deputados, nas Cortes Xerais, e máis adiante, se prosperase, ante o Tribunal Constitucional. Xa curioso é que a ministra, circula por aí un vídeo, di que é unha proposta creativa e imaxinativa e que non hai alternativa, é unha chantaxe en toda regra e é unha vulneración da autonomía financeira das administracións locais. Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo, en canto á moción presentada por Alternativa dos Veciños, tal e como comentamos xa na Xunta de portavoces, compartimos o fondo da moción, o fondo da moción xa é un tema que debatemos longo e tendido ao longo de varios Plenos xa, con distintas mocións presentadas por distintos Grupos, é bo e é positivo que todos compartamos a necesidade de que se permita aos municipios utilizar os remanentes, pero como digo nesta moción, estamos totalmente de acordo co fondo e non coa forma, tal e como manifestamos na Xunta de portavoces. Entendemos que o presidente da Deputación non é quen ten que convocar esas concentracións, senón que iso ten que facelo o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, por dous motivos, primeiro porque este é un problema que non se circunscribe única e exclusivamente á provincia da Coruña, senón que o están a padecer o conxunto dos municipios do país e, polo tanto, entendemos na outra banda, que debe ser aquel que representa a todos os municipios galegos quen faga esa convocatoria de concentración, esa era a única, digamos, discrepancia que podiamos ter co acordo da moción, coa exposición de motivos pode haber cuestións loxicamente que non

compartamos e determinadas afirmacións, pero en todo caso sabemos que o que se aproba e o que se traslada son os acordos. Polo tanto, desde o noso Grupo imos abstermos, como digo, compartindo ao cen por cento o espírito e o fondo da moción, pero non a forma, en canto a que non ten que ser o presidente da Deputación o que faga esa convocatoria, senón que entendemos que ten que ser o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, que é o que é o representante de todos os concellos de Galicia. Nada máis.

Perdón, nada máis sobre a de Gelo, perdón que se me esquecía, agora falando da moción presentada polo Partido Popular, o argumento é moi similar, como dicía antes, xa o debatemos en innumerables ocasións, non me vou repetir e a reiterar nos argumentos que fomos dando ao longo dos últimos meses porque seguen sendo os mesmos, segue existindo a necesidade de que nos permitan utilizar eses fondos e sigue existindo unha falta de acordo para que iso sexa así. En todo caso, si que é certo que nesta moción vén sendo moi similar ás anteriormente presentadas, un pouco máis cargadas de bombo na exposición de motivos, con acusacións máis directas, e subindo un pouco o ton, que entendemos que é parte do xogo político, pero si que é verdade que hai cuestións que me gustaría ser claro. É verdade que é unha decisión inxusta a de que se queiran apropiarse dos fondos dos concellos, xa sexa a través dun préstamo ou de calquera outro mecanismo, pero non é menos certo que é igual de inxusto que non se permitira aos concellos que tiñan remanentes utilizarlos, non me vale a desculpa de que estamos nunha situación de crise económica, porque matar moscas a cañonazos nunca é a solución, se había concellos naquel momento que tiñan débeda que non era soportable polas súas arcas ou a súa economía, o normal é que se lexislara para que os concellos que se atoparan nesa circunstancia non puideran gastar de máis. O que non é lóxico é que se aplicara unha norma para todos os concellos en xeral independentemente de que a súa situación económica fora boa ou mala ou da xestión que se levou ao fronte nese caso e por parte dos responsables políticos elixidos polos cidadáns para xestionar as administracións, fora boa ou mala, alí fíxose táboa rasa, todos os concellos igual, independentemente da súa situación, e non poden gastar vostedes nin remanente nin superávits. Ademais hai outra cuestión, comentabamos tamén na Xunta de portavoces, na que non incidimos habitualmente, e que tamén nos está a lastrar a xestión de moitos concellos, que é a imposibilidade de convocar ofertas de emprego público, cunhas taxas de reposición para o persoal laboral e temporal dun 50%, e de funcionarios dun 100%, a excepción da policía local, que é do 115%. Pois tamén é unha medida inxusta porque hai concellos que teñen necesidades reais de dotar os seus cadros de persoal de máis persoal para prestar o mellor servizo aos seus cidadáns, non é unha cuestión discrecional do alcalde de incrementar o capítulo de persoal porque si, senón porque ten necesidades que actualmente non se nos están a permitir cubrir e, polo tanto, tamén fago un chamamento para que todos os Grupos, que estamos tan concienciados con esta materia, fagamos fincapé tamén nesa cuestión, que se ben igual non afecta á totalidade dos concellos, pero si a moitísimos concellos, entre eles o meu, loxicamente, tamén o digo, que estamos a ter moitas dificultades polas imposibilidades que temos para a contratación de persoal. Polo tanto, non se pode dicir que este sexa o maior ataque ao municipalismo, porque aquí aplicarei parte do refraneiro de, entre todos a mataron, e ela soa morreu, é dicir, o ataque ao municipalismo vén desde moitas fronteiras desde hai moitísimo tempo. Temos unha moción despois que presenta Marea Atlántica e outra que presentamos conxuntamente entre o Partido Socialista e o BNG, que tamén fala do ataque ao

municipalismo, fala desa asunción e desa imposición da asunción, mellor dito, de competencias impropias que estamos a sufrir os concellos desde hai moito tempo, que nos xeran un volume de traballo poucas veces, ou moitas veces, pouco soportable, e un volume de gasto que empeza a ser xa inasumible para as arcas municipais. Podemos falar dos centros educativos, que non son edificios municipais, que estamos a mantelos, que estamos a conservarlos e que estamos a pagar as súas conserxerías ou a súa limpeza, pois iso tamén vai contra o municipalismo, iso tamén mingua a capacidade económica dos concellos.

Por tanto, son moitos os fronts que hai abertos, nos que se ataca ao municipalismo e bo sería que entre todos e todas fixeramos un exercicio de responsabilidade, primeiro recoñecendo esa realidade, segundo sendo igual de belixerantes con todas as administracións que están a traballar nese desmantelamento do municipalismo, ou nesa sobrecarga de traballo para os municipios para ir soltando lastre de competencias que son en moitos casos autonómicas, ou en menos dos casos, estatais, e que vimos vivindo e padecendo ao longo dos últimos anos. Por tanto, fagamos, como digo, un exercicio de responsabilidade e unha reflexión moito máis ampla de como debe ser o municipalismo, de como ten que desenvolverse e de como cada agrupación, ou de como cada institución e administración ten que asumir as súas competencias e aguantar da súa vela, se podemos dicilo de forma coloquial.

Así que fago un chamamento a esa responsabilidade, a que sexamos un pouco máis ambiciosos nas formulacións e que non impere sempre cando os facemos nalgún dos casos unha cuestión simplemente política partidista, ou de cor política de quen estea no Goberno de Madrid, porque a min gustaríame esta mesma belixerancia cando se aprobaron estas medidas, ou cando se mantiveron no tempo por gobernos de signo distinto, eran inxustas naquel momento e seguen a selo na actualidade, desde este Grupo provincial así o manifestamos en innumerables ocasións, desde outros, desgrazadamente, non imperou sempre a mesma coherencia en canto a esa reclamación e, sobre todo, a belixerancia coa que se expón, pero en todo caso saudamos positivamente que poidamos estar todos de acordo nesa materia, e nese caso tamén na moción do Partido Popular imos abstermos, sobre todo tendo en conta o que comentaba antes tamén para a de Alternativa dos Veciños, que se ben compartimos o fondo, as formas e, sobre todo, a exposición de motivos, onde fan unha serie de acusacións e afirmacións que entendemos que serían moi matizables, nos levan a que nos absteñamos neste punto e, polo tanto, facilitemos a súa aprobación.

Sr. García Seoane

Faime graza a afirmación neste caso do portavoz do PSOE, que si está de acordo co fondo, e non coa forma. Eu creo que fun moi respectuoso, tremendamente respectuoso, á hora de dicir o que pensaba. Os trileiros é un xogo que se leva polas feiras, díxeno antes, e onde dous xogan alí e un fai que gaña cartos a moreas para que os demais piquen. Indubidablemente neste caso van gañar cartos a moreas algúns e outros quedamos como o galo de Morón, sen plumas e cacarexando. Por tanto, non sei por que... onte celebráronse Plenos nesta comarca con esta mesma moción e corporacións distintas, Grupo municipais similares, uns aprobaron e outros denegaron. Entón, eu por que digo isto? porque non, imos á FEGAMP, que a

FEGAMP é a casa de todos, a casa de todos é esta da provincia, e aquí hai un presidente que fixo un labor salientable nos catro anos anteriores, e ata o momento tamén, polo tanto, é un presidente que ten un peso, que foi elixido polos deputados presentes aquí, coa maioría indubidablemente, e que ten unhas competencias que é velar polos intereses dos concellos da provincia. E digo velar polos concellos da provincia porque os demais a FEGAMP non vela, porque depende de que sector sexa o que está en fronte, e pódese mandar desde aquí unha misiva, pero se o señor que está presidindo a FEGAMP pensa doutra forma, pásao polo arco do triunfo e quedamos todos tan campantes. Por tanto, paréceme que non hai argumento ningún para dicir a forma, a forma é moi respectuosa, tremendamente respectuosa, xa digo, podería ser, outra vez ao mellor irei con máis contundencia e con máis claridade como sempre fago, porque eu non me paro en barras, e sempre digo o que penso, e con moita claridade para que se me entenda, que non haxa dúbidas no que digo. Por tanto, eu creo que a Deputación é a competente, lamentar que neste caso o PSOE non vaia aprobar, e agradecer aos demais partidos o seu apoio a esta moción.

Sra. Muíño Filgueira

Por completar a exposición anterior, e referirme á moción presentada polo Grupo Popular, si que é certo que na parte de acordos, os diferentes puntos que aparecen non incorporan nada distinto do que xa foi aprobado e debatido reiteradamente en distintos plenos desta Deputación, entendemos que si que o contexto é diferente porque hai unha proposta sobre a que debater, que xa fala do potencial uso dunha parte dos remanentes por parte dos concellos e tamén entendemos que o que non recolle de ningún xeito é o feito da derogación da Lei que sería a vía para que os concellos realmente puideran facer uso do cen por cento dos seus remanentes.

Sen entrar en profundidade no que sería a exposición de motivos, no que evidentemente se pretende facer un branqueo do que supón a Lei Montoro, si que é certo que nun momento determinado, en 2008 para solucionar unha crise a fórmula pola que se opta é investir cartos públicos en rescatar á banca e aplicar a receita de non gastar para as administracións públicas, especialmente para os concellos, con independencia do que fixeran, e non eran maioritariamente aqueles que incorrían en déficit, polo menos aquí en Galicia, e curiosamente agora ante un novo escenario de crise parece que descubrimos que a mellor fórmula para reactivar esta situación é o gasto e investimento público e pretendemos tirar duns fondos que están bloqueados grazas á Lei Montoro.

Neste sentido non compartimos a parte expositiva, e en relación aos acordos entendemos que neste momento non incorporan ningunha cuestión que non se poida abordar desde o documento que hai para a negociación que xa introduce modificacións, entón neste sentido ímonos abster porque estes puntos están aprobados noutros Plenos en relación ao contido desta moción.

Sr. Presidente

Votamos a emenda primeiro

Sra. Gallego Neira

Non entendín moi ben o que acaba de dicir a portavoz do BNG, non sei con que non está de acordo na parte dispositiva, porque hai outro documento, isto é unha moción que non ten absolutamente nada que ver co documento, precisamente rexeita o documento que se presentou na FEMP, iso non o entendín moi ben.

Sra. Muíño Filgueira

Realmente os acordos que presenta a moción rexeitan o que é o posicionamento.... estamos de acordo en que o Estado non se debe apropiarse dos fondos dos concellos, pero entendemos que todos os acordos, que os puntos que reflicte esta moción están xa aprobados en Pleno e non incorporan nin garanten o uso que os concellos poidan facer uso do cen por cento dos seus remanentes. Entendemos que chegado a este punto e ante a proposta que fai o Goberno do Estado, desde o punto de vista deste Grupo, do BNG, o camiño é esixir a derogación da lei para que realmente os concellos poidan facer uso do cen por cento dos seus remanentes, que son os aforros de cada concello, dos veciños e veciñas. Non sei se me expliquei mellor agora.

Sra. Gallego Neira

É buscar unha excusa para non votar a favor e manter o voto, a abstención do anterior Pleno. Eu creo que o momento é moi diferente, porque agora xa o dixo Gelo antes, que ía gastar nove millóns antes de que llos leven, o que fixo o Concello da Coruña, eu creo que é o que hai que facer.

Sr. Fernández, gobernan en Madrid, poden aprobar unha Lei de orzamentos, cambian a taxa de reposición, dous anos gobernando e non teñen orzamento, seguen co orzamento do Partido Popular, que incrementou a taxa de reposición, iso téñao en conta, porque se foi evolucionando nese sentido.

A deus rogando e co mazo dando, dicía o Sr. García Seoane o outro día na Xunta de portavoces, pois claro que imos seguir cos mesmos acordos e cos que haxa que formular. Claro que unha moción non garante nada, se o Goberno do Estado, apoiado polo BNG, por Podemos, e claro o Partido Socialista obviamente, non cambia a súa actitude, se expropiarán os aforros dos concellos, iso está clarísimo, pero desde logo non é o mesmo presentar unha moción apoiada por unanimidade, que non sexa así. Entón aquí o que hai que facer é mollarse e ser claros no que se quere, non hai nada máis. Eu creo que coa que vén enriba, tampouco diga que é o mesmo que te obriguen a aforrar nun momento determinado, e que ti agora o poidas gastar, que ben vén agora aos concellos para axudar aos seus veciños, a que agora que aforraches, que poidaches aforrar e que conseguiches aforrar, o leve todo o Estado, cun suposto préstamo que devolves en dez anos, a saber como estamos dentro de dez anos.

Sr. Fernández Piñeiro

En canto á moción de Alternativa dos Veciños, non dixen en ningún momento que fora irrespectuosa, o que estou dicindo é que hai cuestións que non compartimos, compartimos o fondo, compartimos esas concentracións, pero nunca que a

convocatoria saia do presidente da Deputación, que se ben é certo que é o presidente da Deputación Provincial da Coruña, pero hai un representante elixido democraticamente como representante dos concellos, que é o presidente da Federación Galega de Municipios e provincias, independentemente de que nos guste máis, menos, ou esteamos de acordo coa xestión que se poida facer ou non, así funcionan as regras do xogo. Pero xa digo, ímonos abster precisamente para favorecer a aprobación da moción, polo tanto, non estamos en contra.

Sobre o que di a voceira do Partido Popular, claro, di "hai que mollarse", pois claro que hai que mollarse, pero é un pouco contraditorio que vaian vostedes a aprobar, ou a apoiar a moción de Alternativa dos Veciños que di, ou que fala de reclamar a eliminación da Lei Montoro, ou no seu caso, coa súa emenda, de modificar a Lei Montoro, e na súa moción, no primeiro punto digan que a Deputación ten que manifestar o compromiso da Coruña coa Lei de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais, que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o Goberno central. É dicir, dicimos unha cousa, dicimos a contraria, resulta que se queden cos aforros é malísimo, é un ataque, e que non nos deixen gastar, non o é. Porque claro, xogamos coas palabras dunha forma que é moi intelixente pero que digamos que evidencia moi ben o que pensa cadaquén e cal é a súa postura, é dicir, cando se nos obrigaba aos concellos a non poder gastar, se di que se nos obrigaba a aforrar, que é dicilo nunha forma en positivo, que queda moi ben, e a xente dos aforros sempre ten unha visión moi positiva, pero que non é verdade, o que non se nos deixaba era gastar, a aqueles que tiñan aforros que xa os tiñan, que xa os tiñan, e en cantidades nalgúns casos bastante abundante, tratábaselles igual a aqueles que tiñan débedas de vinte millóns de euros, como algún municipio da nosa provincia. Trasladando este símil, ou facendo un símil desta situación, é o mesmo que se eu entro nun banco con dous millóns de euros na miña conta, e entra outro señor que ten unha hipoteca, ou dous, ou tres, e non as paga, e nos tratan aos dous exactamente igual, e a min embárganme os dous millóns e a ese señor embárganlle as súas propiedades que tiña hipotecadas. Pois esa foi a Lei Montoro e eludir esa afirmación ou eludir esta reflexión, resta credibilidade a quen fai determinadas afirmacións en defensa do municipalismo, e sobre todo quen o camufla nunha linguaxe que queda moi bonita de "permitiunos aforrar aos concellos", vostede sabe que iso non é así, controlou o gasto de concellos que estaban nunha situación económica precaria, pero evitou que aqueles concellos que estaban nunha boa situación económica e que, polo tanto, podían investir para mover a economía, non o fixeran, e daqueles pos estes lodos, agora, como dixen antes, entre todos eles matárona. Non podemos responsabilizar só a unha parte, cando o problema, primeiro, chámame a atención que diga vostede "vostedes gobernan en Madrid", claro que si, eu non, goberna o meu Partido, e vostedes gobernaban en Madrid cando se aprobou esta lei, que é profundamente inxusta, e vostedes gobernan na Xunta de Galicia que constantemente nos está derivando competencias propias da Xunta aos concellos que estamos asumindo gastos e carga de traballo, e tampouco lle escoito dicir a vostede nada a ese respecto. Entón, sexamos un pouco máis coherentes, un pouco máis honestos, e recoñezamos o que hai, e cal é a realidade, porque senón volvemos a caer no mesmo que lle digo Pleno tras Pleno, que lle resta vostede moita credibilidade a esa postura.

Por tanto, estamos todos de acordo en que se permita que os concellos

utilicen aqueles aforros que lle foron obrigados por parte dunha lei que era inxusta no seu momento e que o segue sendo na actualidade, si, eu critiqueina naquel momento e críticao agora, e digo que este Goberno fai mal en non derogala, ou modificala por outra lei que poida ter aspectos positivos como puidera ter esta no seu momento, pero non todos estes que son negativos, pero a ver se lles escoita vostedes dicir o mesmo coa Lei Montoro que vostede agora aquí resulta que no seu punto número un, por iso non podemos votar a favor desta moción, di que o compromiso da Deputación con esa lei que nos axudou a xerar aforros e que é unha marabilla. Pero se había concellos que xa tiñan remanentes, concellos de tamaño medio como, por exemplo, Bergondo, de tres e catro millóns de euros naquel momento, xa tiñan aforros, isto é como o que aforra a base de non comer, voume quitar de comer, voume quitar de cear e só tomo o almorzo, canto aforrei!, si, pero ao final morres de fame, e isto é igual, de tanto aforrar, de tanto aforrar para non poder gastar, para non poder contratar, vai chegar un momento en que non imos poder prestar servizos que demandan os nosos veciños. Tan é verdade que quen legisla xoga coa vantaxe de que o veciño chama á porta do alcalde ou do concelleiro, nunca dun conselleiro ou dun ministro, desgraciadamente, o día que iso pase igual empezamos a legislar con máis cabeza, uns e outros. Moitas grazas.

Vótase a emenda presentada polo Grupo Popular:

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (14 do PP, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 4 deputados/as (BNG)

Abstéñense: 10 deputados/as (PSOE)

Aprobada a emenda, vótase a moción, coa emenda incorporada:

VOTACIÓN

Votan a favor: 20 deputados/as (14 do PP, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: 10 deputados/as (PSOE)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PSOE, aproba a seguinte moción:

Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños relativa a Concentración contra a lei Montoro e a regra de gasto

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno celebrado o pasado 26 de xuño, realicei un rogo respecto á situación que veñen vivindo os concellos de toda España, que lles impide a utilización de fondos

incluídos como remanentes e que se foron orixinando polos superávits desde a coñecida lei Montoro do 2012, na que se fixaba unha regra de gasto que limitaba o gasto anual de cada municipio.

Esta lei, amplamente criticada por todos os partidos políticos do estado, comprometéndose case todos eles a eliminala se gobernasen ou cogobernasen; non só non se eliminou, senón que agora preténdese baleirar as arcas a todos aqueles concellos que temos acumulado o remanente desde a entrada en vigor da citada lei. No caso do concello que presido, 14 millóns de euros, na Deputación Provincial da A Coruña, 70 millóns de euros, e o superávit do pasado exercicio de máis de 20 millóns de euros. O anuncio do que vai vir, vén da man do presidente da FEMP, o señor Caballero, por certo un dos máis intransixentes, cando gobernaba o Partido Popular. Non quero pensar nos investimentos en infraestruturas que podería levar o municipio de Vigo polos servizos prestados, no caso de que a FEMP pacte co goberno o que pretenden.

Os cartos das administracións locais non son do Estado. O Goberno da Nación non pode usurpalos, para supostamente, devolvérolos en dádivas ao longo de 10 anos. Estamos a asistir a un xogo de "trileiros", no que o gancho é o presidente da FEMP e Alcalde de Vigo.

ACORDO

Por todo iso propoño ao pleno da Deputación Provincial da Coruña, que desde a Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, se convoque a todas as Corporacións da provincia para manifestarse ante as portas dos concellos ás 12:00 da mañá do próximo 7 de agosto, para reclamar a modificación da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e da regra de gasto-

Seguidamente vótase a moción presentada polo Grupo Popular

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (14 do PP, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (10 do PSOE e 4 do BNG)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PSOE e BNG, aproba a seguinte moción:

"Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, para instar ao Goberno de España a non apropiarse dos recursos das entidades locais

Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas -adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas

polo goberno central- para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en poñer en marcha medidas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

A única medida que tomou o goberno central é permitir que as EE.LL. poidan gastar unha pequena parte do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas así como para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CEO ou ECO.

Unha medida que é unha medida trampa e insuficiente. Trampa porque non supón un financiamento adicional senón que as entidades locais fan uso dos seus "aforros", porque non suprimiu a obrigatoriedade de cumprir todos os requisitos establecidos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) e polo tanto impide a moitas entidades locais facer uso do superávit ou lles obriga a amortizar débeda, detraendo recursos na loita contra a pandemia e os efectos da mesma- e porque ademais o goberno establece en que poden gastar ou non o seu diñeiro, o diñeiro de todos os veciños, as entidades locais.

É insuficiente porque a porcentaxe aprobada é ridícula para atender non só as actuacións urxentes, senón todas as medidas que as entidades locais puxeron en marcha, e deberán seguir poñendo en marcha nos próximos meses, para garantir a saúde e o benestar dos seus veciños.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

1. Flexibilizar a Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que todas a EE.LL. poidan dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus "aforros", os "aforros dos veciños"- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC. AA. e o Estado, de forma que a súa utilización para os fins descritos non compute no exercicio 2020 para o cálculo da Regra de Gasto e a Estabilidade Orzamentaria.
2. Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.
3. Prorrogar os prazos para que as entidades locais poidan executar os Investimentos Financeiramente Sostibles, financiadas con cargo ao superávit de 2018 ou 2019, dado que a suspensión de prazos administrativos como consecuencia do estado de alarma

provocou que moitas delas non finalicen en 2020.

4. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar "confiscar" o superávit xerado en 2019 polas EE.LL. así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

O goberno pretende que os concellos e gobernos provinciais prestémoslle "a totalidade" dos aforros acumulados durante os últimos 8 anos e, a cambio, soamente permitirállelos gastar, durante os próximos dous anos, unha terceira parte dun diñeiro que é dos nosos veciños e exclusivamente naquelas actuacións que previamente definiu o goberno.

O resto do diñeiro prestado será devolto polo goberno ao longo dos próximos 10 anos, aínda que a proposta exclúe o calendario de pagos, o que supón que as EE.LL. non poderán utilizar a totalidade dos seus aforros durante a próxima década e por tanto, a asfixia financeira dos mesmos.

Ademais, na proposta que coñecemos inclúense varias das medidas solicitadas polas EE.LL. nestes meses que só se poñerán en marcha se previamente acéptase prestar a totalidade dos aforros do municipio ou provincia ao goberno.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais, así como varios preceptos da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar os seguintes:

ACORDOS

Manifestar:

1. O compromiso da Deputación de A Coruña coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.
2. O profundo rexeitamento desta deputación a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

Instar o goberno de España a:

3. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

4. Atender as demandas das EE.LL., especialmente a referida á flexibilización da Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.

5. Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP, lexítimos representantes das EE.LL. e dos españois.

6. Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e das Cortes e á Xunta de Goberno da FEMP."

3.Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños relativa a Regata de Traiñeiras Bandeira da Deputación Provincial da Coruña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A regata de traiñeiras Bandeira da Deputación provincial da Coruña, leva celebrándose 30 anos ininterrompidamente, debido ao seu gran interese deportivo e co atractivo de celebrar o pasado ano a primeira Bandeira feminina desta competición. Debido á situación que estamos a vivir co COVID19, este ano decidiuse non celebrar este importante evento, no que compiten clubs de toda a costa da provincia O marco onde se celebraría a regata non ten complicación algunha dado que os espectadores serían os mesmos que usan a praia ou o paseo marítimo.

A supervivencia de moitos destes clubs, depende en gran medida das percepcións económicas que reciben por asistir a estas competicións, un deporte tan duro como importante na tradición das poboacións costeiras da provincia.

Polo exposto o grupo provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno Provincial a aprobación do seguinte:

ACORDO

Que se celebre a regata de traiñeiras Bandeira da Deputación Provincial da Coruña 2020 o primeiro fin de semana de setembro.

Sr. Presidente

Hai outra moción de Alternativa dos Veciños sobre a celebración da regata de traíñeiras Bandeira Deputación Provincial da Coruña, hai unha emenda do PP tamén.

Sr. García Seoane

No pasado Pleno eu fixen un rogo porque vía como se falara en medio do monte e ninguén me escoitara, porque ao final crin que era un tema razoable e que se ía levar por parte do Goberno da Deputación adiante sen necesidade de que eu viñera hoxe con esta moción aquí, porque estimo que hai deputados, alcaldes, que viven en zonas que teñen clubs de remo, clubs de remo que están pasando unha penuria tremenda como todas as entidades deportivas neste momento no país, pero especialmente aquí en Galicia, por esa razón traio hoxe a moción.

A regata de traíñeiras Bandeira da Deputación provincial da Coruña, leva celebrándose 30 anos ininterrompidamente, debido ao seu gran interese deportivo e co atractivo de celebrar o pasado ano a primeira Bandeira feminina desta competición. Debido á situación que estamos a vivir coa COVID19, este ano decidiuse non celebrar este importante evento, no que compiten clubs de toda a costa da provincia O marco onde se celebraría a regata non ten complicación ningunha dado que os espectadores serían os mesmos que usan a praia ou o paseo marítimo, ou os mesmos que tamén, dúas regatas que xa houbo o mes pasado na cidade da Coruña, e que non pasou nada, a Regata Nacional de traíñeiras, onde temos galegos que compiten a altura dos vascos sen ningún tipo de problema, e tamén abriuse a liga aquí na cidade da Coruña.

A supervivencia de moitos destes clubs, depende en gran medida das percepcións económicas que reciben por asistir a estas competicións, non sei se saben que cada vez que van a unha competición, cada concello onde se celebra ten que poñer uns cartos, como neste caso sería a Deputación para que cada regatista que vén se leve 100.000 pesetas, 600 euros para as súas arcas e axudarlles a pagar as súas débedas e manter os seus clubs. Por tanto, un deporte tan duro como este, que neste momento non ten axudas, estanse eliminando moitas das subvencións de distintos organismos, Deputación, Xunta de Galicia, concellos que teñen unha penuria tremenda económica, e que non poden axudarlles na medida que o queren, por tanto é importante que se celebren estas competicións, para manter vivo o espírito destes remeiros e remeiras e manter vivo un deporte tan importante que só se dá no norte de España, dáse no País Vasco e dáse, son os dous núcleos máis importantes, logo tamén Asturias ten, pero son os dous núcleos máis importantes de España no tema de manter un deporte vivo, tan duro como é o deporte do remo.

Polo exposto o grupo provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno provincial a aprobación do seguinte acordo, e rogaría que se o tomamos, que se cumpra, senón é en agosto, porque hai problema de datas, podería ser en setembro, eu xa consultei coa Federación, e consultei cos clubs e hai datas para poder facer esta regata: Que se celebre a regata de traíñeiras Bandeira da Deputación Provincial da Coruña 2020, xa tiña a data e non me daba conta, o primeiro fin de semana de setembro porque

teñen todos os clubs de remo a data libre para esa regata, e que se leve adiante, aquí cartos sobran, aquí hai cartos, temos que sentarnos un día todos e empezar a dicir en que imos gastar os cartos e o señor interventor ten que facernos caso e tamén o secretario. Temos que empezar a gastar cartos que son dos cidadáns da provincia e que lle fan falta moito ás sociedades, aos concellos e a todo o movemento social que movemos desde os concellos entre todos nós. Esta é a proposta que fago.

Sr. Lema Suárez

Nós imos apoiar a moción que presenta Gelo, antes de expoñer por que quería manifestar o noso apoio, o apoio do noso Grupo provincial, supoño que tamén do resto dos Grupos que compoñemos este Pleno, ao Deportivo da Coruña na súa loita por impedir que se materialice unha inxustiza tremenda, que é a der vítima dunha pésima xestión da Liga de fútbol profesional española e do seu presidente Javier Tebas. Entón, desde o no Grupo provincial manifestamos o apoio ao Deportivo, entendemos que, estou seguro que o resto dos compañeiros tamén, seguro que van na mesma liña.

No Concello da Coruña celebrouse hai aproximadamente menos dun mes, penso, a Bandeira Cidade da Coruña, a IV Bandeira Cidade da Coruña da liga ACT, á que fixo referencia antes Gelo, que é unha competición privada, que efectivamente ten dos dezoito clubs, dezaseis son do País Vasco, hai dous galegos, que discorreu con completa normalidade, non houbo ningún tipo de problema, nin de incidencia, hai que lembrar que son deportes ao aire libre, que non hai acumulacións, non ten por que haber, non ten por que haber agrupacións excesivas de xente, senón que é moi doado, digamos, non comporta, pensamos, desde logo, nin a metade do risco que comporta tomar unhas cañas nunha terraza como vemos que pasa todos os días. Entón, pensamos que é un deporte tradicional ademais, un deporte como explicou antes o compañeiro, que ten raíces profundas, as traíñeiras eran embarcacións de baixura da pesca da sardiña que se transformaron despois neste deporte tradicional e que cómpre conservar, e ademais non só é que, dalgunha maneira, colaboremos no mantemento do deporte e de quen o practica, senón tamén ten un impacto turístico falando, por exemplo, na cuarta Bandeira Cidade da Coruña da ACT houbo unha importante continxente de persoas que viñeron do País Vasco a velo, ademais tamén saíu por televisión, é dicir, ten eu creo que morea de réditos para os deportistas, para os afeccionados e tamén un rédito, un retorno turístico de impacto. E pensamos nós que, desde logo, non se motiva a súa cancelación por motivos de saúde pública, aínda que desde logo, efectivamente, tamén se pode motivar ao contrario, supoño que Bernardo irá por ese lado, pero eu entendo que non comporta un maior risco que calquera das moitas outras actividades que hoxe en día están autorizadas aínda.

Por todas estas razóns, nós pensamos que sobradamente se pode aprobar esta moción e ademais executala, como ben dicía o compañeiro, creo que basicamente non supón un gran risco para ninguén a celebración deste evento. E, por outro lado, advertir que estamos entrando nunha lóxica de cancelación de eventos que teñen consecuencias económicas para sobre todo o sector cultural e para o sector dos deportes, hai que dicir que forman parte tamén moitas veces do seu emprego, e que hai unha responsabilidade que hai que manter como administración no mantemento destes sectores, sectores que crean retorno, que non son simplemente de distracción ou de lecer, senón que tamén son unha actividade

económica en si mesma, e que como administracións temos que ter unha actitude responsable tratando de darlles viabilidade e evitando o que pensamos que é unha espiral de cancelacións ás veces excesiva, ou motivada creio incluso por cuestións xeopolíticas, é dicir, se os ingleses declaran España un lugar perigoso, de maneira evidentemente motivada por razóns que non son sanitarias, senón que teñen que ver con outro tipo de cuestións, eu creio que o peor que pode facer o Estado español é reproducir cara abaixo ese tipo de alarmas, entón eu creio que tamén intentar dalgunha maneira serenar un pouquiño o debate, se é posible, neste asunto. Grazas.

Sr. Ben Otero

Bo día, presidente, compañeiros. Nós imos apoiar a moción que presentou Gelo, presentamos unha emenda de adición que di "Que se celebren outros eventos e probas deportivas sempre que a situación sanitaria así o permita", é dicir, eu creio que aquí, no seu momento, motivado por unha alarma que xurdiu, e evidentemente motivada, ao mellor precipitámonos á hora de cancelar tanto esta proba como outras probas que tradicionalmente se viñan patrocinando desde esta Deputación, como pode ser a Copa Deputación de fútbol e outras máis. Como consecuencia, eu creio que deberíamos pensar esta situación, e sempre e cando a situación sanitaria o permita deberíamos de traballar en que estes eventos se poidan desenvolver, por que?, estamos traballando no que é a nova normalidade, a xente volvemos aos Plenos, loxicamente, agás nalgún concello, que aínda seguen sendo telemáticos, de maneira curiosa, pero a xente volveu aos seus traballos, estamos indo ás terrazas, estamos indo á praia, evidentemente nunha situación con máscaras e demais, pero creio que debemos entre todos traballar para que, e dentro da situación na que estamos, a xente retome unha vida, entre comiñas, normal.

En consecuencia, eu creio que deberíamos de repensar esta situación, e tamén aproveito esta moción que presentou Gelo para manifestar a nosa preocupación por unha minoración do 38% de dous millóns de euros, no orzamento de deportes, que afecta directamente á axuda e promoción dos clubs e para a súa supervivencia. Eu creio que isto debería de levarnos a todos a reflexionar, Gelo dicíao, aquí problema de diñeiro non hai, e evidentemente o diñeiro é algo finito, non é algo infinito, pero creio que a promoción do deporte e o deporte base non debe ser quen pague sempre os pratos rotos. En consecuencia nosoutros anunciamos o noso voto favorable á moción, grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós coa emenda presentada polo Partido Popular, con esa coletiña de "sempre que se dean as condicións sanitarias", imos apoiar tamén esta moción.

Sr. Presidente

Simplemente facer un comentario respecto desta intervención que acaba de facer Evaristo. Eu creio que a volta á normalidade evidentemente implica que o país ten que funcionar coa maior normalidade posible, tamén no ámbito deportivo, cultural e social, pero creio que con toda a prudencia do mundo. Creio que para empezar á parte do sentido común, está absolutamente regulamentado aquelas actividades que se poden levar a cabo e que non se poden levar a cabo. É certo o que di Gelo, que

nesta Deputación hai cartos, si, é certo o que di Evaristo, que nesta Deputación hai cartos, si, pero maticemos todo iso, eu creo que as mocións anteriores, tanto a de Gelo como a do Partido Popular falaba precisamente diso, falaba de que temos cartos que non nos deixan utilizar, non podemos empregar, polas limitacións da Lei 2012, á que temos que xuramentarnos como se fora a Constitución española, segundo o primeiro punto da moción do Partido Popular, precisamente é a que limita o que non poidamos empregar eses superávits e eses remanentes, co cal as posibilidades que temos de non ter que aminorar, e explicábo antes cando aprobamos as bases de axudas a autónomos. Nós tivemos que adoptar unha postura, por unha parte recibíamos escritos do Partido Popular, de Rosa Gallego, pedindo plans de cen millóns de euros, e por outra parte, non tiñamos a posibilidade de utilizar eses recursos que tiñamos nas contas por esa Lei Montoro á que nos temos que xuramentar, parece ser, co cal a única solución que tivemos foi buscar nas partidas orzamentarias xa aprobadas, e o que é unha realidade é que as prácticas deportivas tiveron un parón de tres meses e seguen paradas moitas desas competicións deportivas, co cal a imposibilidade de xustificar a tempada, salvo que nos vailan todo tipo de xustificacións artificiais, non se ía dar, e ademais a serie de cancelación de eventos culturais que se deron, motu proprio, polos propios organizadores, léase o Festival de Ortigueira, léase, hai pouco, o Festival da Luz, son motivados polos propios promotores, non pola propia Deputación, co cal nos xera unhas economías que dedicamos ao máis importante que todos temos, e o demostra a votación favorable por unanimidade de todo o mundo, que é axudas a autónomos que o están a pasar mal polo peche dos seus negocios ou pola minoración importantísima dos seus importes de facturación. Co cal, si, hai recursos, pero como se non os tiveramos, porque non nos deixan usar eses recursos.

O que aclaro é que esta Deputación é absolutamente sensible ao financiamento do deporte base e das competicións deportivas nesta provincia e así o demostra que con recursos recortados e todo, ese 30%, estamos por riba do orzamento do ano 2015 en materia deportiva, porque houbo un aumento de máis dun 30%. Co cal, nese sentido, creo que temos toda a lexitimidade para defender por unha parte a aplicación do sentido común, porque se están suspendidas as competicións haberá menos gastos, e por outra parte porque esas economías que xeramos aplicando o sentido común, aplicámolas a unha necesidade a un tecido produtivo que como ben sinalaba o Partido Popular en diversos escritos, era vital axudar. E todo isto coa pena de saber que temos cincuenta e pico millóns de euros dispostos para poñer en marcha no mercado para poder reactivar a economía desta provincia que non se poden utilizar por unha lei que uns aprobaron e que outros non eliminaron, nin sequera modificaron.

Podemos votar a moción de Gelo, que entendo que acepta a emenda do Partido Popular.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños relativa a Regata de Traíñeiras Bandeira da Deputación Provincial da Coruña"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A regata de traíñeiras Bandeira da Deputación provincial da Coruña, leva celebrándose 30 anos ininterrompidamente, debido ao seu gran interese deportivo e co atractivo de celebrar o pasado ano a primeira Bandeira feminina desta competición. Debido á situación que estamos a vivir co COVID19, este ano decidiuse non celebrar este importante evento, no que compiten clubs de toda a costa da provincia O marco onde se celebraría a regata non ten complicación algunha dado que os espectadores serían os mesmos que usan a praia ou o paseo marítimo.

A supervivencia de moitos destes clubs, depende en gran medida das percepcións económicas que reciben por asistir a estas competicións, un deporte tan duro como importante na tradición das poboacións costeiras da provincia.

Polo exposto o grupo provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno Provincial a aprobación do seguinte:

ACORDO

Que se celebre a regata de traíñeiras Bandeira da Deputación Provincial da Coruña 2020 o primeiro fin de semana de setembro.

Que se celebren outros eventos e probas deportivas sempre que a situación sanitaria así o permita."

4.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre centros educativos.

Os concellos veñen desenvolvendo, como función impropia, a limpeza dos centros educativos de educación primaria e das escolas do CRA, ademais do seu mantemento ordinario. Ben de forma directa ou mediante concesións, os concellos asumen uns custos moi importantes para as súas economías, poñendo a colaboración institucional como base da súa actuación en beneficio da cidadanía.

Os custos do servizo de limpeza dos centros educativos de primaria e das escolas do CRA vanse ver incrementados, necesariamente, diante da necesidade de adoptar medidas preventivas complementarias e unha maior frecuencia nas sesións de traballo. Os concellos somos conscientes e responsables diante desta nova normalidade, pero consideramos que temos o dereito a participar na toma de decisións que nos van afectar de forma tan importante.

Resulta, netes sentido, extremadamente preocupante que, diante do documento de "medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte ao COVID-19 para os centros educativos no curso 2020-2021", trasladado polo Ministerio de Educación e Formación profesional o pasado 22 de xuño, a administración autonómica non se teña dirixido aos concellos diante das novas obrigas establecidas nese protocolo, como a

de realizar a limpeza dos aseos dos centros un mínimo de tres veces no día. A Consellería de Educación da Xunta de Galicia non pode obviar que é a titular dos centros educativos e a responsable do seu funcionamento e que, aínda contando coa colaboración dos concellos no seu mantemento e limpeza, debe garantir que existan os recursos, medios e disponibilidad necesarios para realizala, e para isto é imprescindible falar coa administración local.

Máis preocupante aínda é que a Administración educativa de Galicia no seu “protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021”, do 14 de xullo, eluda definir criterios de aplicación xeral e estableza que “Cada centro disporá dun protocolo de limpeza e desinfección que responda ás súas características. O protocolo de limpeza formará parte do documento denominado “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021” e determinará as frecuencias e horas nas que se realizarán todas as tarefas”. Resulta, ademais, impresentable e falta de toda delicadeza que se complete a anterior afirmación coa frase “o protocolo de limpeza é obrigatorio para todo o persoal de limpeza con independencia da súa dependencia orgánica, polo que será de aplicación non só ás empresas externas senón tamén ao persoal dos concellos que teñen a obriga de realizar o mantemento e conservación de conformidade coa normativa vixente.”. A falla de respecto institucional é tan obscena coma a falta de diálogo.

Por outra banda, mentres se establecen novas obrigas para os concellos con respecto a centros dependentes doutras administracións, trasládase xa aos directores dos centros educativos que no mes de setembro non vai ser posible utilizar as súas instalacións nos programas de conciliación que os concellos desenvolven, provocando un problema de difícil resolución a moitas familias, xa que un traslado das actividades a outras dependencias municipais implicaría, como mínimo, a imposibilidade de ofertar almorzos e comidas que resultan básicos nestes programas de conciliación.

Diante desta situación, propoñemos ao Pleno da Deputación da Coruña a adopción dos seguintes acordos:

1 que a Consellería de Educación da Xunta de Galicia abra vías de participación, colaboración e financiamento cos concellos co obxectivo de afondar na imprescindible colaboración institucional,

2 que a FEGAMP adopte unha posición activa e protagonista na defensa dos intereses das corporacións municipais.

Sr. Presidente

Hai outra moción, presentada neste caso polo Grupo Marea Atlántica, relacionada cos centros educativos, e con outra emenda do PP.

Sr. Lema Suárez

Dicir en primeiro lugar que non aceptamos a emenda do Partido Popular a esta moción porque non inclúe a cuestión de financiamento que entendemos que é clave

neste asunto. Hoxe estamos nun debate varias veces, nun debate sobre a cuestión da autonomía local, eu creo que hai dúas formas de combater a autonomía local, unha é privala de recursos económicos e de competencias, e outra atribuírlle competencias sen dotala de recursos económicos, as dúas son, desde logo, formas de combater ou de prexudicar a autonomía local.

Estamos falando neste caso dun protocolo remitido pola Consellería de Educación aos concellos o pasado 14 de xullo polo cal dalgunha maneira os concellos están obrigados a facerse cargo dos custos de mantemento, da limpeza, da actuación dos centros rurais agrupados, das antigas escolas unitarias e doutros centros educativos ao seu cargo, adaptalos ás esixencias novas da Covid, ou sexa, da epidemia. Son obrigados sen que existise ningún trámite de diálogo previo entre a Consellería e os concellos, e son tamén obrigados a elaborar un protocolo ad hoc para axustalos a estas novas necesidades derivadas da pandemia sen que polo medio medie tampouco ningún tipo de responsabilidade compartida entre a Xunta de Galicia ou de guía, ou digamos de recomendacións, senón que dalgunha maneira se deposita, se traslada directamente do Estado aos concellos a responsabilidade para que estes garantan as condicións de hixiene e saúde nos centros educativos, pero nada máis, non hai nin financiamento, nin tampouco hai o que tamén podería ser esperable un trámite de diálogo ou de asesoramento e axuda técnica.

É un xeito de obrar que, desde logo, non é en absoluto responsable, eu creo que non deixa en bo lugar a quen aproba este tipo de resolucións desde o punto de vista do diálogo, desde o punto de vista da tentativa de obrar co maior consenso posible, e tamén desde o punto de vista da asunción de responsabilidades, porque basicamente hai unha orde estatal que se traslada case directamente ao ámbito local, sen que no ámbito intermedio, no ámbito autonómico se establezan algún tipo de, xa non digo unicamente de financiamento, que é evidente que ten que haber a maiores gastos que se obriga a asumir aos concellos, tamén unha compensación económica, senón que tampouco se establece ningún tipo de asesoramento nesta materia, que é unha materia complexa, é unha materia difícil e unha materia que non todos os concellos, desde logo, saben como actuar.

Por todo o que acabamos de expoñer traemos a aprobación os seguintes acordos: que a Consellería de Educación da Xunta de Galicia abra vías de participación, colaboración e financiamento cos concellos co obxectivo de afondar na imprescindible colaboración institucional, e en segundo lugar, que a FEGAMP a que tal vez tamén botamos demasiadas veces de menos neste tipo de situacións, adopte unha posición activa e protagonista na defensa dos intereses das corporacións municipais Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Efectivamente, estamos para comezar o mes de agosto, queda moi pouco para que esteamos no inicio dun curso escolar e arrancar este curso é todo un reto, tanto no que é a seguridade do alumnado como tamén visto o que este remate de curso, ter claras as medidas para garantir a calidade educativa a todo o alumnado.

Evidentemente para arrancar o curso cunha planificación correcta é necesario

ter un protocolo, pero pedía onte o Sr. Feijó unha dose de realismo e que tiveramos claro que o curso tiña que arrancar. Como un pouco tamén hai que aprender do que xa sucedeu, xustamente o arranque dos centros de día tivo así as súas dificultades, e obrigou a tomar un cambio de dirección e ter que asumir certos servizos que en principio non estaban contemplados. Para que realmente o protocolo se poida aplicar, teña que ver coa realidade dos centros educativos e sexa garantista da seguridade, evidentemente ese protocolo debería de ser froito do diálogo e de ter en conta as diferentes visións daquelas persoas que desenvolven diferentes tarefas que implican o que é o desenvolvemento da educación, desde docentes, xestión de comedores escolares, transporte, sobre todo tendo en conta as particularidades que teñen o acceso á educación en Galicia, tendo en conta o tema da dispersión, etc.

Todas estas cuestións, evidentemente, van implicar un maior custo na prestación de certos servizos para poder garantir que estamos falando de seguridade, ben sexa no transporte escolar, deberíamos de estar falando das ratios nas aulas, o cal implica contratación de profesorado e evidentemente esa parte de limpeza, durante a xornada escolar, que tamén implica un gasto a maiores que para moitos concellos vai saír das súas arcas. Estamos falando de, efectivamente, das economías dos concellos, entendemos que o desenvolvemento da xornada escolar entra dentro do que é o mapa de actividade educativa, e non estamos falando en ningún momento da achega de ningún tipo de financiamento ao respecto. Neste sentido o noso posicionamento é a favor da moción presentada pola Marea.

Sr. Rodríguez Martínez

Bo día. Estamos evidentemente ante unha situación excepcional, que require tamén de esforzos excepcionais, neste caso por parte de todos os axentes e operadores no ámbito da educación. Neste caso concreto, no que atinxe á Xunta de Galicia, si que está a traballar para que o comezo deste vindeiro curso 20-21 poida levarse a cabo coa maior normalidade, pero tamén coa maior seguridade, intentando tamén garantir ese equilibrio entre o cumprimento das normas de distanciamento social e demais normas recomendadas desde o ámbito sanitario, pero tamén coa consecución dos obxectivos educativos.

Por iso non podemos apoiar esta moción, non tanto por estar en desacordo con parte do que nela se expón, senón porque pensamos que é algo que xa se está a facer e que, polo tanto, non é lóxico instar a traballar en algo que está agora mesmo a desenvolverse e ademais baixo criterios co máximo rigor sanitario e educativo.

O Goberno galego realizou nos últimos meses unha análise da situación de cara a este vindeiro curso, avaliando sobre todo o que é a realidade dos nosos centros educativos. Aquí hai que ter en conta, como xa se mencionou por algún dos outros compañeiros que me precederon no uso da palabra, que o caso de Galicia resulta diferente a doutras comunidades autónomas, que aquí hai que ter ben en conta a incidencia que ten nesta planificación tanto a dispersión poboacional e, polo tanto, tamén a evidente diferenza de matrícula entre centros rurais e centros urbanos.

Á vista desta análise a Xunta, a través das súas consellerías de Educación e de Sanidade presentou o protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 dos centros educativos non universitarios, con medidas de prevención de carácter laboral,

organizativo, formativo e pedagóxico. Este texto foi presentado e consensuado na Xunta autonómica de direccións de centro de ensino non universitario, e mantiveron desde o mes de marzo ata o día de hoxe en torno a dezasete reunións, polo tanto non podemos compartir esa apreciación de que é un texto que non foi previamente dialogado e consensuado.

Tamén se levou por dúas veces á mesa sectorial, se ben neste caso as organizacións sindicais rexeitaron en ambas as dúas ocasións nin sequera entrar a debater ese texto, co cal aquí recordamos o que mencionaba ao inicio da miña intervención, é dicir, situacións excepcionais requiren esforzos excepcionais, tamén no ámbito do diálogo.

En calquera caso este protocolo avaliado polas autoridades sanitarias autonómicas, e que como xa dixen se desenvolve en catro apartados, atende ás circunstancias concretas de cada centro para que conte cun equipo formado na Covid-19 cunha persoa coordinadora de referencia, e cun centro de saúde tamén de atención primaria de referencia, que terá un contacto continuo con cada centro educativo, contará ademais cun espazo de uso individual para illar ao alumnado que no seu caso poida presentar síntomas mentres se está a xestionar o seu traslado.

De igual xeito o protocolo obriga a realizar test serolóxicos de dobre banda a todo o persoal dos centros educativos sostidos con fondos públicos antes do inicio do curso, segundo o acordado tamén polas consellerías de Educación e Sanidade.

En canto ás principais medidas de distanciamento e hixiene, establécense as pautas para garantir a distancia interpersonal recomendadas pola Organización Mundial da Saúde para os centros educativos, que é un metro, para que o alumnado poida estar na aula sen máscara, sempre e cando evidentemente permanezan sentados en pupitres e coa mesma orientación. E mesmo no caso de que esas distancias non se puidesen cumprir, xa se contempla en virtude do tamaño das aulas, a posibilidade de retirar todo aquel mobiliario que non fora imprescindible para aumentar esa dimensión, e como última medida, se fora necesario, establecer o uso da máscara.

Fóra das aulas este uso da máscara si que será obrigatorio, tanto en corredores, recreo, entradas e saídas, bibliotecas, clases mesmo de educación física cando non se poida garantir a distancia dun metro e medio. No ámbito concreto de infantil e de primaria, onde por lóxica resulta máis complicado o uso desa máscara en toda a xornada, poderá optarse pola alternativa de conformar grupos de convivencia estable, nestes grupos poderá socializarse sen ter que manter esa distancia interpersonal, evitando a interacción, iso si, obviamente, con outros grupos.

Respecto da achega do material da hixiene necesario, a Consellería de Educación porá a disposición dos centros educativos todo o material de protección relativo ao persoal dos centros, e o resto do material irá ao cargo de cada centro con cargo aos gastos de funcionamento cos que anualmente conta.

Neste sentido, e tamén relacionado co que se mencionaba antes sobre a demanda da FEGAMP respecto dese incremento de gasto para os concellos, hai que ter en conta que tamén hai que estar pendente do que vai determinar o Estado sobre

o importe dos fondos a remitir, e cal será tamén o destino deses fondos. Polo de agora, do Estado o único que se sabe é o que dixo onte a ministra Celaá, que haberá curso si ou si, e que se mañá mesmo comezara o curso as aulas estarían abertas. Pensamos que ese tipo de manifestacións, que se poden compartir ou non, deben ir acompañadas doutro tipo de medidas que non se están, polo momento, a adoptar.

O protocolo tamén prevé cal será ou cal é o protocolo que se debe adoptar cando aparezan síntomas ou sospeitas dun caso, que esta persoa deberá illarse inmediatamente nese espazo separado de uso individual, evidentemente falamos de casos que se detecten nas aulas, casos que xa teñan síntomas ou que estean en illamento ou corentena previamente é obvio que non deben acudir ao centro educativo.

No que atinxe ás medidas do ámbito laboral, nestes casos tamén se establece no protocolo un proceso de reactivación por fases, que en todo caso se adaptaría a cada situación particular, e tamén con carácter xeral todas as persoas que realizan o seu traballo no centro deberán, e sempre que a súa situación clínica estea controlada e o permita, deberán, mantendo as medidas de protección, seguir prestando o seu labor.

Cada centro deberá contar cun plan de continxencia, nel estableceranse as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, e as medidas para facelo efectivo o ensino a distancia e o suposto de reactivación da actividade presencial.

Falouse aquí, e xa conclúo, respecto das ratios. Evidentemente, aquí hai que ter en conta que xa hai un anuncio e un compromiso por parte da Consellería de que, en caso de que fose necesario, realizaríase un desdoblamento, que será efectivo como en cursos anteriores, de non poderse cumprirse todas as directrices que establece o protocolo, e que se fará a contratación do profesorado que sexa necesario para dar resposta a ese incremento derivado desas situacións.

Evidentemente, haberá que esperar a situación concreta na que nos atopemos no mes de setembro, e tamén haberá que esperar ao proceso de matriculación do curso, a que remate o proceso de matriculación do curso 20-21 para poder determinar cales serán esas necesidades específicas, a maiores de que, dentro do que é o Programa Arco, poderán reforzarse tamén outro tipo de profesorado para a atención de necesidades especiais.

Neste sentido, insisto, a cuestión relativa á situación dos comedores, ben, situación excepcional, esforzo excepcional. Aquí a Xunta xestiona tres veces máis de comedores dos que xestionan conxuntamente ANPAS e concellos, as medidas que se están establecendo son as mesmas para todos e, evidentemente, en moitos casos haberá que buscar unha solución onde así exista, pero que tamén dependerá, e aquí o uno a esa reunión recentemente mantida hai apenas dous días entre Consellería e Presidente da Fegamp, na que a demanda da FEGAMP, a resposta que se lle dou foi a de comprensión por parte da Consellería, pero que en tanto o Estado non fixe, non determine cales serán eses fondos para facer fronte ao incremento de gastos derivado desta situación que estamos a padecer, e que entre todos temos que enfrontar, non poderá tampouco trasladarlle novas medidas, pero que en todo caso si que está garantida que en canto se teña esa comunicación por parte do Ministerio,

manterase unha nova reunión.

Polo tanto, remato como empecei, situación excepcional, esforzo excepcional por parte de todos. A Xunta está a facer o seu labor, está a prestar toda a colaboración necesaria para que desde o Ministerio tamén se poidan clarexar aquelas cuestións que sexan necesarias, e evidentemente si que se está a manter un diálogo co sector docente, non tanto así coas súas organizacións sindicais que, insisto, rexeitaron por dúas veces, penso que quizais non é o que require a situación actual, sentarse sequera a debater ese documento e, polo tanto, ese esforzo ten que ser por parte de todos e aí a Xunta vai estar, evidentemente, para poder tamén colaborar no esforzo que teñan que facer os demais operadores educativos. Máis nada e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, eu empezo como rematou vostede, unha situación excepcional e medidas excepcionais, o problema é que con isto de derivar competencias, son tantas excepcionalidades que eu xa non vivo en min, é dicir, vivo sen vivir en min, porque levamos tantos anos asumindo custos derivados que agora encontraron vostedes unha metáfora que é moi bonita, que é, situación excepcional, medidas excepcionais, claro pero a situación excepcional é que seguimos asumindo o mantemento e conservación de centros que non son nosos, limpeza de centros que non son nosos, e agora nunha cuestión que non é de limpeza, non é de servizo, é sanitaria, onde ten a competencia a Xunta de Galicia, pois agora os concellos, que reforcen, que limpen tres veces ao día, e se o poden asumir ben, senón o poden asumir, xa se buscarán a vida, recortando loxicamente doutras partidas e, polo tanto, empeorando a xestión dos servizos que prestan aos veciños e as veciñas, mentres a Xunta de Galicia aforra eses cartos.

A ver, temos un exemplo clarísimo con esta Deputación provincial, collemos parte dos remanentes, incluso parte, como dicía antes o presidente, de fondos que estaban dirixidos para outro tipo de investimentos, fixemos un Plan adicional e puxémolo á disposición dos concellos para que o 80% deses fondos que lles transferimos puideran ser utilizados para gasto corrente, por que non fai o mesmo a Xunta de Galicia a través do Fondo de cooperación? porque así aforra cartos, é moito máis fácil dicir que o fagan os concellos, que o paguen eles, e punto, e claro, xogan ademais con que o cen por cento dos alcaldes somos xente moi responsable e loxicamente non imos deixar os centros sen limpar. Quen é un irresponsable é quen xestiona unha consellería, elude as súas competencias e as descarga naqueles que non as temos, e ademais xa non é que nos cargue máis de traballo, senón cunha serie de gastos no que, se partimos todos da base de que estamos moi necesitados de fondos na administración municipal, pois veña, leña ao mono.

A iso me refería antes coa coherencia, defendemos unhas cousas cando se trata dunhas administracións, loxicamente cando non están gobernadas polo noso Partido, esa é a máxima, pero cando está gobernada polo noso Partido chamámoslle situación excepcional, que evidentemente hai unha situación excepcional neste país, e hai que adoptar medidas excepcionais, estou totalmente de acordo, pero terá que adoptalas a administración competente, porque senón eu no meu concello, partindo desa base, cando había que facer desinfeccións de zonas, ou de colectores de lixo ou

de zonas públicas, podería tamén ter dito, efectivamente, estamos nunha situación excepcional, hai que adoptar medidas excepcionais, que o veña desinfectar á Xunta, que é un pouco a solución que nos trasladan dende o Partido Popular e a que intúo despois de escoitar ao compañeiro que me precedeu no uso da palabra. Hai que ser un pouco máis serios, creo eu.

Dicía antes a voceira do Partido Popular en canto a esas axudas, esa modificación do PEL que sacamos, que chega tarde, penso que tarde ou cedo, o importante é chegar, desgraciadamente neste punto que hoxe nos ocupa desta moción a Xunta nin está nin se lles espera, xa non é que vaia vir máis tarde, é que non vai vir, xa dixo directamente que o paguen os concellos, como outras moitas medidas que se foron adoptando nos últimos tempos e, tamén fago unha crítica ao Goberno do Estado, que ao final todo acaba, xa o dixen antes, na irmá pobre, que é o municipalismo, como somos os únicos que aguantamos o que nos boten, todo o mundo vai derivando, derivando, e todo acaba na porta do concello, se ese é vostedes o concepto que teñen de defensa do municipalismo, vale, perfecto, eu pódollo aceptar, pero desde logo non o comparto en absoluto.

Polo tanto, nós imos votar favorablemente a esta moción, que ademais entronca co argumento que fun dando nas mocións precedentes en canto a utilización de remanentes e a todos eses ataques que levamos sufrindo o municipalismo desde moitos fronts, agora este é un deles, e é por parte da Xunta de Galicia. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Eu non ía intervir, pero antonte as ANPAS de Oleiros estiveron reunidas porque aos directores se lles anunciou que non van poder facer actividades extraescolares nos centros, van ter problemas cos comedores escolares, é un tema moi grave. Eu vou coller a frase de antes, a deus rogando e co mazo dando, eu creo que se nos ameaza aos municipios a cargarnos con algo que non temos que facer, as ANPAS se dirixiron a min dicindo "alcalde, queremos locais para facer as actividades extraescolares" nós temos locais a moreas, teño trece casas do pobo, pero non están no recinto do colexio, e desde o recinto do colexio á casa do pobo hai a tirada dun can en moitos casos, xa se fan moitas actividades á marxe de..., pero todo isto que agora está nos colexios resulta que agora se nos quere largar aos concellos, usando esa frase que se dixo, situación excepcional, se é unha situación excepcional, cada pau que aguante a súa vela, e se queren que os concellos colaborem, hai que colaborar indubidablemente, é unha situación que está aí, pero non cambiando de escenarios, senón tomando as medidas no escenario que sexa, e sabendo que ten que poñer cada un a súa parte que lle corresponde nese escenario. Non podemos, se nos vén unha carga aos concellos, que xa nos levantaremos, aquí si que vai levantarse todo deus porque non hai cartos nos concellos para paliar toda esta situación. Eu teño oito centros de EXB, oito edificios, vaia carga me largan a min, todo isto acontece nos demais concellos. Isto non imos toleralo, nós faremos a nosa guerra e resulta que teremos que saír todos ao campo a enfrontarnos, porque non pode dicirse isto é excepcional e aí lles vai, concellos, isto non pasa por aí.

Eu vou aprobar a moción, e creo que na Xunta de Galicia teñen que analizar, non cos sindicatos, os sindicatos están aí, indubidablemente, pero si cos alcaldes,

que somos os que imos pagar as consecuencias de todo isto e que non temos recursos para afrontar toda esta situación. Por tanto, eu digo, si pero que saibamos que imos librar unha batalla en condicións.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre centros educativos.

Os concellos veñen desenvolvendo, como función impropia, a limpeza dos centros educativos de educación primaria e das escolas do CRA, ademais do seu mantemento ordinario. Ben de forma directa ou mediante concesións, os concellos asumen uns custos moi importantes para as súas economías, poñendo a colaboración institucional como base da súa actuación en beneficio da cidadanía.

Os custos do servizo de limpeza dos centros educativos de primaria e das escolas do CRA vanse ver incrementados, necesariamente, diante da necesidade de adoptar medidas preventivas complementarias e unha maior frecuencia nas sesións de traballo. Os concellos somos conscientes e responsables diante desta nova normalidade, pero consideramos que temos o dereito a participar na toma de decisións que nos van afectar de forma tan importante.

Resulta, netes sentido, extremadamente preocupante que, diante do documento de “medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte ao COVID-19 para os centros educativos no curso 2020-2021”, trasladado polo Ministerio de Educación e Formación profesional o pasado 22 de xuño, a administración autonómica non se teña dirixido aos concellos diante das novas obrigas establecidas nese protocolo, como a de realizar a limpeza dos aseos dos centros un mínimo de tres veces no día. A Consellería de Educación da Xunta de Galicia non pode obviar que é a titular dos centros educativos e a responsable do seu funcionamento e que, aínda contando coa colaboración dos concellos no seu mantemento e limpeza, debe garantir que existan os recursos, medios e disponibilidade necesarios para realizala, e para isto é imprescindible falar coa administración local.

Máis preocupante aínda é que a Administración educativa de Galicia no seu “protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021”, do 14 de xullo, eluda definir criterios de aplicación xeral e estableza que “Cada centro disporá dun protocolo de limpeza e desinfección que responda ás súas características. O protocolo de limpeza formará parte do documento denominado “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021” e determinará as frecuencias e horas nas que se realizarán todas as tarefas”. Resulta, ademais, impresentable e falto de toda delicadeza que se complete

a anterior afirmación coa frase “o protocolo de limpeza é obrigatorio para todo o persoal de limpeza con independencia da súa dependencia orgánica, polo que será de aplicación non só ás empresas externas senón tamén ao persoal dos concellos que teñen a obriga de realizar o mantemento e conservación de conformidade coa normativa vixente.”. A falla de respecto institucional é tan obscena coma a falta de diálogo.

Por outra banda, mentres se establecen novas obrigas para os concellos con respecto a centros dependentes doutras administracións, trasládase xa aos directores dos centros educativos que no mes de setembro non vai ser posible utilizar as súas instalacións nos programas de conciliación que os concellos desenvolven, provocando un problema de difícil resolución a moitas familias, xa que un traslado das actividades a outras dependencias municipais implicaría, como mínimo, a imposibilidade de ofertar almorzos e comidas que resultan básicos nestes programas de conciliación.

Diante desta situación, propoñemos ao Pleno da Deputación da Coruña a adopción dos seguintes acordos:

1 que a Consellería de Educación da Xunta de Galicia abra vías de participación, colaboración e financiamento cos concellos co obxectivo de afondar na imprescindible colaboración institucional,

2 que a FEGAMP adopte unha posición activa e protagonista na defensa dos intereses das corporacións municipais.

5.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre comisións de Abanca

Desde comezos do mes de xullo estáanse a producir mobilización e queixas de clientes da entidade Abanca polo cobro realizado por parte desta entidade bancaria de comisións abusivas a cada un dos seus clientes.

O pasado Nadal, Abanca informaba por correo electrónico de que chegado o mes de xuño, e desde aí de xeito semestral, realizaría cargos sobre as contas correntes en forma de comisións de mantemento. A entidade escollía para cargar ditos custes o contrato máis básico do cliente coa entidade, e non outro tipo de produtos financeiros destinados a rentabilidade.

Non debe ser esquecido ademais, que estas comisións cóbranse nun momento de absoluta excepcionalidade social e económica, dado que é en plena pandemia da COVID-19 cando Abanca realiza os cobros. É este nun momento de caída xeralizada de salarios, aumento disparado de desemprego e cada maior poboación en situación de ERTE nos centros de traballo, o que só pode entenderse como unha carencia de ética e sensibilidade por parte do seu consello de administración.

A execución desta medida pode encadrarse no proceso de depauperación do mercado financeiro en Galicia. Así, Abanca é resultado da venda a prazo de saldo das caixas de aforro previamente rescatadas con diñeiro público. Un proceso totalmente opaco e no que a Xunta de Galicia investiu diñeiro público para o rescate de

entidades que foron vendidas a entidades financeiras estranxeiras sen recuperar o total do previamente pagado durante o proceso de rescate e fusión dunhas entidades que agora son fonte de enormes beneficios.

Abanca volve ser obxecto de protestas como xa fora o seu antecesor Novacaixagalicia pola fraude das preferentes, e, xa coa denominación actual, polo peche de oficinas en lugares onde polo tipo de poboación que reside nos mesmos o acceso á banca online é totalmente minoritario e os dereitos de acceso á información directa sobre os seus produtos bancarios vulnerados.

Por todo isto, o Grupo Provincial de Marea Atlántica propón ao pleno da Deputación da Coruña o seguinte ACORDO:

- 1.- Trasladar á entidade Abanca o rexeitamento por parte deste Pleno á aplicación de comisións e gastos por parte desta entidade sobre as contas correntes (comisión e gastos que roldan os 50 euros por semestre).
- 2.- Aposar o seu apoio ás mobilizacións de clientes e usuarios de Abanca nas súas protestas.
- 3.- Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e ao Parlamento de Galicia.

Sr. Presidente

Hai outra moción presentada polo Grupo Marea Atlántica relacionada coas comisións abusivas de Abanca.

Sr. Lema Suárez

Tratarei ser breve, creo que todos coñecemos a historia de como o que quedaba das bancas públicas en Galicia de Caixa Galicia e Caixanova acaba converténdose, cun inmenso custo para as arcas públicas nun banco privado que nestes días estamos a ver, polo que estamos vendo, coa peor das praxes, coas prácticas que basicamente son difíciles de non cualificar como usureiras, porque estamos falando de que a unha clientela cautiva que herdou das antigas caixas públicas galegas, están imputándolle uns gastos polo mantemento das súas contas correntes completamente abusivo, estamos falando de 50 euros cada semestre, ata un total de 100 en tal caso, e que está suscitando unha forte resposta social como era de prever.

Eu creo que, así resumido sería o contido da moción, pero creo que é necesario saber tamén un pouco como chegamos ata aquí, estamos falando dun dos enormes fracasos imputables á xestión do presidente da Xunta en persoa, que asumiu tamén unha responsabilidade persoal sobre esta cuestión, Alberto Núñez Feijóo, descoñecemos cales son os casos contrarios e tremendos éxitos, alén dos electorais, que sen dúbida son impresionantes, pero en canto ás cuestións de xestión a verdade é que ten un historial que non acaba de lucirse. E esta tal vez sexa unha daquelas cuestións máis perniciosas para o presente e para o futuro do país, porque non contar cunha entidade financeira pública, xa non falo só coas cuestións que teñen que ver coa obra social e co retorno que teña que ver, o retorno cara á sociedade por esta vía,

pola vía da obra social e dos programas de bolsas, dos programas culturais da antiga obra social de Caixa Galicia, e o resto de caixas galegas, senón tamén polo feito de que era un banco que non tiña unicamente, ou unha entidade financeira que non tiña unicamente entre os seus fins o da maximización do lucro a curto prazo, como sen dúbida é o caso de Abanca. Hai cuestións que acaban de acontecer no pasado inmediato da economía galega que están relacionadas con este feito, falamos por exemplo da venda da tecnolóxica R, da participación da tecnolóxica R, a que era propiedade de Caixa Galicia, despois de Abanca, a Euskaltel, ou tamén do que ten que ver co peche da antiga Isolux na Coruña, propiedade tamén ao cen por cento neste caso, de Abanca o solo no que estaba instalado e había unha razón hipotecaria.

Polo tanto, estamos vendo que Abanca non ten desde logo..., é un banco moi á antiga usanza, pouca aposta a longo prazo, aínda tratándose dun banco privado, pouca aposta tamén polo sector industrial e que, ademais, en prácticas coma estas recatorias sobre aquela clientela que herda, clientela cativa da antiga Caixa Galicia.

Por completar un pouquiño a historia deste fracaso monumental que foi o da fusión e a venda das antigas caixas galegas, hai que dicir que o FROB liberou aproximadamente uns 9.000 millóns de euros para o rescate e o saneamento destas dúas caixas que formaban a Nova Caixa Galicia, e que o seu prezo de venda final de 1.500 millóns de euros, foi practicamente igualado polos beneficios obtidos por Abanca no seu primeiro ano de exercicio que foron 1.300 millóns. Entón, estamos realmente ante unha operación que en si mesma eu creo que serve para deixar en evidencia toda unha xestión política e aqueles que a amparaban.

Por certo, hai moi poucas datas, por fin, acabásenos de dar coñecemento, de librar os informes que eran retidos, os informes que xustificaban esta fusión por parte da Xunta de Galicia no seu momento e que, inxustamente, ou mellor dito, ilegalmente, non eran informados, ou non se tramitaban, ou non se lle daba acceso aos grupos parlamentarios que o solicitaban.

Por rematar, finalmente os acordos que propoñemos ao Pleno son os seguintes: en primeiro lugar trasladar á entidade Abanca o rexeitamento por parte deste Pleno á aplicación de comisións e gastos por parte desta entidade sobre as contas correntes, comisións e gastos que roldan os 50 euros por semestre. En segundo lugar, amosar o seu apoio ás mobilizacións de clientes e usuarios de Abanca nas rúas nas súas protestas. Hai que dicir que hoxe mesmo, ás doce, aquí na Coruña, había unha manifestación de xente solicitándolle a Abanca a devolución das comisións abusivas. E en último lugar, dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e ao Parlamento. Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre comisións de Abanca

Desde comezos do mes de xullo estáanse a producir mobilización e queixas de clientes da entidade Abanca polo cobro realizado por parte desta entidade bancaria de comisións abusivas a cada un dos seus clientes.

O pasado nadal, Abanca informaba por correo electrónico de que chegado o mes de xuño, e desde aí de xeito semestral, realizaría cargos sobre as contas correntes en forma de comisións de mantemento. A entidade escollía para cargar ditos custes o contrato máis básico do cliente coa entidade, e non outro tipo de produtos financeiros destinados a rendabilidade.

Non debe ser esquecido ademais, que estas comisións cóbranse nun momento de absoluta excepcionalidade social e económica, dado que é en plena pandemia da COVID-19 cando Abanca realiza os cobros. É este nun momento de caída xeralizada de salarios, aumento disparado de desemprego e cada maior poboación en situación de ERTE nos centros de traballo, o que só pode entenderse como unha carencia de ética e sensibilidade por parte do seu consello de administración.

A execución desta medida pode encadrarse no proceso de depauperación do mercado financeiro en Galicia. Así, Abanca é resultado da venda a prazo de saldo das caixas de aforro previamente rescatadas con diñeiro público. Un proceso totalmente opaco e no que a Xunta de Galicia investiu diñeiro público para o rescate de entidades que foron vendidas a entidades financeiras estranxeiras sen recuperar o total do previamente pagado durante o proceso de rescate e fusión dunhas entidades que agora son fonte de enormes beneficios.

Abanca volve ser obxecto de protestas como xa fora o seu antecesor Novacaixagalicia pola fraude das preferentes, e, xa coa denominación actual, polo peche de oficinas en lugares onde polo tipo de poboación que reside nos mesmos o acceso á banca online é totalmente minoritario e os dereitos de acceso á información directa sobre os seus produtos bancarios vulnerados.

Por todo isto, o Grupo Provincial de Marea Atlántica propón ao pleno da Deputación da Coruña o seguinte ACORDO:

- 1.- Trasladar á entidade Abanca o rexeitamento por parte deste Pleno á aplicación de comisións e gastos por parte desta entidade sobre as contas correntes (comisión e gastos que roldan os 50 euros por semestre).
- 2.- Amosar o seu apoio ás mobilizacións de clientes e usuarios de Abanca nas súas protestas.
- 3.- Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e ao Parlamento de Galicia.

6.Moción que presentan os grupos provinciais PSdeG-PSOE e BNG para propoñer o inicio dos trámites para transferir á Comunidade Autónoma de

Galicia os centros educativos e asistenciais de menores

Na execución do Plan de acción aprobado pola Presidencia e do que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o pasado día 29 de maio de 2020, polo que respecta aos centros educativos Instituto Rafael Puga Ramón, Instituto-Residencia Calvo Sotelo e Conservatorio profesional de danza, así como tamén no tocante aos centros de menores Fogar Infantil Emilio Romay e Centro de Menores de Ferrol, preséntase perante o Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

PRIMEIRO.- Os centros de ensino secundario I.E.S PUGA RAMÓN e IES-RESIDENCIA CALVO SOTELO, foron creados pola Deputación da Coruña a mediados do século pasado nun contexto social, político e económico ben distinto ao actual. Tratábase naquel entón de dar unha oportunidade educativa e formativa a moitos mozos e mozas residentes en toda a provincia que, por mor da falla de institutos públicos preto do seu domicilio, non podían acceder á realización dos estudos de bachelato.

Neste ámbito educativo, xa con carácter complementario e coa finalidade de promover unha formación de calidade profesional nunha especialidade artística determinada, en 1990 creouse o CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA, centro especializado no ensino de danza clásica.

Pola súa banda, a encomenda ás deputacións de funcións benéfico-sociais, conlevou a creación e mantemento de centros asistenciais para o acollemento de menores, servizo público asumido tradicionalmente polas deputacións provinciais, perante a inexistencia de comunidades autónomas ata xa iniciado o derradeiro cuarto do século XX, tal e o caso do FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY e do CENTRO DE MENORES DE FERROL. Mesmo logo da creación e posta en funcionamento do Estado autonómico, a principios da década dos oitenta do pasado século, os centros xestionados polas deputacións provinciais coexistiron cos creados directamente polas comunidades autónomas e con outros que, aínda sendo de iniciativa e xestión privada, reciben un financiamento maioritario de carácter público, na modalidade de xestión concertada coa administración autonómica.

SEGUNDO. No contexto actual, xa no anterior mandato corporativo 2015-2019, desde a Presidencia amosouse a preocupación polos custos que lle estaban a xerar os centros educativos e asistenciais a esta Deputación, así como a falla de compensación dos mesmos por parte da Consellería de Educación, correspondendo á Comunidade autónoma de Galicia a competencia en materia educativa e de servizos asistenciais a prol dos menores. Por tal razón, segundo a proposta presentada conxuntamente pola Secretaría xeral, a Intervención e a Tesourería provincial, ditouse a resolución nº 2018/7215, pola que se acordou realizar unha análise operativa do funcionamento dos Centros provinciais, como un elemento de información para a xestión e coma un acto de execución do Plan de control financeiro do exercicio 2018.

TERCEIRO.- Logo de que a Intervención levase a cabo as actuacións necesarias, instruindo procedementos de control permanente na modalidade de auditorías operativas foron emitíndose os correspondentes informes relativos a cada un dos centros, dos que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria do pasado mes de febreiro, integrado no informe-resumo de actuacións de control interno que foi emitido polo órgano interventor, consonte ao previsto no artigo 37 do Real decreto 424/2017, de 27 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.

CUARTO.- Sen ánimo de reproducir nesta proposta as conclusións dos informes emitidos, que xa son coñecidos, sí se poden extraer dos mesmos as seguintes conclusións relevantes:

- **Primeira: a falta de competencia desta administración local para a xestión e mantemento de centros educativos ou asistenciais a prol de menores segundo o artigo 36 da ley 7/85, de bases de réxime local, correspondéndolle dita función á Comunidade autónoma de Galicia.** Por tal razón, os informes emitidos recomentan que se inicien os trámites para transferir todos os centros educativos e residenciais a prol daquela administración.
- **Segunda: o significativo custo destes centros para esta administración provincial e a escasa achega que se recibe da Comunidade autónoma para o seu financiamento.** No seguinte cadro detállase o custo de cada centro no exercicio 2018, e a achega recibida da Comunidade autónoma ou, no seu caso, o financiamento específico derivado do cobramento de prezos públicos pola prestación dos correspondentes servizos.

CENTRO	CUSTO TOTAL	ACHEGA DA CCAA GALICIA	INGRESOS PROPIOS
IES CALVO SOTELO	3.223.197,67	106.925,61	
RESIDENCIA CALVO SOTELO	862.175,32		35.393,67
IES PUGA RAMÓN	3.780.271,11	491.296,50	
FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY	3.338.851,83	236.908,83	
CENTRO DE MENORES DE FERROL	1.703.765,02	63.772,04	
ESCOLA PROFESIONAL DE DANZA	1.146.855,65		38.393,67

No contexto exposto, non cabe dúbida de que o mantemento e xestión dos centros educativos e asistenciais aos que nos estamos a referir, xéralle un significativo gasto a esta administración e que, tal como se expón no informe de control financeiro emitido, a compensación económica que se recibe da Comunidade autónoma resulta manifestamente escasa. **En consecuencia, a aplicación de recursos locais para cubrir o déficit destes servizos impropios, conleva que estes fondos están a ser detraídos do financiamento da execución das competencias propias, como é asegurar a prestación integral dos servizos mínimos municipais en todo o territorio provincial e as demais enumeradas no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases**

de Réxime local.

QUINTO.- Tomando en consideración os informes de control financeiro emitidos, a Presidencia elaborou un Plan de acción no que se dispoñen, entre outras medidas, iniciar os trámites necesarios para a transferencia destes centros educativos e asistenciais á Comunidade Autónoma de Galicia ou, alternativamente, solicitar a delegación da competencia coa achega do financiamento suficiente que cubra os custos totais determinados en cada exercicio no estudo de custes que se achega coa Conta xeral. De dito Plan de acción deuse conta ao Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o pasado 29 de maio de 2020.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO. Iniciar as xestións conducentes a transferir os centros educativos e asistenciais de titularidade actual desta Deputación á Comunidade Autónoma de Galicia, para que pase a depender orgánica e funcionalmente das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional, e de Asuntos Sociais, respectivamente.

SEGUNDO. Propórle ao Goberno da Comunidade Autónoma que mentres duren as negociacións para executar o acordo anterior formalice un novo convenio que garantice a transferencia de fondos necesarios para cubrir os custos totais de ditos centros, segundo foron determinados no estudo de custos que se achegou coa Conta xeral do exercicio 2019.

TERCEIRO. Facultar á Presidencia para a execución deste acordo, presentando os correspondentes escritos perante a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e a Consellería de Asuntos Sociais, respectivamente, achegando co mesmo unha copia do presente acordo, así como para manter as conversas necesarias para a execución dos presentes acordos.

Sr. Fernández Piñeiro

Un pouco na senda iniciada coas mocións anteriores e falando de asumir competencias impropias e os gastos derivados delas, agora imos falar do noso, neste caso a Deputación Provincial da Coruña, e esta moción vén motivada precisamente por iso que comentábamos, porque estamos a asumir neste caso os custos derivados do mantemento e a xestión de dous institutos de educación secundaria, dun Conservatorio Profesional de Danza e un Fogar infantil, Emilio Romay e un Centro de Menores en Ferrol, todos eles cuns custos para esta Deputación desorbitados, tratándose sobre todo, como digo, de competencias impropias que teñen que ser asumidas pola administración autonómica neste caso moitos deles, e no caso de institutos pola Consellería de Educación ou no caso dos outros pola Consellería de Benestar Social.

Estamos a falar de que o custo total do IES Calvo Sotelo está en 3.223.000 euros, cunha achega da Xunta de Galicia de 106.000, é dicir, a Deputación achega

máis de tres millóns de euros, fronte a cen mil euros que achega a Xunta de Galicia. A residencia Calvo Sotelo 862.000 euros que achega integramente a Deputación e aos que se suman 35.000 euros que acada polos ingresos propios desta xestión deste edificio. O IES Puga Ramón, cun custo total de 3.700.000 euros, dos que a Xunta achega 491.000; o Fogar Infantil Emilio Romay cun custo de 3.338.000 euros, dos que a Xunta achega 236.000 euros, o Centro de Menores de Ferrol cun custo de 1.700.000 euros, dos que a Xunta achega 63.000, e a Escola Profesional de Danza cun 1.146.000 euros, dos que a Xunta non achega nada. Estamos a falar de distintos servizos que a Deputación prestaba historicamente, no caso dos IES veñen dos anos 50 e a súa orixe está baseada na inexistencia naquel momento, ou no pouco número de institutos públicos que había naquel momento nesta provincia e para paliar precisamente a súa ausencia ou ese déficit. No caso do Emilio Romay no centro de maiores, eran inicialmente asumidas esas competencias polas deputacións, ata que no último cuarto do século XX aparecen as autonomías, pasando esas competencias a ser xestionadas directamente polas comunidades autónomas. Levamos, polo tanto, corenta anos, vamos preto de cincuenta, asumindo neste caso unha competencia impropia, os gastos derivados delas, uns gastos que como poden vostedes comprobar superan os dez millóns de euros, imaxínense o que serían estes dez millóns de euros postos a disposición dos municipios da provincia da Coruña, que é onde deberían de estar, nos petos dos concellos para que puideran investir naquilo que eles consideren oportuno e prestar mellores e de máis calidade servizos aos seus veciños e veciñas. Polo tanto, apelo á responsabilidade de todos os Grupos, apelo á aplicación dese argumento que fomos dando, sobre todo nas dúas mocións nas que se falaba da utilización dos remanentes da autonomía local, e de garantir aos concellos que dispoñan de fondos necesarios e de liquidez para poder asumir as súas competencias, que son propias delas, e mellorar a calidade de vida e o entorno dos seus veciños e veciñas.

Por tanto, con esa apelación solicito o voto a favor de todos os Grupos para esta moción, para que se inicien os trámites e poida ser a Xunta de Galicia, que é a que ten toda a competencia na materia, a que xestione todos estes centros, o que nos permitirá ademais de organizar mellor o que é o traballo da Deputación, porque así cada unha das administracións xestionará aquilo que é da súa competencia, pois tamén dispor de máis fondo para poñer, como digo, a disposición dos concellos de toda a provincia. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Moitas grazas, en canto ao tema da competencia, eu recoméndolle que lea a Lei 3/2011 de apoio á familia e a convivencia de Galicia, así como o Decreto 42/2000, que refunde a normativa reguladora en materia de familia, infancia e adolescencia.

Non imos entrar en competencias porque o que está claro é que este Goberno provincial o que non quere é ningunha competencia, eu creo que se queren quedar co Pazo de Mariñán, fan aí as súas reunións, tamén llo podemos transferir á Xunta, porque tamén ten competencias en patrimonio, e o coida, e o que sexa, e ao final, que desaparezan as deputacións, porque é o que o BNG, menos cando goberna, é o que di o BNG, imos estar aquí todo o mundo de acordo.

Eu creo que gobernaron o bipartito na Xunta, PSOE-BNG, non fixeron nada, a Deputación leva facéndose cargo desde os anos 90, desde o inicio, destes centros, e

tamén poderían telo pensado cando estaban gobernando. Que vai pasar co persoal?, non pode pasar a ser persoal docente da Xunta, botámoslo todos á rúa?, non sei como se articula iso, porque é unha cuestión importante que había que ver, porque aquí é moi fácil dicir transfírase, asúmase, pero despois á hora de concretar, haberá que ver como se fai. Nós, en todo caso, imos absternos.

Sra. Muíño Filgueira

En todo caso estamos falando de centros educativos, que indubidablemente é competencia da Xunta de Galicia, si clarificar que en todo momento de feito nos acordos fala de iniciar a xestión conducente a transferir os centros educativos e tamén o de propoñerlle ao Goberno da Comunidade Autónoma que mentres duren estas negociacións asuma os custos totais de ditos centros que é unha realidade bastante alonxada do que é actual, estamos falando dun custo de 14.055.116, cunha achega da Xunta de aínda non 900.000 euros, creo que son unhas cifras escandalosas.

En relación ao persoal, evidentemente, coa proposta que se recolle na moción en todo momento, e durante o proceso de negociación, a intención é deixar garantido tanto os postos de traballo como o que serían os seus dereitos laborais, iso si que o quería clarificar ante todo. Evidentemente, resulta rechamante como cando cae a pelota cara ao Goberno da Xunta, e estando gobernado polo Partido Popular, eses momentos excepcionais, esforzos excepcionais, xa non son collidos tan a gusto, que mellor maneira de facer que asumir a xestión daqueles centros que caen directamente nas súas competencias e que no caso do Fogar Infantil e o Centro de Menores e referencia a outros centros, cando menos asume esa competencia a través dun concerto.

Sr. Fernández Piñeiro

Dicía a Sra. Rosa Gallego, este Goberno non quere ningunha competencia, non sei de onde saca vostede iso, polo menos da miña exposición ou da actitude ou da xestión que se está a facer desde esta Administración por parte deste Goberno. O que non quere este Goberno é detraer fondos dos concellos para investilos naquilo que non é da súa competencia, que é moi distinto, non ten absolutamente nada que ver unha cousa coa outra, a Deputación ten unha serie de competencias, ten unha razón de ser, que é a de prestar apoio e auxilio aos concellos, sobre todo aos concellos máis pequenos, aos concellos do rural, para eliminar a brecha que existe e que había en ese momento entre o rural e o urbano, e para garantir que todos os cidadáns desta provincia, independentemente de onde residan, poidan desfrutar dos mesmos servizos. Esa é a razón de ser dunha Deputación, esa é a mellor forma de facer útil unha Deputación, e esa é a mellor forma, Sra. Gallego, de manter a pervivencia, ou de que pervivan as deputacións.

Precisamente a mellor forma de cargarse as deputacións, a mellor forma de que as deputacións non sexa entendidas pola cidadanía, ou que moita cidadanía sen coñecer como funciona diga que hai que eliminalas, é precisamente utilizándoas mal, ese é o maior ataque que se lle pode facer a unha Deputación. Polo tanto, o que nós queremos, e falo neste caso o meu Grupo, como voceiro do Partido Socialista, é reforzar a Deputación naquilo que é da súa competencia, e naquilo que ademais vai redundar moi positivamente nos cidadáns desta provincia, que é en poñer máis

fondos a disposición dos seus concellos para, como dicía antes, mellorar a calidade de vida, e o entorno de todos os seus veciños e veciñas. E dicir o contrario é xogar a un xogo no que eu non vou entrar, pero desde logo nin este Goberno quere eludir as súas competencias, nin as súas obrigas, nin moitísimo menos, o que quere é que aqueles que as teñan asuman as súas para que non teñamos que poñer os cartos nós.

Di vostede que queremos que desaparezan as deputacións, como dixen antes, no caso do meu Grupo, o no meu caso propio, xa que estou a falar eu, eu o que quero é que funcione ben mentres exista e, polo tanto, unha forma de facer que funcione ben, como digo é asumindo as que son as súas competencias e trasladándolle aqueles centros que non son competencia provincial a quen si a ten, que neste caso é a Xunta de Galicia.

Non sei se a vostede dez millóns de euros lle parece moito, parécelle pouco, ou se en vez de ser gastados no Calvo Sotelo ou no Puga Ramón lle chamáramos remanente, entón si que lle parecería ben que estiveran nas arcas municipais, pero como neste caso non é así, e lle estamos aforrando os cartos á Xunta, aí si que a Deputación ten que asumir a xestión dos centros e seguir asumindo ese custo que ten anualmente en algo que non é da súa competencia, e que non é que o diga eu, porque non sei se vostede se fixou na moción, que o primeiro que di é que hai un informe asinado polo secretario, pola intervención e polo tesoureiro, que apoia esta postura, non é unha cuestión que se nos ocorrese a nós antonte nin que viñera ou que sexa froito dun interese por descargar na Xunta algunha competencia que non é súa ou de aforrar cartos a base de non asumir as nosas. Está plenamente xustificado, ademais sabe vostede que hai un Plan de acción, aprobado polo presidente, que se deu conta, como ben pon na moción, no Pleno do 29 de maio e, polo tanto, o que estamos a facer é dar cumprimento a aquilo que aprobamos, aquilo que se nos recomenda por parte dos servizos técnicos e xurídicos desta administración e aquilo que ademais dita o sentido común, que é que unha Deputación provincial non pode asumir competencias en materia educativa e centros educativos, ou centros sociais ou sociosanitarios, porque non as ten, e iso correspóndelle á Xunta de Galicia.

Dicía vostede que a verdade é que eses catro anos de bipartito válelles a vostedes para xustificar, non sei, ata a morte de Manolete, porque a cousa é curiosa, "vostedes gobernaron no bipartito e non fixeron nada", eu soamente direille unhas palabras que penso que resumen o que se fixo, que se chamaba pacto local, pacto local para que a Xunta asumira naquel momento, que non asumía, a xestión e a limpeza dos centros sanitarios e os centros educativos que casualmente cando cambiou a Xunta de signo e desapareceu ese bipartito a Xunta do Partido Popular deixou no esquecemento ese pacto local do que estou a falar. Por tanto, non diga vostede que non se fixo nada, fíxose, pero desgraciadamente non se puido rematar porque houbo un cambio político e quen entrou naquel momento na Xunta de Galicia considerou, e así o leva considerando ao longo de todos estes anos, que non debía de abordarse esa cuestión. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Simplemente lea a normativa, non estamos falando unicamente de centros educativos, estamos falando de centros de menores e centros de día na normativa da

Xunta que xa lle dixen.

Reforzar a Deputación, máis fondos para os concellos, pero se imos ter que comprar a caixa forte como dicía o Sr. García Seoane, haberá que tela, setenta millóns de remanente, vinte de superávit e máis de douscentos no banco, para que o queren?

Sr. Fernández Piñeiro

Sinceramente, Rosa, sabes que te aprecio e te respecto moito, home, pero é que isto xa parece Fellini, é do máis surrealista que vin nos últimos tempos. Acabamos de aprobar dúas mocións, ou de absternos nelas, solicitando que nos permitan utilizar os remanentes, porque non se poden utilizar, e pasadas dúas mocións, que non é pasados nin dous días, nin dous meses, nin dous anos, nin dous lustros, pasadas dúas mocións, é dicir, escasamente corenta e cinco minutos, utilizamos os remanentes que ten a Deputación, que hai nada dicíamos que non se podían gastar, e esixíamos que nos permitiran gastar, para xustificar que non voten vostedes a favor desta moción e que a Deputación siga asumindo o custo derivado duns centros que non son da súa competencia utilizando uns remanentes que non podemos utilizar, isto recórdame aquilo da parte contratante da segunda parte dos irmáns Marx, que ao final acababa en nada, eu penso que temos que ser un pouco máis serios, senón queremos ser por nós, polo menos por aquela xente que nos ve e aos que estamos a representar, porque no mesmo Pleno dicir unha cousa e dicir a contraria e utilizar as dúas como argumento para defender a postura dun, penso que é pouco coherente como mínimo, e repito, e dígoo moitas veces, pero réstalle a vostede moita credibilidade, e cónstame que é vostede unha persoa moito máis hábil como para buscar argumentos seguramente de máis peso que non ese. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Algo persoal. Creo que o de Fellini xa saíu, eu creo que lle dixen que era como Paco Martínez Soria, ou unha cousa así, xa saíu noutro Pleno.

Non é que non se poidan utilizar os remanentes, o que estamos falando é que quérennos roubar o Estado, que se quere apropiarse. Pregúntelle ao Sr. Lage como se utilizan os remanentes, claro que se poden utilizar, e pódese facer un Plan económico financeiro se se incumpre a regra de gasto, pódense facer moitas cousas, fale un pouquiño máis co Sr. Lage e déixese de Fellini. Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi breve. Si que os utilizamos, Sra. Gallego, precisamente por iso aprobamos modificativos e aprobamos plans adicionais, porque utilizamos os remanentes, pero non os podemos utilizar todos, Sra. Gallego, e vostede xa o sabe. Da mesma maneira que non podemos utilizar douscentos millóns que están no banco porque senón aos seus alcaldes que están aí sentados quitaríámoslles os cartos do POS que teñen sen executar, non por culpa deles, senón sobre todo porque hai moitos problemas á hora de licitar as obras, o de moitas autorizacións sectoriais que se eternizan agardando por elas, non sei se quere vostede que lle quitemos aos concellos eses douscentos

millóns que hai, que son deles, porque xa foron aprobados nos distintos POS, pois non hai problema, trae vostede unha moción no seguinte Pleno e podémola debater abertamente, non sei os seus compañeiros de bancada que son alcaldes o que votarán, igual leva vostede unha sorpresa, pero ben, nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Simplemente, de todas maneiras matizar, creo que nosoutros trouxemos aquí a Pleno mocións e apoiámos mocións dos distintos Grupos, tamén do Partido Popular, reclamándolle ao Estado a derogación da lei e a posibilidade de utilización dos remanentes e superávits, pero de todas maneiras tampouco debemos de utilizar termos tan duros como que nos rouban, porque non é un roubo nin é unha chantaxe en calquera caso. Si que me gustaría que teñamos coidado con ese tipo de terminoloxía.

Pero respecto da moción si dicir unha cousa que é totalmente sorprendente porque esta moción que hoxe presentan o PSdeG e o BNG, que ten un contido económico clarísimo, que son trece, case catorce millóns de euros que cada ano desde hai moitísimas décadas se dedican a cuestións que son realmente esenciais como é a educación ou o coidado de menores, é unha moción que presenta no ano 2012 o Partido Popular neste Pleno, e que foi aprobada por todos os Grupos provinciais existentes naquela Corporación, pola única cuestión da responsabilidade que naquel caso mostraba o presidente da Corporación, que era Diego Calvo, dado que estaba a falar dunha porcentaxe dos recursos ordinarios desta Deputación altísimas cunha cuestión que se detraía claramente do financiamento dos propios concellos. É dicir, creo que é un pouco incomprendible, incomprendible e bastante *hooligan* o feito de que unha moción que se aproba por unanimidade, proposta polo Grupo Popular no ano 2012, que agora se vote en contra.

Pero ademais é unha cuestión moito máis importante, quería deixar claro porque probablemente descoñezades cada un de vós, que é máis importante incluso que os cartos, moito máis que os cartos, cando falamos dun tema tan sensible. O ano pasado, exactamente hai un ano, hai un ano en agosto, a deputada Ana Lamas chamoume un día pola tarde, un venres pola tarde, que o recordarei sempre, para darme a pésima nova de que morrera no Centro de Menores da Coruña un neno, non recordo a idade, non sei se eran tres anos..., seis meses, morrera. A colaboración coa Xunta foi absoluta, é dicir, as facilidades da Xunta foi totalmente esencial, pero o que dixemos unha vez afrontado o mal trago, e co magnífico traballo que fixo a directora, que estaba a pobre, entre que ter que dar a cara ante ese escenario para o que nunca estás preparado, loxicamente, e por outra parte a xestión do propio sinistro, atender a pobre nai, etc., despois dese mal trago, a reflexión nosa non era unha cuestión de cartos, loxicamente, a reflexión era, e compartida polo propio conselleiro naquel momento Rey Varela, naquel momento antes do sinistro, cando empezamos a falar da cesión dos centros, é que a Deputación fai un magnífico labor os seus profesionais, como dicía María, pero non ten unha estrutura, entre a deputada ou o presidente, e a directora do centro non hai estrutura, non temos servizos de inspección, subinspeccións, negociados, departamentos, non temos a capacidade nin o coñecemento para facer un bo labor alá máis alá da que se fai no propio Centro, porque é así de duro dicilo. Entón o que nosoutros reclamamos á Xunta de Galicia foi a cesión dos centros, xa non por unha cuestión económica, senón porque neses

centros, que son esenciais, porque a propia Xunta de Galicia está permanentemente solicitando que manteñamos os centros, se queremos prestar un servizo con garantías ten que ser a estrutura da Comunidade Autónoma, que é a propietaria de todos os centros públicos que hai en Galicia, salvo estes da Deputación, non ten sentido, é un anacronismo que pode un día darnos un auténtico desgusto como aquela vez ocorreu hai exactamente un ano, o nos ocorreu hai pouco cun menor que chegaba con Covid a un dos centros.

É dicir, fan un labor magnífico os centros, indubidable, teñen uns recursos da Deputación enormes, enormes, falamos de case catorce millóns de euros, pero en calquera caso o que pedimos xa non é tanto facer caso ao informe do interventor, que fai un labor fiscalizador e axustado ás competencias da Deputación, senón un labor de que a prestación do servizo se faga coas maiores garantías posibles cando falamos dun tema absolutamente sensible. Niso estamos de acordo, eu estou convencido que foi o que moveu a Diego Calvo cando intentou, e cónstame que o intentou, a xestión da cesión deses centros.

Soamente recordar unha cousa, Rosa, que tes un esquecemento importante. Falabas de por que non se fixo co bipartito, creo recordar que si que se fixeron cousas. Nesta casa había dous hospitais, o Hospital psiquiátrico de Conxo e o Hospital médico-cirúrxico provincial que asumía unha porcentaxe enorme, enorme desta casa. No bipartito chegouse a un acordo de cesión deses dous enormes consumidores de recursos públicos e foron cedidos con total normalidade, apoiado por todos os Grupos políticos, por certo, esa cesión.

O único que pedimos é, xa non tanto aforrar os cartos, que poderíamos chegar a acordos, incluso ofrecemos continuar nós durante anos, dez, doce anos, financiando eses centros, pero por favor que os xestione a Consellería que ten os coñecementos para facelo. Simplemente iso.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba a seguinte moción:

Moción que presentan os grupos provinciais PSdeG-PSOE e BNG para propoñer o inicio dos trámites para transferir á Comunidade Autónoma de Galicia os centros educativos e asistenciais de menores

Na execución do Plan de acción aprobado pola Presidencia e do que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o pasado día 29 de maio de 2020, polo que respecta aos centros educativos Instituto Rafael Puga Ramón, Instituto-

Residencia Calvo Sotelo e Conservatorio profesional de danza, así como tamén no tocante aos centros de menores Fogar Infantil Emilio Romay e Centro de Menores de Ferrol, preséntase perante o Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

PRIMEIRO.- Os centros de ensino secundario I.E.S PUGA RAMÓN e IES-RESIDENCIA CALVO SOTELO, foron creados pola Deputación da Coruña a mediados do século pasado nun contexto social, político e económico ben distinto ao actual. Tratábase naquel entón de dar unha oportunidade educativa e formativa a moitos mozos e mozas residentes en toda a provincia que, por mor da falla de institutos públicos preto do seu domicilio, non podían acceder á realización dos estudos de bacharelato.

Neste ámbito educativo, xa con carácter complementario e coa finalidade de promover unha formación de calidade profesional nunha especialidade artística determinada, en 1990 creouse o CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA, centro especializado no ensino de danza clásica.

Pola súa banda, a encomenda ás deputacións de funcións benéfico-sociais, conlevou a creación e mantemento de centros asistenciais para o acollemento de menores, servizo público asumido tradicionalmente polas deputacións provinciais, perante a inexistencia de comunidades autónomas ata xa iniciado o derradeiro cuarto do século XX, tal e o caso do FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY e do CENTRO DE MENORES DE FERROL. Mesmo logo da creación e posta en funcionamento do Estado autonómico, a principios da década dos oitenta do pasado século, os centros xestionados polas deputacións provinciais coexistiron cos creados directamente polas comunidades autónomas e con outros que, aínda sendo de iniciativa e xestión privada, reciben un financiamento maioritario de carácter público, na modalidade de xestión concertada coa administración autonómica.

SEGUNDO. No contexto actual, xa no anterior mandato corporativo 2015-2019, desde a Presidencia amosouse a preocupación polos custos que lle estaban a xerar os centros educativos e asistenciais a esta Deputación, así como a falla de compensación dos mesmos por parte da Consellería de Educación, correspondendo á Comunidade autónoma de Galicia a competencia en materia educativa e de servizos asistenciais a prol dos menores. Por tal razón, segundo a proposta presentada conxuntamente pola Secretaría xeral, a Intervención e a Tesourería provincial, ditouse a resolución nº 2018/7215, pola que se acordou realizar unha análise operativa do funcionamento dos Centros provinciais, como un elemento de información para a xestión e coma un acto de execución do Plan de control financeiro do exercicio 2018.

TERCEIRO.- Logo de que a Intervención levase a cabo as actuacións necesarias, instruíndo procedementos de control permanente na modalidade de auditorías operativas foron emitíndose os correspondentes informes relativos a cada un dos centros, dos que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria do pasado

mes de febreiro, integrado no informe-resumo de actuacións de control interno que foi emitido polo órgano interventor, consonte ao previsto no artigo 37 do Real decreto 424/2017, de 27 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.

CUARTO.- Sen ánimo de reproducir nesta proposta as conclusións dos informes emitidos, que xa son coñecidos, sí se poden extraer dos mesmos as seguintes conclusións relevantes:

- **Primeira: a falta de competencia desta administración local para a xestión e mantemento de centros educativos ou asistenciais a prol de menores segundo o artigo 36 da ley 7/85, de bases de réxime local, correspondéndolle dita función á Comunidade autónoma de Galicia.** Por tal razón, os informes emitidos recomentan que se inicien os trámites para transferir todos os centros educativos e residenciais a prol daquela administración.
- **Segunda: o significativo custo destes centros para esta administración provincial e a escasa achega que se recibe da Comunidade autónoma para o seu financiamento.** No seguinte cadro detállase o custo de cada centro no exercicio 2018, e a achega recibida da Comunidade autónoma ou, no seu caso, o financiamento específico derivado do cobramento de prezos públicos pola prestación dos correspondentes servizos.

CENTRO	CUSTO TOTAL	ACHEGA DA CCAA GALICIA	INGRESOS PROPIOS
IES CALVO SOTELO	3.223.197,67	106.925,61	
RESIDENCIA CALVO SOTELO	862.175,32		35.393,67
IES PUGA RAMÓN	3.780.271,11	491.296,50	
FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY	3.338.851,83	236.908,83	
CENTRO DE MENORES DE FERROL	1.703.765,02	63.772,04	
ESCOLA PROFESIONAL DE DANZA	1.146.855,65		38.393,67

No contexto exposto, non cabe dúbida de que o mantemento e xestión dos centros educativos e asistenciais aos que nos estamos a referir, xéralle un significativo gasto a esta administración e que, tal como se expón no informe de control financeiro emitido, a compensación económica que se recibe da Comunidade autónoma resulta manifestamente escasa. **En consecuencia, a aplicación de recursos locais para cubrir o déficit destes servizos impropios, conleva que estes fondos están a ser detraídos do financiamento da execución das competencias propias, como é asegurar a prestación integral dos servizos mínimos municipais en todo o territorio provincial e as demais enumeradas no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de Réxime local.**

QUINTO.- Tomando en consideración os informes de control financeiro emitidos, a Presidencia elaborou un Plan de acción no que se dispoñen, entre outras medidas,

iniciar os trámites necesarios para a transferencia destes centros educativos e asistenciais á Comunidade Autónoma de Galicia ou, alternativamente, solicitar a delegación da competencia coa achega do financiamento suficiente que cubra os custos totais determinados en cada exercicio no estudo de custes que se achega coa Conta xeral. De dito Plan de acción deuse conta ao Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o pasado 29 de maio de 2020.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO. Iniciar as xestións conducentes a transferir os centros educativos e asistenciais de titularidade actual desta Deputación á Comunidade Autónoma de Galicia, para que pase a depender orgánica e funcionalmente das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional, e de Asuntos Sociais, respectivamente.

SEGUNDO. Propórle ao Goberno da Comunidade Autónoma que mentres duren as negociacións para executar o acordo anterior formalice un novo convenio que garantice a transferencia de fondos necesarios para cubrir os custos totais de ditos centros, segundo foron determinados no estudo de custos que se achegou coa Conta xeral do exercicio 2019.

TERCEIRO. Facultar á Presidencia para a execución deste acordo, presentando os correspondentes escritos perante a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e a Consellería de Asuntos Sociais, respectivamente, achegando co mesmo unha copia do presente acordo, así como para manter as conversas necesarias para a execución dos presentes acordos

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente. Hoxe traemos un rogo referente á infraestrutura DP 7804, que transcorre entre Tordoia, Trazo e Santiago á Peregrina, é unha vía das chamadas estratéxicas, no sentido de que concentra gran circulación de vehículos e ultimamente cun agravante que é bastante a incidencia de tráfico pesado que existe na zona. A parte de Tordoia está acabada, en Trazo empezouse, queda bastante por facer, e falta toda a parte completa do Concello de Santiago na Peregrina.

Xa digo, esta é unha estrada que ten unha especial importancia, conecta moi cerca da variante a Aradas, co cal moita xente destes concellos para ir ao Polígono do Tambre transcorre por esta vía, igualmente para ir cara ao Val do Dubra, Santa Comba, etc, en consecuencia eu creo que esta debe ser unha das obras dos douscentos millóns dos que falamos tan a miúdo, que están comprometidos pero non se dan executado, supoño que algunha cuestión de xestión haberá tamén, non quero afeiar, pero si lle pido ao departamento do Sr. Pequeño que acelere porque é verdade

que neste sentido ten unha importancia, Gelo díu moitas veces que as vías provinciais hai que mantelas, neste caso é unha zona bastante poboada, e a súa vez tamén pediría que se reciba e se explique o antes posible o proxecto aos veciños da Peregrina, que teñen unha especial preocupación pola urbanización e as zonas de beirarrúas e seguridade viaria nesta zona, co cal pouco máis que dicir que gastemos algo deses douscentos millóns o antes posible nesta infraestrutura. Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

Simplemente contestar, pedida a información sobre a vía ao Departamento de Vías e Obras, primeiro adiantar que vai haber o día 3, promovido polo deputado da área ese encontro cos veciños e cos técnicos municipais afectados, para explicarlle os pormenores da obra e da propia execución, que é unha obra importantísima, efectivamente, como dis, Evaristo, que ten un orzamento de 913.000 euros, que supón pasar a unha vía de sete metros e medio cunha beiravía transitábel de dous metros nun lado e un metro noutro, total, dez metros de plataforma, e que o verdadeiro problema que ten esa vía é de autorizacións, é dicir, ten unha autorización de Patrimonio que sorprendentemente foi obtida en tempo récord, ou tramitada polo departamento de Patrimonio da Xunta de Galicia en tempo récord, pero Augas de Galicia levamos solicitado desde outubro de 2019 unha autorización para a cal nos pide unha modificación da documentación presentada en febreiro do ano 2020, foi presentada a documentación requirida en abril 2020 e estamos practicamente en agosto de 2020 e aínda non temos autorización, o cal tampouco é habitual. Somos lentos en Augas de Galicia, verdade Roberto?, pero non tanto, é un pouco anormal.

En canto iso estea, evidentemente é unha obra, coincido con Evaristo, totalmente estratéxica para a comarca.

Sr. Rodríguez Martínez

Este rogo ten que ver coa situación da DP 0512, e resumo moi brevemente. Hai apenas un mes tiñamos coñecemento pola prensa de que o Concello da Coruña e esta Deputación están a negociar a cesión das estradas provinciais do municipio, este cambio de titularidade suporía que o Concello pasaría a asumir a xestión e mantemento de oito vías que suman un total de 24,3 quilómetros, entre eles está esta DP 0512 que enlaza o núcleo coruñés de Feáns co arteixán de Uxes na parroquia de Morás. Nos barrios coruñeses de Feáns, Mesoiro Vello e Novo Mesoiro, viven ao redor de dez mil veciños que xa teñen demandado tamén do concello analizar e reparar a situación sobre todo de carencias e deficiencias que presenta esta DP 0512 e que compromete seriamente a súa mobilidade e a propia seguridade, concretamente no relativo á ausencia de beirarrúas, tendo en conta que ademais esta é unha estrada que dá acceso peonil a eses tres barrios. Polo tanto, simplemente, en tanto sexa este organismo provincial siga a ser o titular desta estrada, o que rogamos é que se inicien os trámites para ampliación e nos treitos que aínda faltan, construción das beirarrúas na estrada DP 0512 de acceso peonil aos mencionados barrios, e nomeadamente nos treitos da rotonda do Polígono de Pocomaco, estrada de Mesoiro,

e estrada de Feáns.

Ese é o contido do rogo e tamén, sendo a última intervención antes do período estival, permíteme tamén desexarlle a todos os compañeiros e membros da Corporación que se teñen a oportunidade de ter algún rato de descanso que o disfruten, que o valoren, como dicía Shakespeare, se todo o ano fose festa divertirse sería máis aburrido que traballar, así que se tedes esa oportunidade, valorádeo e disfrutade do descanso que ben merecido probablemente o teñades. Moitas grazas e máis nada.

Sr. Presidente

Respecto dese rogo que fas, Roberto, dicirche que, efectivamente, esa vía que son 12,3 quilómetros, dos cales discorre en 6,3 quilómetros polo Concello da Coruña e 6 polo Concello de Arteixo, segundo me informan do departamento de Vías e Obras, efectivamente, durante unha moi boa parte do percorrido está dotado de beirarrúas, despois ten unha parte do percorrido, que Carlos coñecerá ben, que está moi afectada pola proximidade das vivendas, e despois ten dous pasos actualmente vinculados ao trazado ferroviario. Neses pasos, evidentemente, si hai unhas beirarrúas, pero son parece ser que medio ridículas, por cualificalas dalgunha maneira, as que se podían facer polo ancho da vía.

É certo que se está en conversas co Concello da Coruña para a cesión desa vía, pero en calquera caso en paralelo o departamento de Vías e Obras está preparando un proxecto de mellora de seguridade que implicará probablemente ao fincado, non si o que significa, pero fincado é o que di sempre Cachafeiro, dun novo espazo baixo a vía e que permita ter un maior ancho de vía e un maior ancho de beirarrúas.

Moitas grazas, e sumándome ao chamamento de Roberto, que poidamos disfrutar dalgunha maneira...

Sr. González Cacheiro

Antes da despedida, porque claro, se non nos vemos ata setembro, era unha pregunta se me permitides, ao deputado de Vías e Obras, porque aquí falamos de municipalismo, dixemos que tiñamos diñeiro pero mañá é un de agosto, e a miña pregunta é, se ma pode aclarar, é como se atopa a situación do Plan de desbroces, e que prioridades se establecen, e onde se desbroza e non se desbroza, sabendo que mañá é un de agosto. Un pouquiño aclarar a situación porque hai algúns concellos da provincia, eu sei que atender a todo ao mellor é imposible, a herba este ano medrou moito, pero se nós desde os concellos podémolo facer, entendemos que esta administración ten que ter os fondos e as posibilidades de facelo. En varios concellos existen esas limitacións que agora mesmo non se pasou nin o primeiro, nin o segundo, nin o terceiro desbroce, polo menos así me consta. Entón, quería que me puidesen facer unha aclaración sobre este tema se pode ser.

E desculpade por interromper agora pero é que claro, vén o mes de agosto e temos o problema que temos nos concellos.

Sr. Pequeño Castro

Agradézoche que me deas esa información, o asunto é que vou mirar e falar cos técnicos a ver que está pasando realmente, porque é verdade que tiña que pasar varias veces ao ano a limpeza das cunetas.

Sr. Presidente

Aclároche eu, non debemos esquecer que neste país durante o estado de alarma houbo unha suspensión da contratación pública, da situación pública. O traballo que fixo o departamento de Contratación con Luis Jaime ao fronte, foi espectacular para poder lograr que agora mesmo, efectivamente, hai ese atraso nos desbroces, pero non nas estradas só da Deputación, en todas as estradas públicas, as de Fomento dan asco, e as da Xunta, non che digo, exactamente igual de asco que as da Deputación, igual, porque tiveron o mesmo problema, que é a suspensión da licitación pública neste país. É certo o que dis pero a motivación non é outra que a suspensión da licitación pública neste país. Agora mesmo está todo adxudicado en distintos lotes, con esixencia de medios que garantan loxicamente o maior desbroce no período máis rápido posible, e polo tanto é certo o que dis, pero non había outra maneira de facelo.

Sr. González Cacheiro

A miña pregunta é agora para o alcalde das Pontes. Alcalde das Pontes, ten desbrozadas as súas estradas municipais?

Sr. presidente

Con tractores propios, pero escoita, tampouco as teño, por desgraza gustaríame telas todas perfectas, pero mentiría se o dixera, agora mesmo debemos andar por un 30% porque ademais por desgraza temos dous e agora mesmo estamos cambiándolle a bomba a un, co cal está parado, temos un só en marcha, e damos feito o que damos feito.

Sr. González Cacheiro

Pero contestou que si, contestou que a maioría que si?

Sr. presidente

Que va, que va, nese sentido non son ningún exemplo.

Sr. González Cacheiro

Nosoutros máis ou menos si.

Sr. Presidente

Volvendo ao final de antes de Roberto, no seu nome e no do resto, que pasades unhas boas vacacións todos e todas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:38 horas.